



GRAO EN SOCIOLOXÍA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

CURSO ACADÉMICO: 2018-2019

CONVOCATORIA: FEBREIRO 2019

**ARDE O MONTE. UNHA APROXIMACIÓN AO ESTUDO DOS
INCENDIOS FORESTAIS**

ARDE EL MONTE. UNA APROXIMACIÓN AL ESTUDIO DE LOS
INCENDIOS FORESTALES

THE MOUNT BURNS. AN APPROXIMATION TO THE STUDY OF
FOREST FIRES

AUTOR: DAVID PÉREZ RODRÍGUEZ

TITOR: SANTIAGO MÍGUEZ GONZÁLEZ

RESUMO

Esta investigación trata de estudar os incendios forestais en Galicia mediante unha análise cualitativa dos testemuños de distintos traballadores do sector. Estes relatos posibilitáronnos coñecer as perspectivas e experiencias dos técnicos, axentes e xefes de brigada do Distrito XV da Limia sobre aspectos relacionados cos lumes: as causas que os provocan dende puntos de vista físicos, climatolóxicos e estruturais, os problemas que xeran divididos en sociais, ambientais e económicos, e, as políticas públicas que intentan controlalos e reducilos, reflexionando sobre a eficacia e eficiencia que están tendo actualmente. Con isto, a intención última deste estudo é proporcionar unha serie de melloras de cara á lexislación que saia nun futuro e que trate de reducir ao mínimo as incidencias que provocan os incendios no territorio galego.

PALABRAS CHAVE: incendio forestal, abandono do rural, eucalipto, cultura do lume

RESUMEN

Esta investigación trata de estudar los incendios forestales en Galicia mediante un análisis cualitativo de los testimonios de distintos trabajadores del sector. Estos relatos nos posibilitaron conocer las perspectivas y experiencias de los técnicos, agentes y jefes de brigada del Distrito XV de la Limia sobre aspectos relacionados con los fuegos: las causas que los provocan desde puntos de vista físicos, climatológicos y estructurales, los problemas que generan divididos en sociales, ambientales y económicos, y, las políticas públicas que intentan controlarlos y reducirlos, reflexionando sobre la eficacia y eficiencia que están teniendo actualmente. Con esto, la intención última de este estudio es proporcionar una serie de mejoras de cara a la legislación que salga en uno futuro y que trate de reducir al mínimo los incidentes que provocan los incendios en el territorio gallego.

PALABRAS CLAVE: incendio forestal, abandono del rural, eucalipto, cultura del fuego

ABSTRACT

This research focuses on forest fires in Galicia through a qualitative analysis of the testimonies of different workers in the sector. These stories enabled us to learn about the perspectives and experiences of the technicians, agents and brigade chiefs of the XV district of La Limia on aspects related to fires: the causes that provoke them from physical, climatological and structural viewpoints, the problems that they generate divided in social, environmental and economic, and, the public policies that try to control and reduce them, reflecting on the effectiveness and efficiency that they are currently having. With this, the ultimate intention of this study is to provide a series of improvements in legislation that comes out in the future and that tries to minimize the incidents that cause fires in the Galician territory.

KEYWORDS: forest fire, rural abandonment, eucalyptus, fire culture

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	1
2.	OBXECTIVOS	4
3.	MARCO TEÓRICO.....	7
3.1	INTRODUCCIÓN	7
3.2	O MONTE GALEGO E OS INCENDIOS FORESTAIS.....	7
3.3	INCENDIOS FORESTAIS E EUCALIPTO EN GALICIA.....	9
3.4	FACTORES ESTRUTURAIS QUE PROPICIAN OS INCENDIOS	11
3.5	CLASIFICACIÓN DAS CAUSAS QUE PROVOCAN OS INCENDIOS FORESTAIS POR DISTINTOS AUTORES	13
3.6	A INDUSTRIA MADEIREIRA E OS INCENDIOS.....	14
3.7	SOBRE OS PROBLEMAS QUE XERAN	16
4.	METODOLOXÍA	19
4.1	MOSTRA	19
4.2	ELEMENTOS PARA A ANÁLISE	20
4.3	GUIÓN DE ENTREVISTA E FICHA TÉCNICA.....	21
4.4	PROCEDEMENTO PARA O TRABALLO DE CAMPO	25
5.	ANÁLISE DE RESULTADOS.....	26
5.1	DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS (DCP).....	30
5.2	CAUSAS, FACTORES E CONDICIÓNS (CFC).....	34
5.3	PROBLEMAS QUE XERAN E ACTUACIÓNS (PXA).....	48
5.4	POLÍTICA FORESTAL E MELLORAS (PFM).....	53
6.	CONCLUSIÓNS	64
7.	TOMA DE DECISIÓNS, FORTALEZAS E DEBILIDADES	67
8.	FUTURAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN	69
9.	BIBLIOGRAFÍA.....	70
10.	ANEXOS.....	72


1. INTRODUCCIÓN

Os incendios forestais en Galicia parecen estar normalizados coma se dunha característica máis do territorio e da cultura popular se tratase. Estas catástrofes naturais afectan moi negativamente á sociedade. En primeiro lugar, o factor social: a poboación afectada polos incendios forestais ve arder as súas leiras, os seus animais e mesmo as súas casas, afectando isto moi negativamente á saúde e á felicidade do individuo. En segundo lugar, os ecosistemas, a fauna que os habitan, a deforestación de zonas fértiles e a contaminación ambiental son problemas ecolóxicos de enorme gravidade. En terceiro lugar, os incendios xeran perdas económicas para a administración e os habitantes das zonas afectadas. Por todos estes motivos preséntase coma urxente estudar esta problemática para xerar solucións que axuden a paliar os efectos deste fenómeno chamado incendios forestais.

A intención desta investigación é levar a cabo un traballo explicativo que trate de enunciar (1) os principais motivos dos incendios forestais, (2) os problemas que estes xeran e (3) enunciar as medidas máis efectivas para mellorar a situación actual.

Será necesario un acercamento á realidade a estudar, tanto mediante o contacto con profesionais do sector forestal, como indagando información sobre o tema que permita falar sobre os incendios con certa capacidade técnica. O deseño do traballo de campo comezouse acoutando unha zona determinada da xeografía galega, concretamente a comarca da Limia na provincia de Ourense. Este tema ten unha gran relevancia nesta provincia, na que segundo o EGIF (Estadísticas Oficiais de Incendios Forestais) é a provincia con máis hectáreas queimadas por incendios entre 2001 e 2014, cun total de 162.961 ha. Dentro da provincia de Ourense decidín centrarme na área do concello de Xinzo de Limia, pola facilidade no acceso á persoal especializado no sector forestal.

Ilustración 1: Mapa de incendios 2001-2015



Fonte: Fundación Cidadana Civio (2015)

Incendios entre 2001 e 2015 (lumes de 1 Ha ou máis)
24.583 incendios
366.690 Ha queimadas
8 mortos
67 feridos
Lume intencionado
Lume por accidente ou negligencia
Lume por raio
Incendio producido
Lume por causa descoñecida
O tamaño dos puntos corresponde co tamaño real da superficie queimada

Na imaxe anterior pode observarse o mapa de incendios forestais que superaron a hectárea en canto á superficie total que ardeu, sucedidos no territorio galego entre 2001 e 2015, así como as causas que os provocaron e un recuento estatístico dalgúns dos danos provocados. Estes foron os lumes cunha magnitude grave, xa que son os que se consideran conceptualmente coma incendios forestais, algo que se explica mellor no marco teórico desta investigación. Obsérvase como a área obxecto de estudo, aproximadamente seleccionada no recadro visible no mapa, é obxecto de actividade incendiaria, así como todas as zonas xeográficas que a rodean. Non se trata da zona cunha maior afectación do problema en Galicia, pero si un dos puntos onde todos os municipios da rexión sufriron varios focos de incendio durante este período de tempo.

Táboa I: Distribución dos usos do solo en Galicia

DISTRIBUCIÓN DOS USOS DO SOLO EN GALICIA		
Uso do solo	Superficie (ha)	%
Forestal	2.030.681,03	68,66%
Agrícola	822.626,86	27,82%
Elementos artificiais	81.520,59	2,76%
Auga	20.307,41	0,69%
Humidal	2.311,58	0,08%
Total	2.957.447,47	100%

Fonte: Concellería do Medio Rural, PLADIGA (2018)

O feito de posuír unha zona forestal tan extensa como a de Galicia (como se pode ver na *Táboa I*, case un 70% do total), fai necesario legislar os usos do chan, a prevención na súa protección e as accións a levar a cabo para que o territorio estea protexido de forma sustentable e responsable. Esta necesidade é maior se se ten en conta que con estes terreos forestais, segundo García Docampo (2003), hai integrados 315 municipios con 31.550 núcleos de poboación, estando o 90% destes habitados por menos de 500 habitantes. Para que se poidan atender todas estas necesidades fai falta coñecer unha serie de elementos, os cales son algúns dos aspectos que pretende chegar a distinguir en profundidade esta investigación. En primeiro lugar, coñecer cales son as ferramentas que existen nas vías oficiais que tratan de paliar o problema (lei de montes, lei de prevención de incendios forestais, lei de protección civil, plans de actuación, etc.) para que todas as ideas e propostas que se realicen encaixen no marco xurídico existente. En segundo lugar, é necesario coñecer os principais causantes do problema social (eucalipto e outras especies pirófitas, especulación urbanística, falta de prevención e efectivos, incendiarios e pirómanos, falta de coordinación, cambio climático, despoboamento rural, réxime de propiedade, etc.).

Non soamente se trata de coñecer e numerar cales son os distintos motivos que poden ser causantes do problema, se non que a intención é atopar unha explicación causal que poida reflexar dalgunha forma cal é o motivo ou motivos sociolóxicos e estruturais polos que os incendios forestais se producen e reproducen con tanta facilidade no territorio.

Tamén é importante coñecer cales son os problemas específicos que xeran os incendios forestais. Os tres grandes eixos nos que se atopan as problemáticas dos lumes son o ambiental, o económico e o social, factores que repercuten directamente no desenvolvemento dun país. As perdas máis grandes, tanto a curto como a longo prazo, son as ambientais. Por un lado na fauna os resultados son a morte, destrución de hábitats e rotura das cadeas tróficas; e en canto aos efectos sobre os terreos, está claro que depende profundamente do espazo ao que afecten, pero sempre hai un factor común que afecta á perda de calidade e fertilidade do chan, ademais de provocar desastres naturais de gran magnitude. Unha vez que se inicia un incendio e se descontrola por completo, o aire queda cargado de fume e cinza que son prexudiciais para o desenvolvemento de calquera vida que dependa do osíxeno. Ou sexa, desta forma afecta negativamente á saúde de animais, especies arbóreas, persoal de labores de prevención e extinción, habitantes das zonas afectadas e arredores, etc., problemas que se acentúan pola profunda seca e as adversidades climáticas que poidan xurdir, por exemplo, o vento.

En canto ás consecuencias económicas, o balance é negativo para as persoas que perden unha casa, unha leira, infraestruturas, cultivos, etc. e para a administración que terá que investir cuantiosas cantidades de diñeiro para tratar de dar arranxo aos resultados dos incendios (Carballas, Martín e Díaz, 2009).

Outro gran problema que agrava aínda máis os incendios forestais é o cambio climático. Alberto Martí e Dominic Royé (2017), xeógrafos da Universidade de Santiago, realizaron un estudo acerca dos efectos do cambio climático en Galicia. En resumo, o que concluíron foi que os veráns cada vez alórganse máis en Galicia, dando como consecuencia aumentos das temperaturas que provocan outonos máis cálidos e unha seca devastadora. Antes de que a comunidade galega estivese azoutada polo cambio climático xa existía a problemática dos incendios, pero a situación fai empeorar aínda máis os problemas que xeran e favorece o traballo dos pirómanos, incendiarios e negligentes.

En resumo, unha mala política forestal, unha falta do control dos plans de ocupación do chan, os cambios producidos na estrutura e distribución das poboacións e a posibilidade de gañar ou aforrar cartos de forma sinxela, son o caldo de cultivo perfecto para que se produzan estes desastres naturais. Esta investigación tratará de establecer medidas ou arranxos que traten de mellorar a situación actual en canto ao problema dos lumes e as causas que os provocan.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo principal desta investigación é, mediante a realización dunha análise cualitativo de entrevistas semiestruturadas, axudar a reducir os danos ambientais, económicos e sociais provocados polos incendios forestais no conxunto do territorio galego, tomando como referencia o municipio limiao de Xinzo situado na provincia de Ourense. Así mesmo, tratarase de reflexionar sobre os motivos estruturais que provocan a proliferación dos lumes nos montes galegos e a responsabilidade administrativa, industrial e da propia cidadanía na loita contra o descenso destas catástrofes naturais. Este obxectivo xeral conleva a cumprir unha serie de obxectivos específicos:

1. Coñecer a visión e experiencias sobre as características dos incendios forestais en Galicia por parte de distintos traballadores do sector forestal implicados directamente en labores de prevención e extinción e coñecedores da realidade social que traballan.
2. Explicar as principais causas que ocasionan e provocan os incendios forestais, tanto de forma específica, coma aqueles factores estruturais que están ligados a circunstancias sociais e tamén os afectan.
3. Analizar os principais problemas que xeran os incendios forestais, tendo en conta que se distribúen en tres tipos principais: ambientais, sociais e económicos.
4. Reflexionar sobre a efectividade e a eficiencia das principais políticas públicas que actualmente tratan de loitar contra o problema dos lumes forestais en Galicia.
5. Propoñer unha serie de medidas e arranxos para afrontar con maior efectividade a problemática dos incendios, tratando de que estas teñan un carácter preventivo tanto a curto como a longo prazo.

Chegouse a conclusión de que estes deben ser os obxectivos que competan a esta investigación polos seguintes motivos: Principalmente, a lectura de distintos libros e investigacións, entre eles “Os Incendios Forestais en Galicia” coordinado por Díaz-Fierros & Baamonde (2006). Este libro relata o contido dunhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura Galega no ano 2005, onde se trataba de reflexionar sobre distintos aspectos dos incendios forestais, tales como a orixe e historia do fenómeno, efectos, causas, políticas na loita contra os lumes e as posibles solucións ao problema no territorio galego. Nestas xornadas realizáronse relatorios expoñendo estes temas e debates de mesa redonda onde se discutía e reflexionaba sobre eles, e o libro citado recolle de forma concisa cada unha das visións aportadas polos participantes nestas xornadas.

Outra das investigacións que tiveron influencia na redacción destes obxectivos foron o “Estudio de la causalidad de los incendios forestales en Galicia” de Barreal, Loureiro & Picos (2012) onde se estudou a relevancia dos factores económicos, sociais e ambientais na existencia de incendios forestais en Galicia. Ademais, a investigación citada perseguía o obxectivo de deseñar unha serie de políticas públicas preventivas referidas a un mellor aproveitamento dos usos do solo que reduza o número de

incendios, algo que non se asemella totalmente a intención desta investigación, pero que garda certa relación metodolóxica. En “Impacto Social de los Grandes Incendios” de Rábade & Aragoneses (2004) ponse de manifesto a magnitude dos problemas que xeran os incendios forestais, expoñéndose unha serie de cifras referidas ao número de incendios no territorio español e as perdas que provocan tanto en termos económicos, sociais e ambientais. Mostran distintos enfoques dados nos medios de comunicación ao tema sobre os problemas concretos que provocan os incendios: rúas cortadas, destrución de fogares, evacuacións, persoas feridas e no peor dos casos, a perda de vidas humanas.

Por outra banda, tamén se tiveron en conta as distintas opinións dos poñentes nas xornadas sobre a eucaliptización de Galicia, realizadas no mes de marzo de 2018 na facultade de bioloxía da Universidade de Santiago. Foron organizadas pola asociación Bota e Bata e tiven a sorte de poder asistir e nutrirme de distintas visións de expertos en edafoloxía e química agrícola, xeografía, ecoloxía, enxeñería forestal, xeoloxía, etc., Estas xornadas contaban coa asistencia e participación de persoas como o Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, representantes de distintos grupos de investigación como ECOEVO, organizacións como ADEGA e membros do Sindicato Labrego Galego. Tratáronse temas como o impacto territorial do eucalipto e os motivos polos cales os propietarios o escollen para as súas plantacións, creándose desta forma un debate a redor de distintas visións, tanto a favor, coma en contra ou adoptando posicións intermedias. O obxectivo desta investigación non é condenar ao eucalipto como o causante principal dos incendios forestais, pero si se pretende sinalar o descontrol existente ao redor desta especie e as consecuencias que trae consigo a expansión descontrolada da mesma.

Por último, esta investigación e obxectivos tamén estarán sustentados polo aprendido durante a realización das prácticas curriculares e tamén extracurriculares entre o 29 de xaneiro e o 28 de setembro de 2018 na empresa DELOGA, onde tiven a posibilidade de traballar na “Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia”, un proxecto a nivel autonómico coordinado e promovido pola Xunta, máis concretamente polo IET (Instituto de Estudos do Territorio) pertencente á Consellería de Medio Ambiente. Este proxecto está totalmente vinculado ao medio ambiente galego, e tiven a sorte de participar dende o seu comezo ata o final, chegando a estar en contacto con persoas con amplos coñecementos sobre o medio rural galego. Entre outras cousas, a empresa encargábase de coordinar a participación pública da cidadanía e de distintas entidades do territorio galego. Durante o mes de xullo realizáronse encontros de carácter sectorial con entidades e empresas a nivel galego, e un dos sectores aos que se lles dedicou un encontro foi o forestal. O meu papel consistiu en xestionar e coordinar un world-café recollendo unha serie de opinións e información que me axudaron a coñecer máis en profundidade a situación do sector forestal. Entre as entidades asistentes ao encontro atopábanse o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes Galicia, o de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia e o de Enxeñeiros Agrónomos, a Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, Asociación Forestal de Galicia, Asociación de empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo, Escola Politécnica Superior de Lugo e algúns representantes de empresas do sector como FINSA, Biomasa Forestal SL, Enxeñería Forestal ASESOR SL. Tamén participaron representantes de facultades das Universidades galegas e membros de equipos de

investigación moi relacionados co sector forestal, como IBADER, IDEGA e LaboraTe. Nestes encontros conseguiuase chegar a puntos en común entre persoas que aparentemente tiñan opinións moi distantes acerca do tema, algo que esta investigación tamén persigue, atopar un punto de unión entre as distintas versións que se dan dos problemas cos incendios forestais nos montes galegos.

3. MARCO TEÓRICO

3.1 INTRODUCCIÓN

O marco teórico deste estudo, tratará de profundar nas cuestións de maior relevancia para a investigación que nos compete, obviamente centrado en todo o que rodea ao mundo dos incendios forestais. Nesta investigación do mesmo xeito que noutras anteriores, como a de Barreal, Loureiro & Picos (2012) trátase de estudar a relevancia dos múltiples factores socio-económicos, humanos e biolóxicos na ocorrencia dos incendios forestais en Galicia. Tamén trataremos de coñecer a realidade das políticas públicas que loitan contra os incendios forestais en Galicia, a relación dos mesmos coa industria madeireira e a incidencia dalgúns factores de tipo estrutura, co obxectivo de proporcionar unha serie de ideas que poidan mellorar a situación actual.

3.2 O MONTE GALEGO E OS INCENDIOS FORESTAIS


Para entrar de cheo nesta problemática resulta indispensable comezar definindo o concepto de lume forestal. O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (2018), a partir de aquí referido coma PLADIGA, defíneo como “aquele que se estende sen control sobre terreo forestal afectando a vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e superficie queimada, se clasifica en conato, incendio ou queima”. Estes tres tipos de lumes están definidos e a inclusión nun ou noutro grupo depende de dous factores: a superficie arbórea queimada (SAQ) e a superficie rasa queimada (SRQ), cuxo sumatorio representa a superficie total queimada (STQ). Para poder clasificar un lume forestal como incendio deben cumprirse unha destas dúas premisas: SAQ maior a 0,5 hectáreas, ou ben, SAQ menor a 0,5 hectáreas e STQ maior a 1 hectárea. O que podemos clarificar desta definición e criterios é que os incendios forestais van desde as actividades dos pirómanos ata as causadas pola acumulación de biomasa e a falta de prevención e coidado, ou mesmo pola seca e o aumento das temperaturas, é dicir, a súa orixe non importa, se non o que chegue a expandirse e arder. Álvarez Sousa (1992) afirma que: “En Europa os incendios son o agresor principal (...), sendo España o país máis agredido e Galicia a rexión máis afectada”, o que nos conduce a esa localización tan precisa que será obxecto de estudo.

En Galicia os incendios forman parte da convivencia da sociedade rural desde principios dos tempos. Os primeiros usos que se lle deron foron como queimas de aproveitamento do mundo agrícola e a caza, pero realizadas de forma controlada que non supoñían unha grave ameaza, salvo que se propagase de forma imprudente. Adolfo Cordero, profesor de ecoloxía na Universidade de Vigo e director do laboratorio ECOEVO, afirma nunhas conferencias sobre a eucaliptización que Galicia ten unha tradición de queimar o monte intencionadamente por motivos agrarios e gandeiros. Por iso, nesta investigación partimos de que como comentan Vélez Muñoz et al. (2003) o incendio forestal é o “lume que se estende sen control sobre terreo forestal,

afectando á vexetación que non estaba destinada a arder. Dedúcese que é un lume de vexetación non agrícola e que non inclúe queimas de restrollos, salvo que se propague” (p.13). É dicir, o feito de que exista unha propagación derivada dunha imprudencia, é necesario para ser considerado incendio forestal, non soamente que se realizase unha queima controlada sen importancia.

Galicia soporta unha actividade incendiaria anual media que supón máis do 50% dos incendios a nivel nacional, a pesar de representar soamente o 5,8% da superficie nacional. En 2006, representou concretamente o 63% da superficie queimada. O 2006 foi considerado o ano fatídico dos incendios en Galicia, xa que o gran número supuxo perdas enormes a curto prazo, aproximadamente uns 300 millóns de euros. Non se lembraban cifras de tantas hectáreas queimadas e tanto gasto dende os anos 80 (Barrio, Loureiro e Chas, 2007). O ano 2017 tamén estivo marcado polos lumes, xa que Galicia viuse afectada por unha devastadora ola de incendios a mediados do mes de outubro dese mesmo ano, ademais de todos os que xa se produciran durante o verán. Isto deuse como consecuencia de varios factores, como a falta de prevención e persoal en labores de extinción, pero tamén como consecuencia da prolongación no tempo das elevadas temperaturas, é dicir, outonos máis calorosos que como se dixo anteriormente están principalmente motivados polo cambio climático.

Gráfico 1: Superficie total queimada segundo o número de lumes producidos en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do PLADIGA 2018


No anterior gráfico pódese observar por unha parte o número de lumes forestais producidos nos últimos 15 anos, e, por outra parte, o número total de Superficie Total Queimada (STQ) neses mesmos anos. Como dicíamos anteriormente, apréciase con claridade que os anos 2006 e 2017, aínda que non foron aqueles nos que se produciu un maior número de focos de lumes, si foron aqueles nos que ardeu un maior número de superficie total, supoñendo isto graves prexuízos para a sociedade, a

administración e o medio ambiente. Dende ese mesmo ano 2006, vense a producir un descenso duns 2500 focos de lumes ao ano aproximadamente, a excepción unicamente do ano 2011. Podemos concluir con este gráfico que non é tan importante coñecer o dato do número de incendios producidos xa que son moitos máis os factores que inflúen nas consecuencias que se poidan producir. Entre estas atópanse os medios empregados en labores de extinción, unha boa labor preventiva, o número de focos que se produzan nun mesmo día ou a capacidade de propagación segundo a zona.

3.3 INCENDIOS FORESTAIS E EUCALIPTO EN GALICIA


Flores Garnica (2009) indícanos que para poder establecer unha clasificación dos incendios é importante coñecer as zonas concretas as que afectan e con que frecuencia o fan, ademais das condicións ambientais baixo as que se manifesta. En canto as condicións ambientais, existen especies que posúen “características adaptativas aparentemente ligadas ao lume” (Vélez Muñoz et al., 2003, p.413), o que se relaciona con que algunhas árbores como o eucalipto manteñen as calidades óptimas para ser utilizados como pasta de papel aínda estando a madeira queimada (Vélez Muñoz et ao, 2003). Isto está confirmado por outros autores como Pausas, (2012) que afirman que: “hai diversos trazos que confiren ás plantas un valor adaptativo en zonas con incendios forestais frecuentes, porque lle permiten incrementar a supervivencia ou a descendencia” (p. 71-72). Non se trata de sinalar ao eucalipto como o causante da existencia dos incendios forestais en Galicia, pero si coma un dos principais responsables de que a propagación dos lumes se produza con tanta facilidade. Xosé Alfredo Pereira, Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, afirma que “non hai especies boas nin malas, xa que o problema non radica na especie forestal, se non na planificación de cultivos”. Manuel Marey Pérez Francisco, responsable da área de enxeñería forestal da USC, asegura que aquelas zonas de Galicia onde abunda máis o eucalipto, son as que menos risco de incendio presentan. Nas seguintes ilustracións pódese comprobar como isto é certo.

Ilustración 2: Formacións forestais dominantes



Fonte: PLADIGA 2018

Ilustración 3: Zonas risco de incendio



Fonte: PLADIGA 2018

Na *Ilustración 2* apréciase a formación forestal dominante no territorio galego, e pódese observar que a Mariña lucense e a zona máis ao norte da provincia da Coruña, presentan a maior concentración de plantacións de eucalipto de toda Galicia. Sen embargo, na *Ilustración 3*, onde se reflexan as zonas con alto risco de incendio, obsérvase como estas mesmas áreas son aquelas onde se sitúan algúns dos concellos que non presentan riscos de incendio. Na zona da Costa da morte e das Rías Baixas, si que está presente o eucalipto, aínda que con menor concentración, e están consideradas zonas cun alto risco de incendio, polo que se deduce certa relación entre os incendios forestais en Galicia e o eucalipto, pero non se pode establecer unha norma que nos indique que son os responsables do problema. Diego Sánchez, coordinador da área de montes do Sindicato Labrego Galego, comenta que o problema desta árbore é que favorece a propagación e dificulta as labores de extinción dun xeito catastrófico, xa que a falta de coidados destas especies de crecemento rápido, asociada ao abandono do medio rural e ao réxime de propiedade, provoca o descontrol. Esta razón é un dos problemas estruturais que explican o fenómeno dos incendios forestais, o éxodo rural, sobre o que profundaremos máis adiante.

Os máis críticos sinalan ao eucalipto coma unha especie alóctona, exótica e invasora, que provoca unha intensiva práctica forestal con consecuencias como a perda de paisaxe mosaico e a diminución da fertilidade do solo, provocando así unha falta de multifuncionalidade do solo e a perda doutras especies que non poden sobrevivir cerca desta. Non existen seres vivos en Galicia que coman eucalipto ou que empreguen a súa materia orgánica, polo que se facilita a acumulación de biomasa, acentuándose o problema ao tratarse dunha especie pirófito con moita facilidade para arder. Neste marco teórico da investigación chégase a conclusión de que o problema non é a planta do eucalipto, nin se queira se trata do causante principal dos incendios forestais, pero si dun factor que propicia a existencia de incendios e dá unha maior facilidade á propagación dos mesmos ao existir unha gran falta de control ao redor desta especie. Conclúese tamén que o problema radica no monocultivo e a falta de alternativas como o abedul ou o bidueiro, cunhas características semellantes en canto ao crecemento, pero que supoñen unha menor produción.

3.4 FACTORES ESTRUCTURALS QUE PROPICIAN OS INCENDIOS

Nas zonas do interior, concretamente na provincia de Ourense na que se centrará o traballo de campo desta investigación, o eucalipto non é a especie dominante, pero presentan igualmente un alto risco de incendio en case todos os concellos. Hai que ter en conta que a maior parte da propiedade dos montes galegos é privada e ocupa o 98% do terreo forestal galego, quedando soamente un 2% restante que pertence directamente á administración (Díaz-Ferros, & Baamonde, 2006). Ademais, Galicia é unha das Comunidades Autónomas máis envellecidas de España, e as zonas do interior de Ourense en concreto, estano máis aínda. Ademais estas poboacións atópanse habitadas en núcleos dispersos cun número cada vez máis reducido de habitantes e concentrado en zonas máis urbanizadas (Barreal, Loureiro & Picos,

2012). Isto pódese explicar facilmente polo cambio social que implica para as sociedades actuais a emigración da poboación do rural cara á cidade, comunmente coñecido como éxodo rural. Este éxodo provoca non soamente o abandono dos núcleos rurais, se non tamén o abandono do coidado das terras. Isto facilita que os propietarios que xa non viven no rural prefiran plantar especies de crecemento rápido que den beneficios a curto prazo e que non requiran de coidado, axudando este feito a que as plantacións teñan unha gran falta de coidados e se favorezan os incendios pola acumulación de biomasa. Este abandono das terras tamén dificulta as labores de extinción e prevención para os operarios do sector forestal.

O abandono do rural galego producido nas últimas décadas provocou un problema de desagrarización e abandono de terras antes cultivadas en moitas das comarcas rurais de Galicia. Este problema do abandono vese intensificado significativamente polo réxime de propiedade. Unha das características principais do rural galego é o latifundismo, que propicia que a ordenación do territorio sexa máis complicada para as administracións. Segundo a investigación de Carballo García e Picos Martín (2009), en Galicia existen 672.000 titulares catastrais forestais, nunha poboación de aproximadamente 2,7 millóns de habitantes. A media de propiedade é inferior a 2 hectáreas, divididas estas en varias parcelas, sendo a súa vez o 80% das parcelas menores a 0,5 hectáreas. Existen 2.800 comunidades de montes veciñais en man común, o que supón o 33% do monte de Galicia. Todos estes datos reflicten unha situación de descontrol á hora de legislar e controlar as propiedades forestais. Unha superficie rural con tantos propietarios provoca maiores dificultades para a administración en moitos aspectos, principalmente ao tratar de diversificar os usos de solo e de levar a cabo actuacións en labores de prevención fronte aos incendios.

A predición do risco de incendios é esencial tanto para planificar os traballos de prevención como os de extinción de incendios, pero a multitude de parámetros que inflúen no seu inicio e desenvolvemento, desde as condicións da atmosfera e/ou da vexetación, a parámetros humanos e sociolóxicos, fan que sexa moi complicado predicir cando e onde ocorrerá e como se desenvolverá (de Vicente e López, 2012, p.9) polo que o bo coidado do medio durante as épocas de perigo é necesario e esencial.

Outro dos factores que provoca facilidade para a proliferación de incendios é a falta de respecto polo medio e pola lexislación. Fins Eirexas, xeólogo e secretario executivo de ADEGA afirma que en Galicia se incumpre de forma sistemática a normativa sen que exista ningún tipo de sanción ou restrición. Asegura que se deben racionalizar as plantacións, principalmente as de eucalipto ao tratarse dunha especie tan perigosa e que arde con tanta intensidade e facilidade. Propón plantacións por porcentaxes que poidan favorecer a biodiversidade e un mellor aproveitamento forestal.

Existe unha perda de sensibilidade ante o fenómeno do incendio forestal na sociedade galega, algo que se pode ver nos datos oficiais e a súa comparativa co resto de España: En Galicia existe unha intencionalidade nos incendios dun 84,7% fronte ao 33% de España, algo que nos leva a expornos tamén a existencia de distintos perfís sociodemográficos de persoas que os provoca. Ponche Pintor & Bandín Buján (2008) estableceron unha serie de perfís na súa investigación criminolóxica en colaboración coas forzas de seguridade do Estado. En primeiro lugar teríamos ao “imprudente”, un

home galego de máis de 50 anos, cun nivel de estudos baixo ou medio-baixo, dedicado á agricultura, con propiedades nas zonas afectadas, pouca conciencia ambiental e poucas capacidades de control dos lumes. En segundo lugar atopamos ao “incendiario”, un individuo galego duns 35-50 anos, con domicilio no lugar, baixo grao cultural, sen cualificación, xeralmente con algún tipo de trastorno/atraso mental ou adicción, solitario e que realiza a súa actuación baixo motivos antisociais como a vinganza, a maldade, fanatismo e os beneficios económicos persoais. En último lugar temos ao pirómano, un individuo galego duns 40-45 anos que sente pracer ao contemplar o lume e necesidade de crear alarma social, que adoita actuar nas mesmas zonas e sente satisfacción coa destrución. Atopamos diferenzas entre un incendiario e un pirómano na precisión coa que se describe o trastorno mental do pirómano e as motivacións que posúen uns e outros. Os 3 tipos de suxeitos adoitan avisar do lume sen identificarse e establécese que un 89% aproximadamente dos individuos que os provocan son homes con baixo nivel de estudos.

3.5 CLASIFICACIÓN DAS CAUSAS QUE PROVOCAN OS INCENDIOS FORESTAIS POR DISTINTOS AUTORES

“A análise de motivacións dos incendios intencionados non pode ser o resultado dunha simple curiosidade antropolóxica, xa que eses incendios están a contribuír de modo grave á deterioración ambiental de extensas zonas. Debe ser o fundamento de políticas preventivas que reduzan a frecuencia deses lumes.” (Vélez Muñoz, 1986, p.218).

Flores Garnica (2009) divide as causas en naturais e acción do home. Dentro das naturais especifica as da seca e falta de choivas sobre o que Martí & Royé (2017), xeógrafos da Universidade de Santiago, concluíron no seu estudo que eran uns dos efectos do cambio climático en Galicia. Outras investigacións de carácter máis científico e técnico como a de Pausas (2012) sinalan como causantes os cambios na distribución e densidade de poboación humana, abandono rural, deforestación e fragmentación, cambios na xestión, invasións vexetais e incremento do dióxido de carbono.


Vélez Muñoz et al.,(2003) realizan unha clasificación dividindo en 16 tipos de causas que provocan os incendios forestais entre as que se atopan varias para o uso agrícola e varias para o uso da caza que acaban en lumes incontrolados, aquelas para o aproveitamento económico como reducir o prezo da madeira, para obter salarios na extinción, delincuentes, pirómanos, grupos políticos, para aproveitar modificacións de uso do chan, vinganzas e discusións polo uso e propiedade do chan. Álvarez Sousa (1992) realiza unha clasificación de causas con características semellantes, dividíndoas en estruturais, onde engloba “a abundancia de matogueira, escaseza de poboación rural, descoñecemento dos valores forestais polos visitantes urbanos, descontento coa política forestal ou pola política en xeral” (Álvarez Sousa, 1992, p.87). Por outra banda está o grupo de causas “próximas” onde se realiza a súa vez unha separación en dous grandes grupos: en primeiro lugar, negligencias, onde se incorporan a industria madeireira mediante o uso de bandas organizadas que ao

queimar a madeira reducen o prezo da mesma en mercado e aceleran o proceso de talla, xa que a lei obriga a vender a madeira queimada aos propietarios e esta non perde propiedades para o seu uso na fabricación de papel, en especies como o piñeiro e o eucalipto. Neste grupo tamén se inclúen as persoas que viven no medio rural e que ante a falta de ordenación do espazo viven en conflitos entre eles que levan a tratar de prexudicarse mediante a proliferación de incendios nas propiedades de outros. Tamén está a falta de capacitación para levar a cabo queimas en terreos destinados ao pasto, organizacións de contrabando e tráfico que tratan de levar o foco de atención cara as zonas afectadas para poder realizar o seu traballo sen impedimentos, os propios encargados da extinción dos lumes que non poden permitirse deixar de investir no apagado de incendios, os que tratan de realizar as queimas con plans de urbanización e recalcificación das zonas queimadas, e, as accións para tratar de desprestixiar as políticas forestais provocando os incendios como argucia electoral que provoque un malestar social. Para este autor estes motivos conformarían o subgrupo de negligencias dentro do grupo de causas “próximas” e o outro subgrupo sería o de “outras causas” onde estarían os raios, o ferrocarril, foguetes, motores, etc.

3.6 A INDUSTRIA MADEIREIRA E OS INCENDIOS

Aproximadamente o 50% da produción forestal do Estado extráese do monte galego. En Lourizán, Pontevedra, existe unha planta papeleira que se dedica a comprar a madeira para a produción de pasta de papel. Esta empresa, chamada ENCE, utiliza a totalidade da folla de eucalipto que produce o monte galego para elaborar a súa pasta de papel. Compra directamente o produto aos propietarios dos montes, como así se reflicte no inicio da súa páxina web. Isto comporta a que a queima de montes lles poida xerar beneficios económicos ao poder comprar a madeira igualmente e non limitar a produción, xa que como indica Sousa (2012), o eucalipto e o piñeiro non perden as súas propiedades tras un incendio forestal a diferenza doutras especies cunha menor adaptabilidade. Ademais, os propietarios non sofren ningunha restrición legal á hora de plantar unhas especies ou outras. Outro dos beneficios para os compradores son o feito de aforrar nos gastos da compra de madeira, xa que a madeira queimada reduce o seu prezo, e conseguen o produto de forma máis rápida ao estar o propietario obrigado a cortar as árbores que foron vítimas dun incendio. Esta investigación non pretende sinalar a ENCE como a responsable da existencia e proliferación dos incendios forestais, pero si admite que a existencia desta fábrica no territorio galego favorece que os incendios se reproduzan con maior intensidade, xa que provoca que os propietarios aposten polas especies de rápido crecemento. Compre sinalar o carácter político que rodea a existencia desta fábrica de papel, xa que no ano 2016 concedéuselle unha prórroga de 60 anos dende o goberno central, e, personalidades coma Isabel Tocino, exministra de Medio Ambiente, e Carlos del Álamo, exconselleiro de Medio Ambiente, pasaron de ocupar os seus postos en política a formar parte da planta papeleira coma conselleiros independentes da empresa.

Gráfico 2: Distribución porcentual formacións dominantes Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do PLADIGA 2018

Como se observa no *Gráfico 2*, algo máis do 65% da distribución arbórea en Galicia pertence ao eucalipto (26,16%) e ao piñeiro (39,08%), dúas especies de crecemento rápido, con gran adaptabilidade aos incendios e cunhas características pirófitas incuestionables. Algúns expertos sinalan alternativas cara a produtividade mediante unha diversificación dos usos do solo ou dando un maior emprego aos produtos de especies como o eucalipto, algo que si se fai noutras rexións nas que esta especie esta presente.

É dicir, o racionalismo económico das empresas madeireiras, provoca un aumento no número de incendios polos motivos comentados, é dicir, conseguir madeira para a súa produción de maneira rápida e a moi baixo custo, e á súa vez os propietarios fomentan esta práctica coa plantación incontrolada de especies como o piñeiro e o eucalipto. Trátase polo tanto dun problema de sensibilización da industria e da cidadanía, e máis da administración que o permite.

Mancipe (2015) describe a madeira verde como un material biolóxico cunha orixe vexetal, que constitúe a parte sólida de árbores e arbustos e está recuberta de cortiza. Esta materia ten un proceso de produción (1ª transformación da madeira) ata converterse nun material apto para ser empregado da fabricación doutros obxectos. O primeiro paso é a recolección, onde teñen lugar os procesos de tala e poda na explotación forestal. Posteriormente os troncos son amontoados e transportados aos parques de madeira das fábricas, onde se leva a cabo o proceso de descortizado (eliminación da cortiza da árbore) e cepillado (eliminación de irregularidades para conseguir un bo acabado). Posteriormente, segundo as medidas desexadas e dependendo de que tipo de taboleiros se queiran obter, séguense determinados procesos de tronzado. En Galicia a industria con certo poder e capacidade é a de produción de pasta de papel, que a partir do proceso de descortizado segue outras etapas. (González, 2015).

A fabricación de papel ten dous grandes inconvenientes ao pensar do custo ambiental: consúmese moita madeira (1000 kg de papel requiren de 2400 kg de madeira, case 20 árbores) e a utilización de produtos químicos a súa vez moi contaminantes (cloro, por exemplo).

3.7 SOBRE OS PROBLEMAS QUE XERAN

Actualmente, autores como Vélez et al. (2003) sinalan aos incendios forestais como a causa máis importante de destrución de bosques nos países Mediterráneos e, ademais, os incendios forestais supoñen a principal causa de mortalidade de árbores na Europa Mediterránea (de Vicente e López, 2012). Como nos sinala Rábada & Aragoneses (2004): “o impacto negativo dos incendios forestais en Galicia sobre persoas, propiedades e medio ambiente non decrecerá, salvo, está claro, que se inicien medidas preventivas enérxicas” (p.31). España é o segundo país da UE en superficie forestal (14 millóns de hectáreas) e dentro de España, Galicia é a rexión que máis ten. Por iso deducimos unha gran necesidade de mellorar a lexislación respecto diso, pola situación actual en Galicia, onde as zonas forestais soportan unha actividade incendiaria anual media que supón máis do 50% dos incendios a nivel nacional, a pesar de representar soamente o 5,8% da superficie nacional (Barrio, Loureiro e Chas, 2007). O problema dos incendios está altamente relacionado co mundo rural e este problema magnifícase en Galicia, Asturias e Cantabria (Vélez Muñoz, 1986).

Á hora de discernir os principais autores que tratan de explicar os problemas que xeran os incendios forestais, temos que falar de Rábade & Aragoneses (2004) que sinalan que provocan feridos e mortes, o que os fai cobrar protagonismo nos medios de comunicación. Tamén se recollen danos cara ao medio ambiente, como son os danos aos hábitats de especies, a facilidade para a aparición de enfermidades e pragas e a esterilización e erosión do chan, facendo perder calidades tanto á terra como ás augas que percorren os espazos forestais. Ademais, todo o operativo e os gastos que comporta a extinción son enormes. Todo iso supón impedimentos para o normal desenvolvemento da vida humana. Estes mesmos autores sinalan que: “os xestores e responsables políticos acomodáronse ante estes problemas” (Rábade & Aragoneses, 2004, p.25). Por iso para a defensa contra incendios forestais é necesario establecer plans de prevención, de vixilancia e detección, de extinción, de investigación, de coordinación e formación, ademais de revisar a ocupación forestal por especies que se permite e conseguir que se cumpran os plans propostos neste sentido (Vélez Muñoz et al., 2003).

Flores Garnica (2009) realiza unha clasificación sobre numerosos impactos que provocan os lumes: impacto sobre a biodiversidade, no arboredo, na rexeneración natural de ecosistemas forestais, na fauna, no chan, na auga, no aire, na paisaxe, na saúde e benestar do home e numerosos problemas ambientais como os contaminantes atmosféricos, óxidos de nitróxeno, carbono e xofre e a creación de partículas sólidas suspendidas. Outros autores como Díaz-Ferros & Baamonde, (2006) realizan outra clasificación separándoos principalmente nos que afectan directamente

o chan e os que afectan a máis aló do chan. Dentro do primeiro grupo atopamos efectos sobre o propio chan, fauna e vexetación; e dentro do segundas efecto sobre o aire e a auga. Estes dous grupos son separados dos sociais, económicos e ecolóxicos, considerando nestes ás persoas que implica directamente, os custos que supoñen os incendios forestais e as perdas de ecosistemas, respectivamente.

Todos estes autores teñen en común que nos sinalan que os grandes problemas xerados por incendios forestais pódense encadrar nos seguintes: sociais, económicos e biolóxicos. Con todos os problemas que xera podemos concluír que os gastos en prevención serían menos custosos que todo o que supoñen os gastos en reparación dos danos provocados. Álvarez Sousa (1992) afirma: “o incendio combátese incrementando a vixilancia, limpando o monte de materia combustible e atacando a orixe da causa” (p.75-76). Este debe ser un pilar básico fundamental sobre o que sustentar a nosa análise de políticas públicas, unha mellora da situación lexislativa en materia de prevención e planificación.

Polo tanto, para poder dar solución a todos os problemas que se xeran tratarase de realizar achegas que sirvan como mellora das accións de prevención, con especial énfase na sensibilización social e co medio ambiente. Trataremos de conseguir que xurdan por mor da investigación medidas eficaces en forma de políticas pública, coa fin de que poida servir de axuda para as administracións competentes.

É importante prever ás zonas afectadas dun corpo organizativo e dos procedementos para a prevención, detección e extinción; establecer épocas de maior perigo en función de previsións e tratar de reducir as consecuencias biolóxicas, económicas e sociais producidas (Vélez Muñoz et al., 2003), algo moi relacionado cos obxectivos desta investigación.

Con todo o exposto neste marco teórico, tratarase de profundar no corpo da investigación unha clarificación de causantes e culpables dos incendios forestais, indo desde o factor humano, as razóns económico-sociais e as facilidades legais, para poder realizar as achegas necesarias para a mellora da situación actual, na que o problema se xera por unha falta de políticas públicas efectivas que loiten contra os usos capitalistas do medio ambiente, o despoboamento rural e a falta de sensibilidade e concienciación por parte da cidadanía, entre outros.

Na seguinte táboa móstrase a modo resume dos contidos recollidos no marco teórico desta investigación:

Táboa II: Resumo do marco teórico

CADRO RESUMO DOS CONTIDOS DO MARCO TEÓRICO	
APARTADO	CONTIDOS
O monte galego e os incendios forestais	Defínese o concepto do incendio forestal dende os termos empregados oficialmente, explicando cales son as consideracións que toma a administración para consideralo como tal ou non. Explícanse as bases teóricas que tomará a investigación para considerar os lumes como incendio forestal e proporciónanse algúns datos sobre a afectación no territorio galego para dar visión ó tamaño do problema.
Incendio forestal e eucalipto en Galicia	Refléxase a adaptabilidade dos eucaliptos aos lumes defendida por diversos autores e a forma que teñen de agravar as consecuencias dos incendios forestais. Tamén se trata de aportar unha visión na que se explique que os eucaliptos son a causa única e principal dos incendios en Galicia, explicando que baixo unha boa ordenación e manexo se pode considerar unha especie beneficiosa nalgúns aspectos, pero da que non se debe abusar e da que se deben buscar alternativas.
Factores estruturais que propician os incendios	Reflexiónase mediante o emprego de datos sobre a situación en Galicia propiciada polo éxodo rural e o réxime de propiedade, que garda relación cos incendios forestais. Outro dos temas tratados son a falta de sensibilidade que existe por parte da poboación e tradición de incumplir de forma sistemática a lexislación galega en xeral, e concretamente a relacionada cos incendios.
Clasificación de causas que provocan os incendios por diversos autores	Expóñense as casuísticas proporcionadas por diversos autores noutras investigacións, explicando concretamente as súas perspectivas e analizando a súa forma de clasificar ditas causas. Tratouse de seleccionar formas de clasificación diversas entre si, con perspectivas de carácter máis socioeconómico por un lado, e científico por outro.
A industria madeireira e os incendios	Trátase de reflexar neste apartado como a presenza dunha parte potente da industria madeireira en Galicia condiciona a distribución arbórea que existe no territorio, o que dalgunha forma inflúe nos incendios forestais. Tamén se comenta a relación que existe entre determinados cargos políticos e a empresa ENCE, o cal arroxa certo alo de negatividade sobre as conclusións que se poidan sacar deste apartado. Finalmente expónse o proceso de transformación da madeira e tamén o proceso para obter papel.
Sobre os problemas que xeran	Recóllense os problemas que provocan os incendios forestais expresados en investigacións de diversos autores. Estes aparecen clasificados en tres categorías: sociais, ambientais e económicos, e dentro de cada categoría, explícase cales son estes problemas específicos. Ponse especial énfase en que unha das formas de atacar estes problemas é mellorar a prevención dos incendios forestais.

Fonte: Elaboración propia

4. METODOLOXÍA

Como xa se comentou con anterioridade, este traballo empregará a análise cualitativa de entrevistas semiestruturadas para a consecución dos seus obxectivos. O enfoque teórico da investigación lévanos a plantexar que esta é a mellor forma de conseguir o noso obxectivo, xa que cos relatos de profesionais do sector forestal en cuestións tales como a causalidade do incendio, a problemática xerada e a lexislación vixente conseguiremos unhas percepcións e perspectivas moi próximas a nosa realidade social obxecto de estudo. Isto, sumado á información recollida no noso marco teórico, será suficiente para conseguir unhas conclusións que dean peche a esta investigación.

Entón, vaise a realizar unha análise cualitativa das entrevistas semiestruturadas, as cales contarán cunha mostra específica, unha ficha de entrevista e un guión semiestruturado con bloques definidos, onde se explicará que é o que se tratará de conseguir con cada un deles. Como xa se comentou con anterioridade, esta metodoloxía estará completada cunha observación participante levada a cabo durante a estadia na empresa DELOGA e a participación no proxecto do Instituto de Estudos do Territorio “Infraestrutura Verde de Galicia” ao ter un contacto directo con persoal relacionado co sector forestal, entre outros. Estas aprendizaxes permitirán plasmar distintas perspectivas na análise desta investigación e axudarán a conseguir unhas conclusións máis enriquecedoras.

A intención é conseguir información sobre distintas características dos incendios forestais, tales como as comentadas no marco teórico referidas as súas peculiaridades e características; as causas que os provocan, tanto as específicas como as estruturais; os problemas que xeran na poboación e ampliar a información presente sobre as PP.PP. relacionadas cos incendios forestais.

4.1 MOSTRA

Para a elección da mostra de participantes nas entrevistas empregamos o criterio da súa ocupación actual, xa que consideramos que baixo distintos grados de responsabilidade e actividade tamén existirán distintas perspectivas sobre o tema. Entrevistouse aos dous técnicos de distrito da demarcación de Xinzo de Limia, a dous Axentes Medioambientais e a dous Xefes de Brigadas. A información relativa aos participantes recóllese na seguinte táboa:

Táboa III: Distribución e datos da mostra seleccionada

Código de Entrevistado	Idade	Ocupación	Nivel de estudos	Titulación
E1	39	Axente Medioambiental	Superior	Enxeñeiro Técnico Forestal
E2	54	Axente Medioambiental	Superior	Capataz Forestal
E3	42	Xefe de Brigadas	Superior	Técnico en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos
E4	42	Técnico de Distrito	Superior	Enxeñeiro Técnico Forestal
E5	43	Xefe de Brigadas	Superior	Capataz Forestal
E6	40	Técnico de Distrito	Superior	Enxeñeiro Técnico Forestal

Fonte: Elaboración propia

4.2 ELEMENTOS PARA A ANÁLISE

O proceso de análise xira en torno a sete bloques principais: introdución ao tema, causas dos incendios, especies pirófitas, causas estruturais, industria madeireira, lexislación e problemas que xeran. As preguntas a realizar en cada bloque recóllense no guión da entrevista. A elaboración destes bloques de preguntas susténtase no noso enfoque teórico e está orientado a cumprir os obxectivos específicos desta investigación.

O primeiro bloque plantéxase para introducir aos suxeitos no tema a tratar. Preténdese conseguir a súa opinión sobre determinadas cuestións conceptuais e características sobre os incendios e o sector forestal galego. Tamén é importante coñecer neste bloque se a situación dos incendios forestais se pode extrapolar a toda a xeografía galega ou non, é dicir, se as respostas que nos darían non soamente se limitan a súa zona en concreto, se non que afectan a todo o territorio, ao igual que as posibles solucións.

No segundo bloque preténdese introducir aos suxeitos nun dos temas de gran importancia nesta investigación: as causas dos incendios forestais. As preguntas a realizar aquí serán bastante xerais, buscando que os entrevistados aporten unha visión macro sobre este tema, sen profundar noutras cuestións máis específicas. É

posible que, dependendo das respostas que se produzan neste bloque, algunhas das preguntas dos bloques seguintes queden descartadas, pero tamén pode dar pé a que se produzan outras novas.

No terceiro bloque, especies pirófitas e incendios, preténdese conseguir a opinión dos entrevistados sobre a posible relación que existe entre determinadas especies arbóreas e os incendios forestais. Este bloque tratará de centrar os seus esforzos no eucalipto, e as respostas que se produzan centrarán as solucións en maior ou menor medida nas actuacións a levar a cabo sobre cuestións relacionadas con esta especie. A razón para centrar este bloque desta forma son as distintas opinións recollidas de distintos expertos en investigacións, conferencias ou durante a observación participante.

No cuarto bloque, referido aos factores estruturais, buscarase recoller a opinión acerca de determinadas características da poboación galega, tales como o abandono do rural, o réxime de propiedade, as prácticas agrícolas, etc. É importante que este bloque sexa o máis extenso posible, xa que pode chegar a explicar determinadas cuestións sociolóxicas que favorecen aos incendios forestais, conseguindo con elo unha reflexión profunda que permita obter un produto máis alá dunha lista de causas sen unha base lóxica consistente.

No quinto bloque tratarase de coñecer a opinión dos suxeitos acerca da relación da industria madeireira cos incendios forestais. Trátase dun tema cunha delicadeza peculiar, e a intención nesta entrevista é tratar de politizar o tema o mínimo posible por parte do entrevistador, deixando pé a que sexa o suxeito o que teña a capacidade de establecer unha relación no caso de que a considere.

No sexto bloque tratarase de profundar ao máximo posible no apartado lexislativo que compete aos incendios forestais. A intención deste apartado da entrevista é coñecer a relación entre o marco xurídico e os incendios, concretar ao máximo como é esta relación e saber a opinión dos entrevistados acerca dalgunhas medidas posibles de cara a mellorar a situación actual.

Por último, o bloque referido aos problemas que provocan os incendios, tratará de confirmar os coñecementos explorados durante a lectura previa de bibliografía relacionada con este subtema e ampliar ditos coñecementos, ademais de saber se existe algunha lexislación que afronte os problemas xerados e que tamén precise ser revisada a criterio dos entrevistados.

4.3 GUIÓN DE ENTREVISTA E FICHA TÉCNICA

Antes de desenvolver o contido deste apartado, compre destacar que previamente a realización das entrevistas se confeccionaron dous elementos de especial interese. En primeiro lugar, unha ficha técnica da entrevista na que se recolle a información persoal de cada entrevistado e as características das entrevistas realizadas, e por outra banda, un guión de entrevista con preguntas de tipo aberto sobre o que se vertebrará a conversa, sen ser este un elemento inquebrantable, é dicir, que se poida dar pé a

outras preguntas ou outros temas segundo a natureza das respostas dos entrevistados.

Nas seguintes táboas recóllense a ficha técnica e o guión de entrevista empregados para o traballo de campo:

Táboa IV: Ficha técnica das entrevistas

FICHA TÉCNICA DA ENTREVISTA	
Código de entrevistado	
Ano de nacemento	
Titulación máis alta que posúe	
Ocupación actual	
Lugar de realización da entrevista	
Duración da entrevista	

Fonte: Elaboración propia

Táboa V: Preguntas da entrevista semiestruturada

<u>GUIÓN DA ENTREVISTA</u>	
<u>Bloque</u>	<u>Preguntas</u>
INTRODUCCIÓN AO TEMA	<p>-Como definirías ti os incendios forestais? Cales son as súas características principais?</p> <p>-Crees que dende a administración están ben definidos os criterios para acoutar os lumes que se definen coma un incendio forestal?</p> <p>-Os incendios teñen as mesmas características, principalmente en canto as causas se refire, en toda a xeografía galega? Crees que as solucións se deben enfocar de igual forma para todo o territorio?</p> <p>-Por que crees que o problema dos incendios forestais está tan acentuado no territorio galego?</p> <p>-Por que crees que en Galicia hai unha cantidade tan elevada de incendios provocados?</p> <p>-Para ti que ten máis importancia á hora de sinalar a magnitude dos problemas que xeran os incendios, o número destes que se producen, a superficie que arde ou outra variable/s? Por que?</p> <p>-O monte galego posúe algunha característica ou características que fai que se favoreza a existencia de incendios? Cal ou cales?</p>
CAUSAS DOS INCENDIOS	<p>-Segundo o barómetro do CIS en febreiro de 2006 a poboación opina o seguinte (<i>Ilustración 4 e 5, Anexo 1 e 2 respectivamente</i>). Estás de acordo con isto?</p> <p>-Cales dirías que son para ti as causas dos incendios forestais en Galicia? Existe algún factor en común para todas elas?</p>

	<p>-Crees que a situación dos traballadores do sector forestal inflúe no número de incendios? Como a mellorarías?</p> <p>-Se tiveras que facer unha distribución de porcentaxes entre os seguintes suxeitos á hora de sinalar a culpabilidade do problema, como o distribuirías: cidadanía, administración, industria?</p>
ESPECIES PIRÓFITAS	<p>-Existen especies que favorecen a proliferación dos incendios forestais?</p> <p>-Que opinión che merece o eucalipto globulus con respecto disto?</p> <p>-Existe unha demonización do eucalipto? Crees que isto é xusto? Por que?</p> <p>-Como se introduce o eucalipto en Galicia? Consideraríala unha especie invasora?</p> <p>-Cales son as razóns que favorecen que o eucalipto se plante en tanta cantidade e se monocultive? Que efectos crees que provoca isto?</p> <p>-Que restricións e condicións existen hoxe en día de cara á plantación de eucaliptos ou outras especies? Cúmprense? Por que?</p> <p>-Cales son as condicións que permiten a especies como o eucalipto adaptarse á existencia de incendios forestais?</p> <p>-Que propós como alternativa, mellora ou adaptación á controversia relacionada co eucalipto?</p>
FACTORES ESTRUCTURAIS	<p>-Retomando o tema dos incendios provocados, baixo a túa experiencia, existe algún perfil tipo de persoa que provoca incendios forestais, xa sexa de forma totalmente intencionada ou por imprudencia? Como definirías este perfil?</p> <p>-Existe relación entre o abandono do rural e os incendios forestais? Como definirías esta relación? Cales crees que son as consecuencias que provoca o feito de que se produza este abandono?</p> <p>-Crees que existe relación co réxime de propiedade, tanto na distribución e tamaño como na titularidade? Como a definirías? Cales crees que son as consecuencias que provoca o feito de que se produza este abandono?</p> <p>-Que se fai dende a administración en labores de prevención? É suficiente? Efectivo? Como mellorarías a situación?</p> <p>-Hai algunha relación entre os incendios forestais e o cambio climático? Cal crees que é esta relación?</p>

<p>INDUSTRIA DA MADEIRA</p>	<p>-Por que se fala dunha relación entre a industria da madeira e os incendios forestais en Galicia? Que opinas ti desta relación?</p> <p>-A madeira queimada véndese máis barata? Están os propietarios obrigados a talar?</p> <p>-Existe algunha relación entre a industria da madeira e a política? Como a definirías?</p> <p>-Crees que a presenza de ENCE no territorio galego favorece a existencia dos incendios forestais?</p> <p>-Modificarías ou replantexarías a distribución arbórea de Galicia?</p>
<p>LEXISLACIÓN</p>	<p>-Crees que o incendio forestal en Galicia está relacionado coa política forestal? Por que?</p> <p>-Cales crees que son as principais políticas que loitan contra os lumes en Galicia?</p> <p>-Como mellorarías a situación legislativa actual de cara a redución do número de incendios?</p> <p>-Poderíasme dicir algunha lei concreta nesta materia que ti consideres que deba ser mellorada, substituída ou eliminada? Por que?</p> <p>-Que efectividade crees que teñen as políticas na conxuntura actual?</p> <p>-Crees que a lexislación está totalmente enfocada aos beneficios ambientais? Por que?</p> <p>-Que institución ou persoas crees que deben encargarse da extinción dos incendios forestais? E da prevención?</p> <p>-Poderíasme dicir o teu grado de “a favor” ou “en contra” das seguintes medidas, sendo 1 moi en contra e 5 moi a favor? Podes razoar a túa resposta. Engadirías algunha?</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Prohibición de prender lume en todo tipo de espazos abertos b) Limitar o tránsito de persoas nalgúns zonas do monte c) Impedir o uso de vehículos de motor en zonas forestais d) Prohibición de fumar no monte/campo e) Endurecer as leis por delitos medioambientais f) Limitar o número de especies a plantar
<p>PROBLEMAS QUE XERAN</p>	<p>-Que problemas xeran os incendios forestais?</p> <p>-Como os clasificarías?</p> <p>-Crees que estes problemas están afrontados de maneira axeitada?</p>

	<p>-Melloraría a lexislación que afronta os problemas xerados polos incendios forestais? De que maneira?</p> <p>-E para rematar, gustaríache comentar algo que crees que nesta entrevista non se tratou ou que non se falou en profundidade?</p>
--	--

Fonte: Elaboración propia

4.4 PROCEDEMENTO PARA O TRABALLO DE CAMPO

As entrevistas realizáronse de forma presencial no municipio ourensán de Xinzo de Limia, en dous días distintos en función da dispoñibilidade dos suxeitos entrevistados. Nos anexos desta investigación aparecen as entrevistas transcritas xunto coa correspondente ficha técnica de cada entrevistado. Os entrevistados, como xa se comentou con anterioridade, foron unha serie de traballadores do sector forestal, con distintas ocupacións e cunha experiencia suficiente no tema.

Empregouse a técnica da “bola de névoa” para poder conseguir un número de entrevistas suficientes e poder confeccionar a mostra. O primeiro contacto conseguiuase a través de redes familiares e este mesmo suxeito foi o que nos conseguiu os seguintes e así de forma sucesiva. Compre indicar que polas limitacións que supón este traballo tívose que prescindir dalgúns suxeitos que poderían ser entrevistados, ao igual que tamén se tivo que refugar unha das entrevistas realizadas pola falta de contidos da mesma, da cal se dispón soamente do arquivo sonoro.

O procedemento foi o seguinte: desprazamento ao lugar de traballo dos suxeitos entrevistados, realización da entrevista ou concertación dun espazo temporal no que se puidera realizar e realización da mesma, sendo esta gravada por un teléfono móbil. Posteriormente, e xa con todas as entrevistas realizadas, procedeuse a transcribilas e analizalas, como se reflexa no seguinte apartado do traballo.

Tamén se tratou de contactar telefonicamente co servizo técnico de ENCE e con profesionais do Centro de Investigación Forestal Lourizán para que responderan a unha serie de preguntas sobre o proceso de produción da madeira en Galicia, pero non se obtivo resposta.

5. ANÁLISE DE RESULTADOS

No seguinte apartado do traballo recóllense os resultados obtidos da análise dos datos cualitativos a partir das entrevistas semiestruturadas realizadas ao persoal relacionado co sector forestal e cos incendios forestais do distrito número XIII no Concello de Xinzo de Limia. Para a interpretación dos datos vamos a escoller catro categorías que teñen como finalidade dar resposta aos obxectivos específicos nomeados no seu correspondente apartado, o que nos permita conseguir unhas conclusións que cumpran o noso obxectivo xeral e final.

Estas catro categorías son: Definición e Características Principais (DCP), Causas, Factores e Condicións (CFC), Problemas que Xeran e Actuacións (PXA) e Política Forestal e Melloras (PFM). Estas contarán cunha serie de subgrupos ou subcategorías máis específicas nas que dividiremos a análise, tal como se detalla na seguinte táboa. Estas subcategorías están moi relacionadas coas preguntas desenvolvidas nas entrevistas para poder organizar e presentar a información recollida da forma máis clara posible.

Táboa VI: Categorías e subcategorías

Categorías	Código	Subcategorías
<u>DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS</u>	DCP	Concepto e épocas de maior impacto
		Criterios para definilo
		Variables máis importantes á hora de sinalar os problemas que xeran
		Causas e solucións en Galicia
		Motivos que indican a magnitude do problema en Galicia
<u>CAUSAS, FACTORES E CONDICIÓNS</u>	CFC	Causas declaradas polos entrevistados
		Vexetación e incendios
		Factores estruturais
		Industria madeireira
		Cambio climático

		Outras causas
<u>PROBLEMAS QUE XERAN E ACTUACIÓNS</u>	PXA	Problemas específicos e clasificación
		Forma de afrontar os problemas
		Prevenición
		Extinción
<u>POLÍTICA FORESTAL E MELLORAS</u>	PFM	Política Forestal e Incendio
		Posibles actuacións sobre a normativa
		Medidas concretas e valoración

Fonte: Elaboración propia

Nas seguintes táboas amósanse os contidos das subcategorías sobre as que se realizará a análise cualitativa, na que se presentarán os resultados e a interpretación das entrevistas levadas a cabo. A finalidade de realizar esta explicación dos contidos é que se coñeza toda a información que se tratará en cada un dos grupos temáticos, ademais de resumir as aportacións máis salientables en cada un destes apartados.¹

Táboa VII: Contidos das subcategorías

1. Definición e Características Principais (DCP)	
Subcategoría	Contidos
Concepto e épocas de impacto	As definicións aportadas polos profesionais do sector sobre que é un incendio forestal, así como as súas percepcións sobre as épocas de maior impacto. <i>Atopamos aspectos comúns nas definicións aportadas, como tamén conseguimos definir aquelas épocas nas que afecta en maior medida e como se foi producindo un cambio nas mesmas ao longo dos últimos anos.</i>
Criterios para definilo	Opinión sobre se os criterios da administración son os correctos á hora de definir o incendio. <i>Entre os entrevistados non existe conformidade cos mesmos, xa que se limita demasiado segundo o medio ó que afecta, entre outros aspectos.</i>

¹ Este resumo dos contidos máis importantes aparece nos recadros no formato de letra *cursiva*.

Variables máis importantes á hora de sinalar os problemas que xeran	Das características que teñen os incendios, cal ou cales son as que definen mellor a magnitude do dano que provocan. <i>Aportóusenos unha variable que non aparece medida nas estatísticas oficiais, a severidade do incendio.</i>
Causas e solucións en Galicia	Causas que provocan os incendios forestais na xeografía galega, centradas na delimitación xeográfica do traballo de campo e coñecer se son semellantes en todo o territorio, ao igual que si as solucións se poden enfocar de igual forma en toda Galicia. <i>Baixo a opinión dos entrevistados, as causas varían nos distintos puntos de Galicia polos motivos que nos sinalan, polo que as solucións tamén deben ter en conta estas peculiaridades.</i>
Motivos que indican a magnitude do problema en Galicia	Cal ou cales son os motivos para que os incendios forestais sexan un problema tan acusado en Galicia e por que se produce un número tan elevado de incendios provocados. <i>Destaca o emprego arraigado do lume na cultura, que ademais de posibles descoidos derivados do seu emprego, o fai unha arma próxima e coñecida para causar dano.</i>
2. Causas, Factores e Condicións (CFC)	
Subcategoría	Contidos
Causas declaradas polos entrevistados	Recóllese o que os entrevistados responderon como as causas principais dos incendios forestais cando se lle preguntaba directamente por elas, sen facer ningún tipo de referencia por parte do entrevistador a ningún tema concreto. Tamén se lle pedía unha distribución porcentual respecto de tres institucións sociais: cidadanía, administración e industria. <i>Isto permitiunos coñecer as súas opinións onde destacan a cultura do lume e o abandono, ademais de sinalar a administración como institución con maior culpabilidade.</i>
Vexetación e incendios	Como afectan determinadas especies, principalmente centrado no eucalipto, coñecendo os motivos do seu monocultivo, a súa consideración como especie invasora e outros factores. Tamén se comentan aspectos relacionados con outras especies, como o pino ou a acacia. <i>Atopamos un alto grado de desconformidade co eucalipto e un gran desexo de limitar e ordenar dita especie.</i>
Factores estruturais	Visión que teñen os distintos profesionais entrevistados sobre os factores estruturais que poden favorecer os incendios. <i>As opinións recollidas aportan distintas visións sobre como o abandono do rural e o minifundismo afectan á problemática dos incendios en Galicia.</i>
Industria madeireira	Valoracións dos entrevistados sobre a relación entre industria madeireira e incendio, así como tamén da relación que garda co poder político. <i>Existen diferentes formas nas que se pode relacionar, como a variación nos prezos da madeira ou como unha forma de conseguir contratos na extinción.</i>

Cambio climático	Defínense os efectos que provoca sobre os incendios o cambio climático, <i>referido isto principalmente ao cambio das temperaturas medias e as variacións producidas na estrutura da vexetación existente.</i>
Outras causas	Opiniós e valoracións dos entrevistados sobre outras posibles causas que non foron nomeadas con anterioridade, <i>como por exemplo, os perfís sociodemográficos dos diferentes tipos de incendiarios.</i>
3. Problemas que Xeran e Actuacións (PXA)	
Subcategoría	Contidos
Problemas específicos e clasificación	Problemas que foron aportados polos entrevistados baixo a súa experiencia, clasificados da forma que eles mesmos foron indicando, a cal coincide coa do marco teórico da investigación (sociais, ambientais e económicos). <i>Conseguíronse coñecer novos problemas, como o feito de que a vexetación se adapte ó incendio e a forma na que o fai.</i>
Forma de afrontar os problemas	Visións dos entrevistados sobre os métodos e actuacións existentes á hora de facer fronte aos problemas que xeran os incendios. <i>Con isto conseguimos unha visión de cales son as actuacións que actualmente non están a fornecer o efecto esperado, como a rexeneración dos bosques.</i>
Prevención	Nocións aportadas polos entrevistados sobre as labores de prevención dos incendios en Galicia: <i>que actuacións se levan a cabo, eficiencia e que actores deben ser os implicados.</i>
Extinción	En canto á extinción tratouse de coñecer a valoración sobre quen debería ser o encargado e como se melloraría o servizo. <i>Con isto conseguiuase coñecer máis profundamente cal é a situación actual de cara a pensar melloras efectivas.</i>
4. Política Forestal e Melloras (PFM)	
Subcategoría	Contidos

Política Forestal e Incendio	Aspectos relacionados coa política forestal: <i>a distribución de competencias, a súa relación cos incendios, cales son as leis concretas que tratan o tema, a súa efectividade actual, restricións e aspectos relacionados coa distribución arbórea.</i>
Posibles actuacións sobre a normativa	Visións proporcionadas polos entrevistados sobre cales serían as súas melloras legislativas ou pautas a seguir de cara a unha mellora naquela política relacionada co mundo forestal e dos incendios, tanto a nivel actuación como á hora de levar a cabo o reparto de competencias. <i>As melloras aportadas repercuten en diversos temas: política forestal actual, distribución arbórea, prevención, especies perigosas e problemas provocados.</i>
Medidas concretas e valoracións	Este apartado recolle as valoracións dos profesionais entrevistados sobre determinadas medidas, o que nos permitirá coñecer <i>cales deberían ser as actuacións máis acertadas de cara a proporcionar unha serie de melloras.</i>

Fonte: Elaboración propia

5.1 DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS (DCP)

5.1.1 Concepto e épocas de maior impacto

Ao adentrarnos no que din os traballadores do sector forestal, atopamos que canto maior é o seu rango de traballo facilítanse definicións de incendio máis parellas as oficiais. Algo común que atopamos a todos eles é a aparición na definición do concepto de “descontrol”, e tamén a súa afectación sobre un medio forestal.

-“Un lume descontrolado” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Lume que non está controlado” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“[...]que se estende por superficie forestal sen control” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Lume que se estende sobre superficie forestal” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

En canto as épocas na que os incendios afectan con maior gravidade ao territorio, atopamos que estes se poden dar en calquera época do ano, sendo o factor determinante para producirse a sequidade. O verán é o momento do ano no que se producen épocas cunha maior sequidade e cunha humidade relativa máis baixa, por iso a maioría dos incendios se concentran nestas datas. Sen embargo, con motivo do cambio climático, a época de sequidade estase a prolongar máis alá dos meses de verán, o que produce que durante todo o mes de outubro o perigo de incendio forestal sexa alto, é dicir, que se despracen no tempo as épocas de maior impacto. Tamén en

primavera, cando coincide coas épocas de queimas por motivos de prácticas agrícolas e forestais, se producen incendios, así como en inverno poden estar provocados polas xeadas.

-“As épocas de maior impacto son sempre as épocas de sequidade” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Hai un pico en primavera, correspondéndose cos meses de maio e abril e despois en verán. Cada vez a tendencia e máis a concentrarse no final do verao, setembro e mesmo outubro” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Cando empecei eu no 97 o golpe podía ser agosto-setembro e agora levamos como 4-5 anos que o golpe probablemente sexa en outubro. Non sei si é polo cambio climático, porque veñen os veraos máis secos, pero bueno, eu noto ultimamente que o impacto se foi desprazando no tempo” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

5.1.2 Criterios para definilo

Entre os profesionais do sector non están ben vistos os criterios existentes para definir e limitar os lumes, xa que para efectos estatísticos poden ser de utilidade, sobre todo á hora de diferenciar a superficie queimada, pero non se axustan á realidade que deberían representar. Ademais, baixo as súas opinións, o concepto de incendio forestal non debería limitarse soamente a contabilizar un lume que afecta á superficie forestal, xa que se producen lumes de grandes magnitudes que non se chegan a considerar incendios por non afectar ao arbolado.

-“É correcto? Non, porque non arde soamente sobre superficie forestal, arden moitas cousas, dende combustibles interface, módulos agrícolas, todo entra.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Na miña opinión que eles fagan diferencias entre lumes, queimas, conatos a partir dunha hectárea dependendo si arde arbolado ou raso a efectos estatísticos pode valer, pero realmente un incendio é sempre un incendio(...) Pois nese sentido non creo que sexa o máis acertado.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Non, son moi enganosos. Déronse caso de incendios en parque natural de miles e miles de hectáreas, pero como non era arbolado, consideráronse queimas e non incendios.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.1.3 Variables máis importante á hora de sinalar os problemas que xeran

A maioría dos entrevistados, a excepción dos dous técnicos, consideran que a superficie que arde é a característica dun lume que máis nos pode sinalar a magnitude dun incendio forestal e os problemas que pode xerar. O razoamento mostrado é que o número destes pode ser reducido, é dicir, producirse soamente un incendio que afecte a moita superficie, o que comportaría a grandes consecuencias económicas e ambientais. Tamén se pode dar o caso de que se produzan trinta incendios dunha superficie moi baixa, e a afectación sexa moito menor.

-“A superficie” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Máis importante é a superficie que arde.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“[...] a extensión é o máis grave de toda a historia”. E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Porén, os técnicos van máis alá e indícanos unha variable que para eles é a propicia á hora de sinalar os problemas. Trátase da severidade do incendio, é dicir, a intensidade ca que afecta e os danos causados polos lumes.

-“Habería que meterse incluso crear unha variable de severidade ou afectación dos danos causados polo lume” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Nin unha, nin outra, o máis importante é a severidade do incendio (...). Para min inflúe moitísimo máis a intensidade que non o número nin outra cousa.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

5.1.4 Causas e solucións en Galicia

Baixo a experiencia dos profesionais do sector forestal atopamos que as causas que os provocan en Galicia son moi diferentes dependendo da zona xeográfica a que afecten. Dependendo de diversos factores como a orografía, o clima, o tipo de vexetación, etc. Ademais, o tipo de zona a que afectan tamén é determinante, xa que dependendo de si a zona é urbana, periurbana ou rural, as causas serán moi diferentes. Xa dentro de cada tipo de zona, tamén hai grandes diferencias dependendo das actividades e costumes que se desenvolven, xa que pode haber zonas que produzan moitos lumes por motivos de pastoreo e caza, e outras polo monocultivo de determinadas especies.

-“Nin moito menos. Eu veño de traballar no distrito de Ourense, que é Ourense cidade e son zonas con moita poboación e tiñamos exemplos de lumes periurbanos [...] son doutro tipo de índole. Aquí ves outro tipo de casuística [...] uso tradicional do lume.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Non. As motivacións poden ser distintas. Imaxínate que son por negligencia producida por unha actividade, pois o que condiciona iso é a actividade que desenvolves, polo que depende das actividades que se desenvolven nesa área.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Os motivos son máis ou menos iguais, pero dependendo de cada rexión as causas son diferentes.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Non, non. Dependendo da xeografía, da topografía, como dos ventos locais e o tipo de vexetación pode darse dunha maneira ou doutra.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Ao salientar que as causas son moi diferentes dependendo da zona, á hora de falar de solucións temos uns resultados similares. Atopamos que baixo a opinión dos profesionais do sector, debe haber unha serie de solucións comúns a grandes trazos, pero cando estas se definan de forma específica, débense ter e conta as peculiaridades de cada rexión.

-“Hai unha serie de solucións a grandes rasgos que si, poden ser comúns. Pero despois... O que son as labores de prevención si [...]Se ti o que queres e ir máis alá e queres erradicar xa tes que meterte non tanto sobre o monte se non sobre as persoas, e aí xa si que hai que adaptarse a idiosincrasia de cada lugar, porque pode ser que o uso do terreo, ou a estrutura de propiedade, ou os costumes...” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Non. Para evitar lumes, por exemplo, en Pontevedra hai moito eucalipto por tema de clima, e os lumes son totalmente diferentes en Pontevedra que en Ourense” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Home, supoño que non. Cada territorio terá a súa peculiaridade, pero bueno, si intentar cambiar o tipo de vexetación en todo o territorio que se cambiaría moito.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

5.1.5 Motivos que indican o tamaño do problema en Galicia

Os entrevistados creen que o problema dos incendios está tan acentuado en Galicia porque existe unha cultura e tradición do uso do lume. O feito de que o lume sexa unha ferramenta tan común e próxima tamén a converte nunha arma de fácil acceso e emprego para facer dano. Isto, sumado a desvalorización do monte e ao abandono do rural, fan que se produza unha situación perfecta para que o territorio se vexa tan afectado. Tamén existe un factor económico-político do que a maioría dos entrevistados non falan, ben sexa porque non o consideran ou porque prefiren non tocar ese tema. De todas formas, algún dos profesionais si que o sinalan coma un dos motivos para que se produza.

-“Hai maior número porque temos un uso moi arraigado do emprego do lume que non teñen outros, pero iso xa ven da época dos celtas.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“En Galicia sempre se usou moito o lume para limpar as fincas [...]entón é unha ferramenta [...]moi cómoda e que é moi doada de empregar. E así como se utiliza como ferramenta, se utiliza como arma para facer dano.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Unha das razóns é que sempre se tivo o monte máis desvalorizado, o monte en Galicia sempre foi unha cousa pouco valorada [...]E despois a segunda parte: abandono, envellecemento de poboación, a costume do lume que sempre se empregou en Galicia coma unha ferramenta...” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“É un tema de contexto histórico na maioría dos casos [...] e os motivos dos lumes, son por exemplo, morriña de xente que traballou as terras con 15-20 anos e despois emigraron, volven de novo aquí e ven as terras abandonadas e moitos métenlle chisqueiro porque é o máis fácil e o máis barato.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Sempre houbo a cultura do lume.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Un é o tema económico e outro sería o tema político.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Ademais sinálasenos que no territorio galego, en canto as súas características físicas, xúntanse unha serie de variables que por separado non deberían favorecer , pero ao

acumularse favorecen moito. A combinación de clima húmido intercalado con épocas secas, sumado ao crecemento tan elevado da vexetación e o tipo desta que existe, son condicións fatídicas para que se produzan os incendios.

-“Temos durante nove meses ao ano [...] un clima que favorece a produción de matogueira, de biomasa brutal. [...] E despois temos 3, 4 e a veces 5 meses de seca, que non está a nosa vexetación acostumada a soportala.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Si, a cantidade de materia orgánica que xera” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“A característica que hai aquí é a vexetación” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Maioritariamente a orografía” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Simplemente son variables que por separado non favorecen incendio, pero cando se xuntan entre elas [...] temos unha taxa de crecemento da vexetación moi grande, temos tipos de vexetación que canto están a arder pola súa configuración fisiolóxica e os seus compoñentes químicos arden ben, e hai tipos de bosque ou monte que teñen máis facilidade de arder pola estrutura da vexetación do combustible. [...], xunto con un clima que favorece moito o crecemento porque hai moita precipitación e moito calor [...] que tamén está provocando épocas secas.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Á hora de falar de por que se produce un número tan elevado de incendios provocados si que se sinalan algúns factores económicos, como poden ser os contratos e o prezo da madeira, pero tamén se volve a recalcar a tradición no uso do lume que converte ao feito de prender nunha arma común de vinganza e cunha gran facilidade para causar moito dano.

-“Quizás é a casuística, temos máis tradición de emprego do lume e de xestionar o territorio [...] Antes tiñamos gando no monte, cultivábase as terras, traballábase e agora o máis rápido é o lume.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“A xente ten esa arma de vinganza, esa ferramenta mal empregada.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“A ver en Galicia hai tanto número de provocados porque a economía do lume xera moita... é coma unha bola. E agora hai moitos casos de xente que prende pensando que os van a contratar...” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.2 CAUSAS, FACTORES E CONDICIÓNS (CFC)

5.2.1 Causas declaradas polos entrevistados

Compre indicar que durante as entrevistas se lles amosaba aos entrevistados unha imaxe dun estudio do CIS de febreiro de 2006 onde se representaba nun gráfico as opinións da xente sobre cales eran as causas principais dos incendios forestais (ver *Anexos, apartado “Causas dos incendios” do cuestionario*). Os traballadores forestais coméntannos que as causas non están ben definidas neste estudo, xa que

determinadas categorías como era o caso de “económico” e “pirómano” son máis amplas e poden afectar a outras causas, ademais de que non se tiñan en conta as variación de causas que se producen dunha zona a outra. Tampouco se mostraban a favor coa distribución porcentual representada, tanto polos motivos sinalados como pola súa propia experiencia particular.

-“Os números... non estou de acordo porque claro, non son o mesmo dunhas zonas a outras, e por outro lado, eu desde dentro observo que hai outra variación de causas, non é así.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Cando se lle preguntaba aos profesionais do sector directamente polas causas que eles consideraban como principais, sen facer alusión a calquera outro tema e coa finalidade de coñecer a súa opinión e visión do tema, os motivos que se comentaban eran variados. Resúmense a continuación:

O abandono do rural era unha das causas que aparecía entre os entrevistados, tanto á hora de provocar maior número de incendios como de facer que estes teñan unha maior virulencia.

-“Para min é o abandono do rural, non sei que pode haber detrás noutros aspectos, pero para min é o abandono.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Tamén se fala de temas económicos e políticos, pero non se definían máis profundamente.

-“Tema económico e tema político. E despois poderíamos meter como terceiro limpeza. Limpeza da xente que ten as fincas, e por non desbrozalas por abandono, pois a maneira de limpalas é con lume.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

A vinganza é un dos motivos que tamén aparece sinalado polos entrevistados, empregando o lume como unha arma para facer dano, xa que se trata dunha ferramenta que se coñece. O coñecemento desta arma está vinculado a esa cultura do lume xa sinalada con anterioridade, o que leva a que gran parte das negligencias provocadas sexan culpa deste sobreemprego do lume baixo o pensamento de que “nunca vai a pasar nada”.

-“As principais motivacións para min serían algún tipo de... Vámoslle chamar vinganzas, por dicir unha palabra, querer causar un dano a algo ou alguén [...]. Esa sería a causa, e cando digo a causa refírome a causa pola cal prenden lume, que despois ese lume vaia arder 5 metros cadrados, ou 5 ha ou 5000 ha, xa depende de máis factores [...]Despois hai que ter en conta que hai incendios involuntarios, accidentais, pero bueno, incluso hai descoidos.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Aquí a maioría dos lumes e por tradición, por negligencias, hai a costume de que nunca pasa nada e ao final pasa. Tamén hai moitos pirómanos” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Por último, atopamos que os profesionais baixo a súa experiencia detectan que as causas tamén están fortemente diferenciadas segundo a zona e as actividades que en ditas zonas se desenvolvan, ademais das peculiaridades que existan dependendo de que sexan lugares máis urbanos ou máis rurais.

-“Eu polo que coñezo, cada demarcación ten a súa problemática. Por que? Porque ten as súas definicións propias. Ou se caza moito, igual hai moito pastoreo... [...]É dicir, non hai un patrón exacto.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Depende por zonas [...]. É moi distinto dunha zona máis urbana a unha zona máis forestal.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Noutra das preguntas da entrevista (*ver Anexos, apartado “Causas dos incendios” do cuestionario*), pedíase aos profesionais do sector que fixeran unha distribución porcentual aproximada entre cidadanía, administración e industria á hora de sinalar a culpabilidade do incendio forestal. Os resultados atópanse na seguinte táboa:

Táboa VIII: Distribución porcentual entre institucións da culpabilidade dos incendios forestais

DISTRIBUCIÓN DE PORCENTAXES DA CULPABILIDADE			
CÓDIGO	CIDADANÍA	ADMINISTRACIÓN	INDUSTRIA
E1	40%	40%	20%
E2	60%	20%	20%
E3	25%	50%	25%
E4	50%	50%	²
E5	10%	30%	60%
E6	25%	50%	25%
\bar{X}	35%	40%	25%

Fonte: Elaboración propia

En xeral sinálase á administración como a principal culpable, non no feito de que sexan os causantes de plantar o lume xa que iso non lles favorecería, pero si como responsables dun déficit en prevención e concienciación da poboación. Tamén se lles sinala como culpables ao respecto das especies que permiten que se planten no medio natural.

² E4 non lle deu ningunha puntuación á industria porque considera que depende das outras dúas categorías, que a industria soamente se beneficia dunha situación creada entre administración e cidadanía.

-“Unha pregunta boa (risas), está claro que a administración non planta os lumes, non é a responsable, pero pode por os medios para que non se produzan, e en caso de que se produza algún polo que sexa, que as consecuencias teñan un límite, que non se estendan tanto os lumes.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Soamente nun dos casos (E5) se lle deu unha maior importancia á industria por encima das outras categorías, pero á hora de afectar á media, vese compensado pola visión do entrevistado E4, que lle da un 0% xa que o ve coma un factor que depende dos outros dous. O E5 móstrase crítico coa industria durante toda a entrevista, sendo o máis crítico nese aspecto respecto de todos os entrevistados.

“Eles aprovéitanse dunha situación creada, pero non creo que a cren, porque así como as veces lle causa un beneficio de madeira queimada, outras veces, non che vou a dicir que van a perder porque eles buscan a forma de non perder, pero si que lles complica máis a vida. Vouche poñer un exemplo: se soamente tes madeira queimada, ruín, que todo o mundo corta iso, ao final estás xerando unha falta doutros tipos de produto que tamén demanda a industria.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

A cidadanía tamén ten unha porcentaxe moi elevada, xa que se sinala como gran culpable baixo o razoamento de que si a xente non planta lume o monte non arde, ademais de existir unha gran falta de concienciación e valorización do monte.

5.2.2 Vexetación e incendios

Cando se lle preguntaba aos entrevistados pola existencia de especies que favorecen os incendios forestais, todos eles fixeron referencia ao eucalipto sen que se lles nomeara en ningún momento. Ambos técnicos van un pouco máis alá e falan de que certas especies como eucalipto e pino, xeran máis matogueira (máis combustible) o que ao xuntarse con outros factores, provocan incendios de gran tamaño. Falan de que se produce unha adaptación casual ao lume, pero tamén se sinala que si estivesen ben ordenadas e manexadas non habería un problema de tanta magnitude con estas especies.

-“Claro, o incendio non é o mesmo que vaia a unha carballeira, a un eucalipto ou a un pinar. A extinción é diferente, é totalmente distinta a velocidade de propagación.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Claro, o eucalipto.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Si bueno, o eucalipto en xeral é un deles.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Si bueno. O eucalipto das peores, despois certo tipo de coníferas dependendo da zona onde estean, por exemplo, a pseudotsuga é moi inflamable.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Hai... (medita) bosques ou formacións que si favorecen os incendios forestais. Pero non é soamente a especie arbórea, se non o que hai debaixo e a forma de traballalo. Os eucaliptos si, favorecen determinado tipo de lumes, que son os focos secundarios, hai focos secundarios con moito máis alcance nos lumes de eucaliptais que noutro tipo de incendios.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“A ver hai formacións [...]que polas súas características fisiolóxicas e pola estrutura da vexetación e o tipo de bosque que crean, pois si, o lume pode avanzar máis rapidamente porque ten máis carga de combustible [...]pero non é unha vexetación que por si mesma favoreza o lume. Incluso o tema do eucalipto, o eucalipto está máis adaptado ao lume, sobrevive máis e mellor, pero é unha adaptación casual [...]Concretamente este e o piñeiro son especies que deixan pasar moita luz para o chan, iso crea máis matogueira, e o matogueira moitas veces está máis seco. Se o sumamos co tema da sequía, pois si, o lume pode ir máis rápido por aí e con máis virulencia que noutro tipo de superficies.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Como se reflexaba no marco teórico desta investigación, a provincia de Ourense non é unha zona de Galicia onde abunden as plantación de eucalipto en comparación coas zonas de costa. Pese a isto, si que é a zona máis afectada polos incendios forestais. Ao preguntarlle aos entrevistados por isto indícanos que os lumes nesa zona son doutra índole, lumes topográficos e convectivos motivados pola acumulación de biomasa e a sequidade.

-“Temos outro tipo de incendios (...)Son lumes convectivos, lumes topográficos e eses son máis os lumes que hai en Ourense que non hai en Pontevedra.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Á hora de tratar máis en profundidade o tema do eucalipto, a opinión que teñen é que se trata dunha especie perigosa, que fai que o lume se propague e favoreza os focos secundarios³. Trátase dunha especie demonizada, que ten moi mala imaxe polas consecuencias que provoca no territorio, polo que esta demonización garda certa xustiza. Non se considera unha especie que non deba existir no territorio, xa que produce grandes beneficios e ten moita demanda, pero si que existe un mal manexo que provoca situación de alto risco.

-“A plantación masiva de eucalipto, para min é contraproducente [...] é moito máis perigosa á hora de facer as tarefas de extinción. Os focos secundarios, cando empeza un lume, tanto a corteza como a folla do eucalipto é moi lixeira e moi abrasiva, entón cando hai un lume e se desprende esa corteza ou esa folla, voa e segue estando abrasivo e onde cae prende. Ao pino non lle pasa iso, pode ter un lume de copas, cando arde toda a parte de arriba, que é moi perigoso, ou pode arder por debaixo, pero o eucalipto é iso, o problema son os focos secundarios que provoca.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Hai unha demonización porque un dos efectos que causa é ese (lumes moi virulentos), pero iso parte de que hai un estado de opinión en contra del. En contra del e do sistema económico e de bosques do que é exemplo.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Si si si, é xusta a demonización dende logo. Eu teño estado nun incendio de eucalipto e é salvaxe.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

³ Os focos secundarios son lumes producidos polo vento que arrastra combustible ardendo e fai que se incendien outros focos e se produza unha facilidade de propagación.

-“Non, é a realidade. E o que hai despois é un descontrol. O eucalipto debería ser unha especie ordenada, e hoxe en día está totalmente desordenada” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

O eucalipto é unha especie que se planta de forma masiva porque é moi rendible a curto prazo para conseguir certos produtos, xa que posúe un crecemento rápido que non precisa de grandes coidados. Tratouse de introducir en moitas zonas, pero en Galicia tivo unha adaptación moi boa. O E6 data a súa orixe en Galicia no século XIX pese a non estar moi definida. Fálase de que o trouxo un cura de Australia, pero trátase dunha historia con contradicións porque outros estudos din que o cura non vivía nunha zona de Australia na que houbera eucalipto.

-“Ditouse que era unha especie moi rendible a curto prazo e instalouse.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Introdúcese porque nun principio porque é unha especie de crecemento moi rápido e no que a xente ve unha aportación económica para a súa vida bastante rendible.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“En teoría din que o trouxo un cura de Australia, pero creo que non porque o cura vivía nunha zona de Australia na que non hai eucaliptos (risas), pero bueno veñen de alá. A cuestión é que se deron moi ben neste clima, e crecen moitísimo, agora mesmo a rendibilidade e que non se asemella a ningunha outra especie de momento.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

O feito de que sexa introducida doutros países, lévanos a tratar cos entrevistados se esta debe ser considerada coma unha especie invasora ou non. As respostas que atopamos respecto disto lévannos a decatarnos de que se trata dun terreo moi subxectivo. A maioría dos entrevistados non a consideran invasora porque non brota de raíz, se non que é plantada polos humanos (se non plantas, non medra), pero algún dos entrevistados din que si a consideran porque ten un carácter invasor sobre outros terreos. Neste punto conclúese que o problema non é a súa catalogación como invasora ou non, se non o descontrol en canto a súa ordenación e ó manexo de dita especie.

-“Non, controladamente non. Ten o seu proceso e o seu rendemento [...] O problema é que se faga descontroladamente.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Dende o momento, eu cientificamente non podo considerala invasora dende o momento que se está plantando por propietarios. Sería invasora se toda a súa reprodución fose natural.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Tanto como invasora, invasora non, pero bueno, cun problema bastante grave.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Iso é un concepto moi técnico, realmente hai moitos tipos de eucalipto, e o eucalipto que máis cultiva non brota de raíz, que é o que se considera para ser invasor ou non. Ten efecto invasor sobre outros terreos? Si, sobre todo cada vez que cortas e cada vez que hai un incendio. Pois nese sentido eu si a consideraría invasora” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Eu creo que non se pode considerar invasora, porque se non a planta ninguén a ver, crece, pero non ao estilo da acacia, é máis difícil, pódela eliminar.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Ao coñecer este déficit de ordenación e manexo tratamos o tema do monocultivo abusivo cos profesionais forestais. As razóns que nos sinalan para que se produza son motivacións económicas derivadas do seu crecemento rápido e a gran demanda que existe dese tipo de madeira, o que a converte nunha especie altamente rendible.

-“Rentabilidade” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“O crecemento tan rápido e a demanda que ten.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“O crecemento rápido.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Económicas.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Os problemas que xera este monocultivo son o empobrecemento do monte e cambio dos ecosistemas, xa que elimina ao seu redor todas as especies e absorbe a auga da zona pola gran capacidade de exploración que teñen as súas raíces. Ademais, tamén dificulta as labores de extinción para a administración e as de prevención para os propietarios privados que a plantan. Os entrevistados opinan que o problema deste monocultivo derívase dun mal manexo e ordenación do territorio.

-“O eucalipto ten unha capacidade de exploración das súas raíces inmensa, vai chegar a unha zona onde haxa auga, e nunha zona onde escasea vai profundar ata onde faga falta, (...)Despois ten efectos acidificadores sobre o terreo, baixa o PH do terreo, a descomposición das follas é máis lenta, é peor (...)Despois o tema de cortar cada 11 anos, realmente estás cortando moita madeira e deixas pouco para que se volva a rexenerar o terreo.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Tanto o monocultivo como o mal manexo, a mala xestión, é un problema. Aquí empeza a ser na Limia, pero na costa de onde veño eu lévao sendo dende hai moitos anos.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Empobrecemento do solo e cambio do ecosistema do monte.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“É moito máis difícil levar a cabo tarefas de extinción. En prevención, a administración pública non planta eucalipto, e máis pino ou outro tipo de especies. O eucalipto e máis a título privado.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Por outra banda, os eucaliptos teñen unha gran capacidade de rexeneración tras o incendio, xa que se favorecen do terreo queimado para a súa repoboación e reprodución.

-“Que se reproducen co lume, cando arde pasa de onde había un eucalipto a haber corenta.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Favorécense do terreo queimado para a súa rexeneración.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Con este tipo de eucaliptos, que normalmente é o globulus, son as xeadas.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“O eucalipto arde e rexenera moito.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Os traballadores que foron entrevistados mostran un clara visión en contra das plantacións masivas e descontroladas de eucalipto, principalmente porque no caso de incendio provocan situacións de auténtico caos. Porén, tamén se mostran a favor da súa plantación ordenada e ben xestionada, xa que defenden que en zonas como a Mariña lucense, a especie está plantada en gran cantidade, pero traballada e cun risco moito menor de que se produzan terribles consecuencias. É unha especie rendible a curto prazo, e como especie para unha paisaxe mosaico non é válida, pero si para o seu emprego industrial.

5.2.3 Factores estruturais

O abandono xa fora reflexado por algún dos entrevistados coma unha das causas principais polas que se producen os incendios forestais na actualidade, pero tratouse máis en profundidade con todos eles, ao ser considerado nesta investigación como un dos factores estruturais que maior influencia teñen nos lumes. Atopamos distintas perspectivas por parte dos traballadores, xa que como puidemos comprobar, o abandono pode afectar de distintas formas ao tema de incendios. En primeiro lugar, o abandono do rural provoca unha falta de coidados dos terreos, polo que a matogueira está abandonada e o arbolado enmarañado. Isto provoca que cando se produce un lume se estenda cunha maior facilidade e velocidade. Este descoido das fincas tamén provoca que cando os propietarios regresan a elas e queren limpar, ven no lume unha ferramenta sinxela de empregar (retomamos o tema do arraigo da cultura do lume), e esta ferramenta en ocasións termina por descontrolarse.

-“Hai abandono das fincas, a xente non quere limpalas manual ou mecanicamente e optan por plantar lume e limpar.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Razón física de propagación do lume. Se hai abandono, hai zonas onde non se está traballando, polo que un lume pode atopar máis facilmente por onde avanzar porque hai matogueira abandonado ou porque o arbolado está nunha situación enmarañada.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Si esa superficie rural estivera traballada, estivera labrada, non tería matogueira e non habería incendios.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Outro dos problemas que provoca o abandono é que as fincas que están máis próximas as casas tamén estean en situación de abandono e descoidadas, polo que cando o lume chega a elas se converte nun lume urbano ao que os traballadores non están acostumados e preparados, tanto por falta de medios para afrontalos como de preparación profesional para coñecer os seus protocolos de actuación. As persoas maiores que viven solas ou mesmo a xente que emigrou e volve en vacacións, con

poucos medios e pouca capacidade para facer fronte á limpeza das fincas, empregan o lume para impedir que avance ata chegar as casas e para limpar, o que tamén pode levar a situacións de auténtico descontrol por falta de coñecemento de como levar a cabo unha queima sen perigo. O emprego do lume como unha ferramenta sinxela e próxima está profundamente arraigado na cultura rural galega resultado dunha tradición histórica.

-“Cambiou moito a demografía, abandonáronse moitos terreos, e moita xente por morriña ou como lle queiras chamar emprega o lume para limpar as súas fincas porque é o máis fácil [...] O problema do abandono do rural é que fincas que están ao lado da casa tamén se abandonan, e á hora da extinción atópaste que tes a maleza metida nas casas, entón xa pasa de ser un lume estritamente forestal a ser practicamente un lume urbano.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Supoño que habrá algún tolo que ve o monte que se lle vota a casa, desbrozar non quere ou non ten con que ou non ten tempo e veñen de vacacións e...” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Outra consecuencia derivada do abandono que nos comentan algúns dos entrevistados é que cando a poboación ve o monte descoidado, este desvalorízase e non se lle da a importancia á hora de plantar lume, de cara a unha vinganza ou como forma de facer dano. Esta desvalorización, producida porque son zonas onde non está explotado e traballado, leva a crear unha corrente de opinión na cidadanía que non exerce a suficiente presión sobre os infractores. Se estivera máis valorado habería máis medo as repercusións, non soamente penais, se non sociais. Ademais, os propios infractores valorarían máis o monte aínda que fora dunha forma inconsciente.

-“Como o monte está abandonado e non vale para nada, non o valoran e si arde que arda [...]en comparación con zonas onde está explotado, está traballado, pois se nota que a xente valora o monte coma un negocio, xa a parte de que teñan valoracións sentimentais doutro tipo [...]se crea un estado de opinión entre a maioría da sociedade, que fai que por un lado sexa máis complicado que o que queira meter lume se lle ocorra empregar o lume como arma e mesmo incluso inconscientemente valora máis o monte, e por outro lado estás rodeado dunha sociedade que valora o monte, aínda que soamente sexa polos cartos que da, e entón si que hai unha presión máis grande.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Outra das causas estruturais que se tratou cos entrevistados foi o réxime de propiedade que existe aínda de hoxe en Galicia, que consiste no minifundismo, onde hai moitas propiedades de moi pequeno tamaño, que co paso do tempo pasaron a estar nas mans de moitos propietarios distintos. Por unha banda, os entrevistados opinan que este réxime de propiedade tamén inflúe no abandono, xa que cando tes unha pequena propiedade que non da un rendemento suficiente, non a valoras e non a traballas, polo que se acaba abandonando. Prodúcese unha despreocupación por parte do propietario e déixase de xestionar, de feito ante as obrigacións legais de limpar, como isto supón uns custos, ao propietario non lle importa que arda xa que aforra os gastos de limpeza que puidera ter que afrontar. Este abandono tamén dificulta os accesos para as labores das administracións á hora de levar a cabo a extinción dos lumes.

-“Ten que ver en que o abandono e non se aproveite a terra. É unha causa estrutural, a propiedade da terra e máis o abandono que fai que se recorra ao emprego do lume.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Un cacho pequeno non che vale de nada, é dicir, se queres ter unha xestión dos recursos e sacar un mínimo rendemento tes que ter unha superficie (...), se o que miras é que o único que che da son gastos e tes que limpalo porque o lindante che protesta ou pola lei de incendios, unha finca tan pequena que non vale para nada a xente se desentende dela e é normal que si arde non lle importe e hasta lle pareza ben porque se aforra limpala. Entón si, a estrutura da propiedade particular é un problema en Galicia porque fomenta o abandono e o pasotismo respecto aos lumes.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“As superficies grandes sempre son as que menos se abandonan, o peor sempre son as pequenas.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Por outra banda, os profesionais do sector maniféstanos que a administración, a raíz da catástrofe do pasado outubro de 2017, comezou a involucrase en facer cumprir a normativa das faixas e xestión da biomasa. Como consecuencia disto xurde o problema de que moitas das fincas, ademais de existir unha multiplicidade de propietarios, son de titularidade descoñecida. A Xunta encárgase de denunciar os casos que non cumpran a normativa, pero os Concellos son os que teñen que notificar aos propietarios que, en moitos casos, son descoñecidos pola falta de actualización dos catastros.

-“Hoxe en día a maioría das fincas son moi pequenas, con titulares descoñecidos na maioría dos casos [...]No 2007 cando se publicou a lei de incendios, xa se facía mención das faixas de xestión de biomasa [...]. Existen fai máis de dez anos, pero tivo que ocorrer o do ano pasado para que a administración o aplicara e obrigara a xente a facer iso. O que sucede con isto é que moitas das propiedades que hai hoxe en día, non teñen titulares fixos, teñen donos, pero estes morreron e quedaron os herdeiros, e na maioría dos casos a administración non ten accesibilidade a saber quen son eses titulares, entón iso é moi difícil para a administración [...]. Esa lagoa nas titularidades é un problema moi grande.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.2.4 Industria madeireira

Cando se lle preguntaba aos entrevistados pola relación entre a industria madeireira e o incendio forestal, estes explicábanos desde visións diferentes. Algúns deles comentábanos que o incendio forestal queima arbolado, e a madeira queimada que se producía era máis barata no mercado, e para a fabricación de determinados produtos como a pasta de papel non perdía as súas propiedades.

-“A madeira queimada non vale o mesmo que a verde. É máis barata. E encima supoño que pa certa industria primaria válelle igual, si é pa moer ou algo.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“A ver, a relación, unha madeira sen queimar de piñeiro pode andar a tonelada nos 16,18, 20, 25€... Unha tonelada de madeira queimada, nos 3, 4 ou 5€.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Os entrevistados tamén ofrecían a visión contraria, xa que nos dicían que pese a abaratarse a madeira no mercado, resultaba finalmente máis custoso comprala pola dificultade que supoñía extraela do monte, o que facía que fora un problema para as empresas o feito de que se queimase o arbolado.

-“De feito está de sobra demostrado que extraer madeira queimada dun monte é máis custoso e dificultoso para unha empresa que a propia madeira en verde.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Son prácticas que se viñan facendo, eu agora dubido moitísimo que a industria ande intentando meter lume para conseguir madeira [...]. Porque realmente tampouco baixa tanto o prezo da madeira, é máis ruín traballar en zona queimada.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Estas dúas visións explicadas son contrapostas. Os que amosan unha visión máis crítica son Xefes de Brigada, cun traballo máis vinculado directamente coa extinción do incendio, mentres que os que ofrecen a visión menos crítica coas empresas son técnicos e axentes forestais. No que si que coinciden todos e que os propietarios teñen a obrigatoriedade de talar a madeira queimada por incendio, e ademais teñen a obriga de reinvestir o diñeiro obtido no monte, o cal non se fai na maioría dos casos porque a normativa non se cumpre.

-“Si, si. A comunidade de veciños está obrigada a quitala do monte. É outro punto que bueno, si están obrigados a quitala debían axudar.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Si. En teoría, volvemos a que as leis non se cumpren ao 100%, a madeira queimada hai que cortala, e os cartos que xeran hai que volver a reinvestilos no monte, pero bueno, non se fai.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Tamén manifestaron que esta relación estaba no pensamento colectivo da sociedade porque se tiña producido no pasado, o que fai que agora no presente exista esa sensación na cidadanía de que a industria queima o monte. Explícasenos que os incendios hai anos non eran tan agresivos e non dificultaban tanto posteriormente as labores extractivas das empresas madeireiras, polo que a industria se beneficiaba dunha situación creada e existiron unha serie de persoas do proceso de produción da industria madeireira que si estiveron vinculados co tema de incendios forestais.

-“Eu creo que houbo casos e se chegou a descubrir que algún madeireiro prendera, pero tamén daquela non se facía tanta investigación nin se andaba tan encima desas cousas.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Porque no pasado hóuboa, porque a industria se favorecía dunha situación na que había madeira barata, que valía para empregar porque era madeira que ardía un pouco, porque antigamente ardía máis raso que arbolado [...], encarecía un pouco o procedemento e o manexo industrial da maquinaria, pero compensábano pagándoa moito máis baixo, entón digamos que se aproveitaban dunha situación creada [...] pero eu non diría que a industria provocaba os lumes directamente, se non que se aproveitaba desa situación.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Tamén se fala dunha relación indirecta. A empresa ENCE aproveita todo o eucalipto de Galicia, o que provoca que se multiplique a súa plantación e cultivo no medio forestal e se empregue para substituír a outras especies que non teñen un crecemento tan rápido, nin unha rendibilidade tan alta. O monocultivo de eucalipto, como xa comentamos, provoca que os incendios sexan peores en canto a súa intensidade e virulencia e ademais provocan moitos focos secundarios, de aí a que exista unha relación indirecta da industria e o incendio neste sentido.

-"Despois o que é o eucalipto, si, temos unha empresa chamada ENCE que necesita alimentarse e iso inflúe na masa forestal que hai en Galicia." E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Os profesionais forestais tamén nos manifestan que ao falar de industria da madeira en Galicia tamén resulte necesario falar de política, xa que ao tratarse dun sector potente, este exerce presión sobre o poder mediante *lobbys*, ao igual que outras industrias como a enerxética e a mineira. E por iso que certas empresas como ENCE exercen unha forte influencia sobre o poder, porque xeran riqueza, algo que beneficia directa e indirectamente ao poder político.

-"A industria xera diñeiro, o diñeiro xera poder, o poder xera favores... Iso é imposible que non estea relacionado. Canto máis potente é un sector, máis presión ten." E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-"A relación que pode ter ENCE con certos políticos e bueno, o favoritismo que cree certa xente que se lle está dando a ENCE e bueno que o tema do eucalipto é para darlle madeira a ENCE." E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Isto a súa vez tamén se converte nun problema, xa que debido a este exceso de presión por parte da industria da madeira, acaba por producirse unha situación de oligopolio como a que existe actualmente. O eucalipto véndese soamente á empresa X e o piñeiro véndese soamente a empresa Y, sen existir unha competencia no mercado que lles complique, o que provoca unha situación de privilexio moi grande para certas partes da cadea de produción que sen bondade política resulta moi difícil de revertir.

-"En Galicia temos unha situación de oligopolio, que temos que a maioría do carto ven do eucalipto ou do piñeiro, e a maioría do piñeiro cómprao [...] unha gran industria e a maioría do eucalipto cómprao outra. Non hai unha competencia real que lles anime, entón eles intentan influír para que esa situación que eles teñen de privilexio sobre o mercado se manteña ou que sexa máis grande." E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Finalmente, profundouse cos traballadores forestais sobre a presenza de ENCE no territorio galego, preguntándolles se isto favorecía a existencia dos incendios forestais ou non. Incluso o entrevistado máis crítico co sector industrial (E5) non cre que ENCE sexa prexudicial. En concreto, nesa zona, onde abunda o pino e escasea o eucalipto, prodúcese multitude de incendios cos que ENCE non garda ningunha relación, directa ou indirecta, xa que ENCE aproveita a madeira de eucalipto e o pino que se cultiva nesa zona vai para empresas de Portugal. Pola contra, os profesionais do sector

amósanse a favor de empresas deste tipo, indicando que o que se necesita en Galicia é máis industria da madeira, xa que todo o proceso da cadea de produción debería ter presenza no territorio para un mellor aproveitamento.

-“Creo que é unha parte, o que falta é industria, non sobra. O que pasa que ENCE soamente fabrica pasta, o resto da cadea de valor está fora. Aquí o que producimos é cantidade, non calidade.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Non. Porque pódoche dicir que na zona onde eu traballo, o 95% da madeira vai para Portugal.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Non, ao contrario. Produce postos de traballo, riqueza, beneficios para os pobos... Tamén xera conflitos, pero...” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.2.5 Cambio climático

O cambio climático foi outro dos temas tratados cos entrevistados, aínda que algúns deles xa sacaran o tema previamente á hora de explicar o cambio nas épocas de maior impacto dos incendios. A relación que nos comentaron é que o cambio climático principalmente produce menos choiva, o que da lugar a un combustible máis seco e menor humidade relativa, en definitiva, maior sequidade, o que tiñamos reflexado ao principio da análise como o factor determinante á hora de producirse un incendio e facer que se manifeste en peores condicións. Este cambio no clima vai producir unha vexetación adaptada a condicións máis secas, o que fai aumentar os seus aceites naturais. Estes aceites en contacto co lume fan que arda moito máis facilmente, como así nos explica un dos técnicos entrevistados.

-“Fálase de pouca humidade relativa, moito vento e moita temperatura, iso antes non existía. A humidade aquí nunca baixaba do 70% e agora está no 30. Mas sequía e temperaturas moi elevadas durante máis tempo. Non é que o lume prenda solo, pero cando hai algo que o favorece... multiplica a propagación e que as negligencias vaian adiante.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Afecta que hai menos choiva, entón o combustible está máis seco, o estar máis seco e máis probable que se produza un incendio porque incluso necesita menos calor para prenderse, para iniciarse a reacción en cadea. Inflúe en que pouco a pouco vai a provocar que a vexetación cambie a unha vexetación máis adaptada á condición secas e unha vexetación que soe ter máis aceites naturais [...]. Entón eses aceites unha vez que chega o lume a temperatura de 200 grados, arde máis facilmente.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

O cambio climático tamén produce que se intercalen épocas de moita choiva, que produce gran aumento da vexetación, con épocas de seca, que produce que a vexetación crecida arda con maior facilidade.

-“Tamén os modelos que teño mirado de cambio climático, falan de que se van a alternar épocas de moita choiva, con épocas de máis sequidade comparativamente co que hai agora .” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Ao sacar o tema do cambio climático, os entrevistados fixeron de novo alusión a que os meses complicados pasaban de ser xullo-agosto-setembro (principalmente agosto)

a maio-xuño-xullo-agosto-setembro-outubro, é dicir, un maior abanico temporal e épocas de seca moito máis prolongadas e acusadas.

-“Os meses complicados sempre foron julio, agosto e setembro, centrado principalmente en agosto. Agora xa os meses de calor e de sequía hai maior abanico, agora dende maio ata finais de outubro fai calor e é época de sequía e ese rango cada vez é máis maior.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.2.6 Outras causas

Noutros temas referidos as causas dos incendios tamén se falou dos perfís sociodemográficos que tiñan as persoas causantes dos incendios. Nos casos por imprudencia soamente destacaron que se trataba de poboación rural, aínda que resida en cidade, pero que garda un relación estreita co mundo rural polo seu pasado ou o dos seus antepasados. Outros dicían que non hai un perfil, xa que depende da actividade que se desenvolva e iso pódese realizar persoas de calquera tipo.

-“Pois o que son negligencias, accidentes, si, calquera tipo de poboación rural, pode ser calquera, porque para iso non hai un perfil tipo.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Non, non hai un perfil. Iso pódese dar en todas as condicións e non hai nada escrito. Porque iso faino a actividade que desenvolva.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

En canto aos pirómanos si que se establece un perfil que corresponde ao reflexado no marco teórico, é dicir, unha persoa xeralmente varón, de 40-60 anos, solteira, nivel de estudos moi baixo e con algún tipo de problema social (xeralmente alcoholismo e/ou mala relación cos veciños). Tamén se nos indica que actualmente os perfís teñen falta de efectividade, xa que os casos máis recentes de piromanía non se correspondía co que din os informes de perfís tipo esperado. Isto complica máis as cousas á hora de buscar posibles culpables.

-“Nos intencionados, nos que van facer dano, si que eu diría que os perfís que sacan nos informes da fiscalía son bastante acertados no sentido de que soen ser varóns a partir de mediana idade con algún problema.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Si. O perfil dun pirómano é unha persoa solteira, analfabeta, duns 40-60 anos e xeralmente alcohólica.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Agora por experiencia, os últimos pirómanos, e falo de pirómanos con propiedade, é dicir, teñen unha enfermidade mental, son xente de menos de 30 anos con traballo, con coche (non van andando), pero claro a que perfil corresponde eso? Porque normalmente son doutro grupo de idade, sen traballo, alcoholismo... Pero os dous últimos non corresponden con ese perfil, entón, os perfís...” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Tamén aparece a situación dos traballadores do sector coma un dos motivos polos que se producen os lumes, xa que se ten o pensamento de que si se plantan máis lumes vanse necesitar máis postos de traballo na extinción. Os entrevistados din que

non é o habitual, pero que existen excepcións que poden danar a imaxe de todo un colectivo. Non é unha práctica sistemática, pero que se da, todos os traballos poden ter un traballador que fai accións indignas, e neste caso as consecuencias son moi terribles. A forma de mellorar a situación dos traballadores sería reducir a interinidade e aumentar a profesionalización, xa que si existe unha maior estabilidade no emprego non se deberían producir situacións deste tipo.

-“Basta que teñas unha ovella negra entre 2000 persoas para que cha lée.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Hai algunha persoa que pode pensar que metendo lume vai ter máis traballo ou o seu traballo pode ser dunha forma diferente ou si que hai un aceptación, unha porcentaxe pequena de traballadores, que poderían chegar a esa conclusión e meter lume. Pero so neses ámbitos, nos ámbitos máis profesionalizados, onde che piden experiencia, estudos, se miran as regras claras aínda que estes de acordo ou non con elas, eu penso que a aceptación é case inexistente. Xa iríamos nese caso a un tipo de persoa que ten problemas mentais ou un caso moi moi puntual moi raro.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Si. O que melloraría non é os traballadores, melloraría a situación dos traballadores. O contrato administrativo que teñen.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Danse casos, pero non é o maioritario. Deberíase profesionalizar o servizo de incendios e darlle máis estabilidade a xente.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.3 PROBLEMAS QUE XERAN E ACTUACIÓNS (PXA)

5.3.1 Problemas específicos e clasificación

Como reflexábamos no marco teórico, os problemas que producen os incendios forestais foron clasificados polos entrevistados en tres grupos: sociais ou humanos, ambientais e económicos. Nesta orde é na que establecían a gravidade dos problemas, a excepción daquelas persoas que non falaban do impacto social, imaxinamos que porque se sobreentendía. En canto aos problemas sociais ou humanos, os traballadores forestais maniféstanos o medo que xera na xente, a proximidade do lume as casas, problemas que xera nas persoas afectadas (problemas veciñais, familiares e sociais), feridos que poida producir e mortes que poida causar, tanto nos afectados directamente, coma nos profesionais encargados da extinción.

-“Para min o primeiro problema que temos é de orde social, o medo que temos, chega o lume as casas e incluso arden casas [...]o seguinte é ambiental e o terceiro económico” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Problemas humanos (...)problemas sociais, veciñais e familiares polo tema do lume, pois os danos que causa: feridos, mortos no peor dos casos, ese é o primeiro problema.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Os problemas ambientais que nos aportaron os entrevistados eran moi variados: perda de biodiversidade, emisión de gases á atmosfera, o chan fértil afectado sofre problemas de rexeneración, erosión, desertización, perda de calidade no solo, perda

de estética na paisaxe, contaminación de ríos, perda de arbolado e dificultades para a rexeneración.

-“Hai un problema medioambiental, de biodiversidade, de gases da atmosfera, CO2, o chan que se ve afectado, cando se ve afectado o chan fértil surxen problemas de que o ecosistema non se recupera.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Desertización, unha vez que arde o monte aí non nace nada, a vexetación é mínima.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Basicamente impacto ambiental: perda de solos, contaminación en ríos...” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Un dos problemas é a erosión. O segundo problema é a perda de estética e de especies arbóreas. Ti tes un monte arbolado e pasa a ser raso e con moita carga de material, porque hai moitas especies que se ven favorecidas como é a xesta.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Explicóusenos que os problemas económicos eran consecuencia na maioría dos casos dos problemas ambientais xerados. Por exemplo, os ríos contaminados levaban a producirse un empobrecemento da pesca. Cando se perde a calidade do solo tamén se perden oportunidades para darlle certos usos agrícolas e forestais. A perda de masa arbórea comporta a unha redución no prezo e na calidade da madeira, así coma un maior custo á hora de extraer dita madeira. Ao desaparecer terreos de pasto, o sector gandeiro tamén sofre perdas, ao obrigar aos propietarios a comprar a forraxe para os animais. Por último, os gastos que supón para a administración ter que facer fronte as labores de extinción de incendios de gran severidade, e tamén as labores de rexeneración do monte que corren a cargo do Estado.

-“O problema máis grande é medioambiental, que ven arrastrado un problema económico tamén [...]. E despois bueno, é un tema de madeira que, a parte do problema medioambiental que é o principal, tes o tema económico [...] supón outro custo de ter que volver plantar.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Está o impacto económico, cando hai un incendios contamináanse ríos que repercute na pesca, perdese pasta en masa arbórea e perdese en extinción.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Hai unhas perdas económicas, medioambientais e no peor dos casos perdas de vidas humanas, tanto poboación como dos medios de extinción.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

5.3.2 Forma de afrontar os problemas

En canto á forma de afrontar os problemas, os profesionais entrevistados decláranos que os problemas non están ben atacados, consideran que as medidas levadas a cabo son “parches” e non auténticas solucións.

-“Non... Aquí hai moito salto de mata ou moito parche puntual para tema puntual ou parche para quedar ben, pero a nivel global... Pf, eu penso que non.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Tamén se nos relata que a administración ten que facer fronte a determinados problemas aos que é moi difícil enfrontarse, tanto por problemas ambientais como legais. A Xunta non ten capacidade de actuación sobre propiedades privadas das que non ten a titularidade, polo que as labores de prevención non se poden levar a cabo aí e tampouco as de rexeneración. Por outra banda, como consecuencia do cambio climático e determinados factores estruturais, os incendios aumentaron cualitativa e cuantitativamente a súa severidade nos últimos anos, algo que a administración tamén lle resulta complicado facer fronte.

-“Si, o que pasa e que despois todo vai en función da situación. Despois dásenos a circunstancia de que no monte o 75% son fincas privadas e o 25% é público, actúase sobre o 25%, pero non sobre o 75% das fincas privadas.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Non. Eu creo que a administración non é consciente do cambio que deron os incendios de hai 20 anos para aquí, nin dos problemas que afectan. Porque poñen medidas paliativas, por dicilo dalgunha maneira, non buscan a cura.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Tamén existe deixamento por parte da administración como xa comentamos anteriormente noutros temas, ademais de falta de implicación á hora de afrontar os problemas. Isto acaba sendo un claro reflexo na cidadanía, que como non está concienciada tampouco cumpre as súas obrigacións de cara a reducir a gravidade dos problemas que se poidan xerar. Os entrevistados cóntannos que esta falta de implicación se ve reflexada no déficit de investimentos que se realiza por parte da administración en temas como por exemplo a rexeneración, onde as medidas son pouco efectivas, falta de medios e de inversión económica.

-“Non. A administración non se involucra, é un tema que se puidera delegar a alguén o delegaría. Por outra parte, a cidadanía non está suficientemente concienciada.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Unha vez que arde o monte a inversión que facemos é mínima, o esforzo que se fai por rexenerar ese monte é mínimo.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

5.3.3 Prevención

Ao tratar de coñecer a visión dos entrevistados sobre que se fai en labores de prevención relatáronnos que se fai pouco, a administración soamente ten competencia de prevención naqueles terreos que están conveniados ou son públicos. Problema: o 90% da propiedade é particular e non se incide sobre ela, soamente se fai prevención nos particulares nos poucos casos que se subvenciona dende o Concello. Aqueles montes sobre os que se fai prevención están ben xestionados, pero son poucos e están próximos a terreos de titularidade privada que están nunha mala situación. Ningún dos entrevistados considera que o que se fai sexa suficiente, tanto polo comentado relativo á propiedade privada, como pola falta de planificación e medios.

-“Realmente pouca cousa.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“A Xunta soamente traballa nos seus terreos. Non entra en terreos particulares, iso sería por subvención, pero á subvención entras por un sistema de puntuación. Hai illas desbrozadas en medio dun bosque, polo cal é bastante infrutuoso [...]. Os nosos montes están aceptablemente ben e despois están os particulares e veciñais que son a gran maioría e están como están.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Fanse traballos de prevención, pero claro, fanse naqueles montes que son conveniados ou son públicos. O problema está en que despois está a parte particular ou a parte privada desas terras en abandono que non se incide sobre elas [...]. A única prevención que fan é cando os Concellos dan unha subvención para que se limpen os camiños porque son pequenos e estreitos.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Actualmente por parte da administración, incídese na prevención de zonas urbanas, vías férreas e infraestruturas. Algúns dos entrevistados móstranse críticos respecto da organización das actuacións que se realizan, xa que as consideran totalmente fora de contexto, é dicir, cunha planificación á hora de actuar moi mala.

-“Na administración o que se está facendo agora mesmo en prevención é protexer os núcleos urbanos, os núcleos rurais e empeza a facerse algo na protección de vías férreas, estradas [...] comunicación, pobo, infraestruturas... A administración se nos vamos ao monte está actuando naqueles nos que ten a xestión, ou sexa, sexa en propiedade que son poucos, como montes de xestión pública, é dicir, conveniados, consorcios, etc. [...] e aínda así nestes casos, no propio monte, non se actúa tanto como se debería.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Eu observo unha cousa que sempre me chama a atención, normalmente limpan os cortalumes en outubro-novembro. Non señores, os cortalumes límpenos en xuño-maio, límpenos antes de que veña a campaña, porque unha vez que pasa a campaña...” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Segundo os entrevistados, a prevención debería ser uniforme e profesional realizada pola administración autonómica, quitándolle as competencias aos Concellos. Soamente un dos entrevistados (E6) cre que se deberían externalizar algunhas das labores preventivas, destacando que sexan soamente as labores de roce. O resto mostran rotundamente a súa negativa a isto, facendo que a responsabilidade sexa pública e evitando crear algún tipo de negocio neste sentido.

-“Non se pode externalizar limpar os pasos de auga, non se pode externalizar limpar un depósito de auga onde se cargan as motobombas e outros traballos. Pero si o manexo doutros traballos como desbrozar as pistas, desbrozar o monte, iso debe estar externalizado.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Todo público, teño claro.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Como impós ti aos 300 e pico Concellos que hai en Galicia que o faga. Cada un vaino facer como lle salga das pelotas, por iso ten que ser a administración a que o faga de forma uniforme e profesional.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Xa que a Xunta non pode afrontar as labores de prevención en propiedades privadas, nin é ético que expropie a titularidade, os entrevistados creen que se debería

subvencionar de forma directa ou indirecta a limpeza dos montes. Que a administración chegue a algún tipo de acordo cos propietarios que permita que ambas partes obteñan algún beneficio.

-“A administración autonómica pode actuar nos terreos que ten competencia, xestión ou propiedade [...] *Debería facer*: : mira, eu límpocho a este prezo ou fágóche este tal, a cambio ti non plantas nada, é dicir, ti tes a propiedade, a Xunta como estás en tal zona límpocho para que non arda, para que non chegue o lume aos pobos e as estradas, e desenténdeste pero nunca perdes a propiedade.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

5.3.4 Extinción

En canto a extinción, as opinións aportadas sobre quen debería encargarse de realizala son unánimes. Todos os entrevistados creen que debe ser a administración, cun servizo profesionalizado de incendios forestais (bombeiros forestais). A administración debe ser quen de a formación necesaria para profesionalizar o servizo e non se empreguen empresas privadas nin á xente dos pobos afectada.

-“Debería haber un sistema propio de extinción, profesional, con un número que sexa soportable e estable no tempo. Eu non digo que haxa moitos, pero os que haxa que estean ben e profesionais e formados.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Da extinción dos incendios ten que ser a administración.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“A xente en servizos profesionais de incendios.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Eu entendo que a extinción é exclusiva da administración por medios propios, e máis agora que os incendios son cada vez máis agresivos.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Outras opinións manifestan que a competencia debería quedar en mans da autonomía e excluír aos Concellos, outorgándolle á Xunta as competencias en emerxencias e creando un servizo de emerxencias autonómico público, con divisións funcionais e especializado. Un servizo preparado tanto fisicamente, como en información e que conte cuns medios necesarios e cun alto grado de profesionalización.

-“Se fas unha extinción ben feita reduciras a superficie do lume. Non é o mesmo que teñas profesionais que saiban actuar sobre o medio, que poñas medios que a súa capacidade...” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Un servizo público de emerxencias da administración autonómica que pase de todas e que dentro deses propios servizos tivese unha división funcional, unha especialización de dicir, pois dentro do servizo de, vamos chamarlle servizo galego de emerxencias, pois habería salvamento marítimo, bombeiros urbanos, bombeiros rurais, servizo de emerxencias marítimas, servizos de escapes de gases... Para min o ideal sería iso, un servizo de emerxencias autonómico, público por suposto, con empregados públicos e que dentro houbera as divisións funcionais e especialidades, pero a nivel profesional e dentro do servizo.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

5.4 POLÍTICA FORESTAL E MELLORAS (PFM)

5.4.1 Política Forestal e Incendio

Neste apartado tratouse de obter dos entrevistados todo o seu coñecemento acerca da política forestal e o incendio. Primeiro, á hora de falarmos cos entrevistados de competencias en política forestal comprobamos que todos eles coñecían a realidade da distribución competencial actual, onde o marco máis amplo está establecido por unha lei estatal que lle cede a maior parte das competencias á autonomía correspondente, neste caso á Xunta de Galicia e executadas pola Consellería do Medio Rural. Os Concellos non poden legislar nada en contra da normativa autonómica, pero correspóndelles a responsabilidade en ordenación do territorio.

-“Basicamente todas á Xunta. A estatal fai unha lei marco que realmente non se mete todo e despois correspóndelle todo á Xunta.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Consellería de Medio Rural.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Estas son as competencias que existen a nivel forestal, concretando máis no tema dos incendios forestais existe unha realidade máis ampla. A Xunta legisla o que teña que ver coa prevención, queimas controladas, faixas, xestión de biomasa, etc., pero os incendios tamén están considerados como emerxencias, as cales son competencia municipal. Os incendios poden chegar a ocorrer en lugares que se escapan do nivel municipal e sobre os cales os Concellos non queren ter responsabilidade, polo que á hora de actuar se soen desmarcar do problema. Ademais, o feito de que nun incendio poidan chegar a intervir distintos niveis administrativos, complica as cousas para as persoas encargadas de loitar contra o lume, xa que a coordinación entre distintos niveis gobernamentais é deficitaria.

-“O marco máis amplo pono o Estado e a partir de aí todo autonómico, e a min paréceme ben tal como está [...]. Se queres falar de incendios, aí é máis complexo, porque un incendio aínda que vaia polo bosque é unha emerxencia, as emerxencias están definidas na Constitución como competencia municipal e moitas veces este tipo de emerxencias se escapa do nivel municipal porque ocorre nun lugar onde o Concello non ten competencias.”E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Cando lle preguntábamos pola relación entre as políticas e os incendios, os entrevistados manifestaban que o incendio é consecuencia de moitas cousas, e entre elas están intrinsecamente as políticas forestais. As políticas en xeral teñen unha serie de obxectivos de cara a construír certa parte da realidade social que legislan, neste caso, como queren que sexa o monte galego e como regular as posibles actuacións da xente sobre o mesmo. Polo tanto e baixo esta lóxica, todas as formulacións que se fagan van a ter unha influencia e van a condicionar aos incendios forestais.

-“É unha consecuencia, o incendio é consecuencia de moitas cousas.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Unha política que ten uns obxectivos e ese obxectivos pasan porque o monte sexa así ou asá, o territorio sexa así ou asá e a xente poida facer isto ou o outro. E ao final iso inflúe” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“A ver a política forestal incide sobre todo o forestal. Seguro que si buscamos algunha cousa melloraría, relacionado ca política.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

As políticas tamén xestionan e regulan o tipo de actuacións que a propia administración poida facer sobre o territorio, como por exemplo as labores de prevención e extinción, contratación de persoal, xestión de terreos de titularidade pública, etc., polo que isto incide directamente sobre as consecuencias que poida haber como resultado destas labores de loita contra os lumes, é dicir, afectará en medida do ben planificadas e executadas que estean. Tamén inciden nas accións e actividades que se poidan levar a cabo por parte da cidadanía, como queimas, posibles tipos de plantacións, xestión de biomasa, limpeza de faixas, etc. algo que tamén terá unhas consecuencias de cara á provocación de máis ou menos incendios.

-“Ti para xestionar o territorio tes que ter unhas políticas e unhas normas, e esas normas poden influír nos tipos de traballo que podes facer ou non, ou como facelos.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Por outra banda, os lumes poden servir como arma política aos opositores do goberno de cara a presionar e influír nas súas actuacións. Ademais, as situacións e problemas xerados polos incendios forestais influen directamente sobre as políticas que se vaian a levar a cabo.

-“Si. [...] Porque a oposición para min é unha arma moi boa que ten para manexar a política. Cando hai moitos lumes, a oposición vótase contra o goberno que estea e é unha arma moi boa.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Á hora de sinalar leis concretas que traten a problemática dos incendios, os entrevistados sinalábanos principalmente a lei de montes e a lei de incendios máis os seus decretos, porque estas son as que afectan máis directamente ao tema. Outros profundaban máis e nomeaban a lei de emerxencias (ao ser o incendio unha emerxencia tamén compete a esta lexislación), lei do solo, lei da paisaxe, ordenación do territorio e mesmo o código penal, xa que é o encargado de establecer as penas para os incendiarios e pirómanos. Algún dos entrevistados tamén lle producía certa gracia o feito de falar de leis que regulan temas de incendios, xa que existe moi pouco nesta materia e o que hai é insuficiente e moitas veces non se cumpre.

-“Código penal, a lei de montes, o decreto de incendios, a lei de incendios, e creo que nada máis.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Realmente non hai política que intente loitar contra os lumes. De feito, ti si analizas a lei de incendios, é unha lei que está aí, pero que non se aplica.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Hai as leis xenéricas de montes, como sería a lei de montes do Estado 43/2003, a lei de montes de Galicia 7/2012 e despois especificamente temos a lei de incendios de Galicia 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. Son as específicas do tema. Que pasa? Que aquí tamén tes que contar, bueno a parte da normativa máis de detalle que desenvolve as leis de montes e de incendios por vía decreto, ordes da consellería, etc., etc. ... E tamén os incendios se combaten tendo en conta a lexislación de emerxencias que tamén hai que cumprir. E bueno, despois tamén a ordenación do territorio en xeral, a lei do solo, PXOMS, a lei de paisaxe, etc.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Que queres que che diga... (risas). Non existe, queda moito por facer.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Cando se tratou o tema do eucalipto tamén se lle preguntaba aos profesionais entrevistados polas restricións que existen á hora de plantar e xestionar esta especie. Indicáronnos que para plantar si que existen unha serie de restricións actualmente, aínda que moi escasas. Só se pode plantar onde antes había eucaliptos, deben estar a certa distancia das vivendas e das vías férreas e non se permite a súa plantación en terreos agrícolas e parcelarias (nin de eucaliptos, nin de coníferas, soamente frondosas).

-“Existen restricións ollo, plantar soamente se pode plantar onde anteriormente había eucaliptos [...]. Iso é o que di a lei, na práctica, a xente plántao onde quere [...]. Entón as limitacións son bastante inútiles de momento, as limitacións legais.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“A única limitación que hai aquí en Galicia é que os terreos agrícolas, parcelarias, non che permiten piñeiros, nin eucaliptos, teñen que ser frondosas.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“As restricións das zonas agrícolas, en canto a marxe e en canto a plantalo.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Eucalipto, a través das leis non hai ningunha restrición, soamente hai, por exemplo aquí en Xinzo que hai moita parcelaria, está prohibido.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Con respecto a esta normativa, e a outras, existe un incumprimento sistemático por parte da cidadanía, tanto por pasotismo da propia administración, como por outros motivos de índole ambiental, é dicir, as árbores van crescendo progresivamente, polo que é difícil detectar e atacar o problema con efectividade. Tamén se incumpre polos cambios nos usos dos solos por parte dos propietarios, que ante a falta de continuidade xeracional que siga dando un uso agrícola aos terreos, deciden plantar eucalipto e seguir sacando algún tipo de beneficio.

-“Non é unha cousa que de repente apareza o problema. Unha árbore vai crescendo progresivamente, entón...” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Non, aquí en Xinzo polo menos non.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Supoño que non, como fan con todo.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Non como se debería. [...] Deixamento da administración.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Toda esa xente que antes eran agricultores agora son xubilados e en vez de ver os seus terreos abandonados, plantan eucalipto, porque así teñen as súas fincas traballadas e xéraslle un beneficio.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

En canto a efectividade das políticas na conxuntura actual, a visión que ofrecen os traballadores é bastante negativa. Transmiten a súa visión, baixo a cal as políticas teñen pouca efectividade, ou unha efectividade eventual cando teñen lugar sucesos graves e a xente toma un pouco de conciencia sobre as súas obrigacións de limpeza e cumprimento da normativa. Cando transcorre certo tempo e as desgrazas desaparecen da memoria colectiva, a concienciación desaparece e deixa de haber ese efecto.

-“Pois bueno, pois algo, o tema das casas si se ve, sobre todo se ven por oleadas, cando hai unha ola de incendios a xente conciénciase, di que hai que limpar, pero ten a carreiriña dun can, é dicir, pasan uns anos e a xente cánsase de limpar porque é un gasto e en fin.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Tamén existe unha falta de efectividade pola insuficiencia das mesmas, aínda que hai que ter en conta que se partía dunha situación na que practicamente non había nada. Por outra parte, a baixa efectividade tamén ten que ver con que é moi complicado conseguir atopar os culpables dos lumes, xa que conseguir probas que demostren a culpabilidade dun sospeitoso é moi complexo. Tamén hai que ter en conta que o número de incendios reduciuse, pero a severidade cada vez é maior por culpa do cambio climático e outros factores como o exceso de matogueira provocado polo abandono, o que fai que se produzan consecuencias derivadas moito máis graves.

-“A ver a política algunha efectividade ten, o que pasa que habería que buscar a forma de que eses incendios intencionados chegaran a ser sancionados, porque se non hai unha impunidade.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Como che dixen antes son insuficientes, vaise reducindo a cantidade, pero as hectáreas aumentan.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Eu penso que están tendo un éxito relativo no sentido de que se meten menos lumes intencionados, pero temos que outros factores exógenos fora da lei e da política, como o cambio climático, pódénche levar todo ao traste aínda que sexa unha vez cada dez anos.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Apuntáronnos ademais que a lexislación non facilita o traballo aos propietarios, no que o tema de queimas se refire, o que fai que en moitos casos opten pola vía rápida que é prender lume sen autorización e sen as precaucións necesarias e adecuadas. Se a administración incidira máis sobre a información e a divulgación dos coñecementos á hora de levar a cabo actividades relacionadas co lume, o número de desgrazas ocorridas reduciríase. Ademais tamén poderían mandar medios, xa que a realización

das queimas coincide temporalmente cun momento do ano en que as brigadas de extinción non teñen unha carga de traballo tan grande.

-“Un paisano que é poboación do rural que é a que fai a queima está avanzado en idade, o tipo fai un montón e dálle lume, non sabe os requisitos que ten que cumprir [...] hai certos conceptos que non saben porque ninguén lle explicou [...], favorecer a xente e mandarlle medios propios, sobre todo por alguén do colectivo forestal que controla se hai perigo na queima, ao mínimo perigo que haxa mandas para alá unha cuadrilla e fora, axúdaslle a queimar e santas pascuas. Total, cando se poden facer as queimas, carga de traballo e de incendios non hai, pois solucionábamos o problema entre todos.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

5.4.2 Posibles actuacións sobre a normativa

Cando se lle preguntou aos profesionais forestais sobre posibles melloras no relacionado coa normativa actual, a súa idea como obxectivo principal é conseguir que se cumpra a lexislación que hai actualmente e a que vaia saíndo. Como se cre que a administración ten auténticos impedimentos e trabas á hora de facer traballos de prevención e xestión en propiedades privadas, suxeríusenos que os propietarios deberían ceder aquelas que estean abandonadas, dándolle unha maior importancia a aquelas próximas a vivendas, e conseguir así que se lle dea un uso por parte da administración, que tamén conseguiría algún beneficio por realizar dito mantemento. Isto tamén axudaría a alixear o procedemento sancionador no tema das fincas que non cumpran as normativas.

-“Que se cumpra a lexislación e se deixen de duplicidar as competencias.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Realmente a lexislación debe tirar de políticas para darlle un uso a terra que está cerca das casas. Habería que cedelas, darlle un uso... [...] e no día de mañá con outro valor, sería a Xunta a que diría, bueno eu teño aquí a miña parte [...]. O que ten que haber é unha e que se cumpra. Que diga menos cousas, menos distancias, que non “toque tantos os huevos”, pero que se cumpra.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

Tamén se nos comentou que a mellora da lexislación podería chegar lexislando en ámbitos máis pequenos, analizando as problemáticas de cada zona e as peculiaridades de cada zona en canto a clima, orografía, actividades propias, etc. Ademais, cambiar a distribución de competencias no que as emerxencias se refire, pasando estas de ser de carácter municipal a ser das autonomías. Isto suporía un cambio constitucional, complexo de conseguir.

-“A lexislación de incendios é moi xenérica. Non é o mesmo prevención e extinción en Pontevedra que en Ourense. E mesmo dentro dunha mesma provincia hai moitos casos. Non é o mesmo ter un lume para a zona de Verín, que é moito máis forestal, que o lume arredor de Ourense por exemplo. Habería que quizás lexislar cuns ámbitos máis pequenos e analizar diferentes casos.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Eu cambiaría moitas cousas, pero comezando, a distribución competencial no tema de emerxencias na Constitución.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Tamén se nos apuntou que os delitos de provocar incendio forestal de forma claramente dolosa e intencionada deberían ser recollidos como “terrorismo medioambiental”, xa que atentan contra o patrimonio natural e se conseguiría desta forma endurecer as penas.

-“Que se recoñeza aos pirómanos como terroristas medioambientais.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Poñería máis duras as penas a calquera incendiario [...]. Pa min e que é un terrorista natural porque están queimando o que temos, o máis bonito que temos en Galicia.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Tamén sobre prevención, os traballadores cren que se debería aumentar a planificación e dar a posibilidade de xestionar pistas particulares que puideran mellorar labores preventivas e supoñer un perigo de non estar coidadas. Non cren que se deba limpar por decreto, porque hai zonas que pode ser útil limpalas e outras non. Por outra banda, recordar con máis fincapé a obrigatoriedade dos propietarios e concienciar á poboación dos problemas que pode comportar a ter as fincas abandonadas e descoidadas.

-“Porque podías planificar, podías ter limpas as pistas, poderías definir zonas que son interesantes para un incendio e activar certas medidas nese sitio e unicamente se está facendo nos sitios onde temos encomendada a xestión dos montes, que son unha pequena porcentaxe.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“Eu melloraríao facendo un control sobre as fincas particulares.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Moitas veces a sociedade é moi abandonada, e hai que estar recordando seguido e seguido cales son as súas obrigacións e parece que a xente se está concienciando.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

Á hora de afrontar os problemas sinalados na categoría 3 (PXA), tamén se volve a comentar o tema da especificidade, xa que se pensa que se deberían tomar medidas non xeneralizadas a toda Galicia, que teñan en conta os problemas que producen os incendios en cada rexión, sectoralizándoos por provincias e distritos.

-“Sendo máis específico, non xeneralizando toda a problemática a nivel de Galicia, se non sectoralizando todo problema por provincias ou distritos.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Tamén cada zona ten as súas peculiaridades.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“A forma de actuar antes xa a cambiaría, pero a posteriori terán que valorar o tipo de incendio, o tipo de pendente, o risco de escorrentía, o tipo de pragas que se poden dar...” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Outra das visións aportadas consiste en facer sentir o territorio como propio, xestionalo doutra forma para que se revalorice e a xente teña máis consideración sobre o que lle

poida pasar, polos motivos que sexan: identidade, económico, saúde, etc. Darlle un maior valor, si isto ocorre a xente vaino coidar. Coméntase que se poderían fomentar as actividades ao aire libre.

-“Facer que a xente queira o territorio, cultura do territorio e que lle saque rendemento. Se o queres porque che emociona ver un carballo pois de puta madre, se o queres porque che entran cartos no peto pois de puta madre, pero que o queiras dalgunha forma [...]. Pero por algunha das razóns ou vías, se a xente está de acordo en manexar o terreo, dunha forma máis propia pois melloraremos. Unha vez que haxa ese sentimento, pois as accións pouco a pouco.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Trasladarlle a xente, divulgar a importancia que ten o noso monte de cara a todo, tanto social, como climatolóxico, como económico... E darlle a coñecer e fomentar actividades ao aire libre.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Algúns deles tamén se amosan críticos cos esforzos que se fan por rexenerar o monte, cren que a administración debería realizar máis esforzo en recursos e medios para levar a cabo esta rexeneración, tanto de forma directa, como de forma máis indirecta subvencionando aos propietarios para aqueles terreos nos que non ten titularidade. Tampouco se debe desmerecer ningún dos catro pilares básicos da loita contra incendios: prevención, planificación, investigación e extinción.

-“Unha vez que arde o monte a inversión que facemos é mínima, o esforzo que se fai por rexenerar ese monte é mínimo [...] Tratar de rexenerar o antes posible ese monte.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Para min é unha mesa de 4 patas, e si apostas por unha dela máis que das outras vaise tambalear a mesa enteira. Que 4 patas son? Primeira, prevención; segunda, planificación, que vai ligada a política; terceira, investigación e cuarta a extinción. Se desmereces unha das outras, vas mal.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

En canto ao tema do eucalipto, maniféstase opinións moi diversas, que curiosamente están case correspondidas cos distintos niveis verticais na organización do traballo deste distrito forestal. Son os técnicos forestais os que nos manifestan que se lle debería dar unha multifuncionalidade ao monte, o eucalipto debería empregarse para outras funcións que a de triturar madeira para a obtención de pasta. Isto soamente cren que poda conseguirse mediante un mellor manexo do territorio e unha mellora na ordenación dos usos. Conseguir unha visión conxunta do que se quere do territorio e unha boa planificación.

-“O que ten que haber é un pouco unha visión conxunta, unha planificación, non podes plantar eucaliptos e piñeiros cerca das casas, hai moito monte para poder plantalo.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

-“O eucalipto tamén pode empregarse para outros usos e outros manexos máis alá de cada 15 anos cortalo para triturar. O ideal sería un mosaico, ter diferentes tipos de especies, con diferentes tipos de xestión, con diferentes tipos de destino, incluso combinado con zonas practicamente naturais.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

Por outra banda, os axentes forestais e un dos xefes de brigadas apostan máis por incentivar outro tipo de especies, que aínda que sexan menos rendibles a curto prazo, sexan autóctonas e menos prexudiciais. Tamén ven que isto é complicado, xa que o eucalipto é unha especie moi rendible a un prazo moi curto.

“E incentivar un pouco máis as especies autóctonas: castiñeiro, carballo... Que para min son moito máis rentables que o eucalipto, pero a moito máis largo prazo.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

“Pois de alternativa, buscar outras especies que foran máis efectivas, pero claro o valor que teñen e o efecto que fan non é o mesmo, é dicir, é complicado atopar outra que a plantas e teña o mesmo rendemento.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

“Pois favorecer e subvencionar a plantación de plantas autóctonas e árbores autóctonos.” E5. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

O máis crítico, o outro xefe de brigada (E3), considera que o eucalipto debe ser eliminado por completo.

“Por min destoponaba e deixaba Galicia sen ningún. Quitábaos todos, arrancaba hasta os que están plantados.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Xa precisando máis na distribución arbórea xeral de Galicia, levar a cabo unha reforma da pequena propiedade privada, facendo que se cumpran as normativas, facilitando medios para elo e realizando un maior control aos propietarios. Dar un uso aos plans de ordenación para que se teñan claras as limitacións do que se debe e se quere ter en cada zona.

“De dúas formas: unha reforma da pequena propiedade privada [...] pois se decidimos que sexa de 15hab(a parcela mínima), vamos a poñer as ferramentas para que iso sexa e vamos facelo de maneira que os propietarios forestais que hai agora sen ter que inverter e arruinarse poidan chegar a iso.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

“As zonas urbanas habitadas, esa paisaxe que existe hoxe de árbores pegadas as casas, eucaliptos piñeiros, iso non, iso desbótase. Despois, a zona de costa dáse moi ben para piñeiro ou eucalipto, iso é así. As zonas máis interiores, que non son tan produtivas, hai zonas moi boas e a concentración parcelaria, pois especies de frondosas si que darían para moito.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

5.4.3 Medidas concretas e valoracións

Para finalizar a análise comentárase unha das preguntas que se lle facía aos entrevistados sobre medidas concretas que se lle ofrecían e sobre as cales se lles pedía o grado de a favor ou en contra e que fixeran o razoamento de porque se indicaba tal cousa (*ver Anexos, apartado “Lexislación” da entrevista*). Como resultado dos graos respondidos temos a seguinte táboa:

Táboa IX: Valoracións dos entrevistados das medidas propostas

Grado de a favor (5) ou en contra (1)							
Medida	E1	E2	E3	E4	E5	E6	\bar{X}
Prohibición de prender lume en todo tipo de espazo aberto	4	3	3	3	2	2	2,8
Limitar o tránsito de persoas nalgúnhas zonas do monte	3	2	1	2	1	2	1,8
Impedir o uso de vehículos de motor en zonas forestais	3	1	3	2	2	2	2,2
Prohibición de fumar no monte/campo	3	1	1	3	2	1	1,8
Endurecer as leis por delitos medioambientais	4	1	5	4	5	1	3,3
Limitar o número de especies a plantar	5	4	5	3	4	5	4,3

Fonte: Elaboración propia

En canto á primeira medida, obtívose unha puntuación media de 2,8 polo emprego do concepto “prohibición” na definición. Sempre que se delimite correctamente que tipo de espazos abertos e que se pode facer en cada caso os entrevistados están de acordo en que se permita, xa que forma parte das prácticas agrícolas e forestais dos propietarios. Tamén sería necesario delimitar o espazo e o tempo no que está permitido prender lume.

**–“Hai que definir o que é un espazo aberto, eu son máis partidario de dependendo o tipo de espazo, definir si se pode non se pode ou como se pode.”
E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.**

–“Pero ten que estar regulado e de feito está regulado, tanto en espazo como en tempo.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

O tránsito é unha medida que actualmente xa está limitado en épocas, e segundo os entrevistados esta limitación soamente debería realizarse naquelas épocas que sexan consideradas de gran emerxencia. Por iso esta medida non tivo gran aceptación para os entrevistados (1,8), xa que eles defenden que se o monte está visitado e frecuentado é máis difícil que se prenda lume, xa que as infracción serían máis fáciles de demostrar.

-“Eu soamente limitaría mentres hai emerxencias e lumes. Fora diso, ti estas expulsando á xente do monte e moitas xente lle parece mal, e penso que aí debería ser unha cousa máis inclusiva.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“En algunhas zonas concretas pero moi puntuais. O que quere facer un incendio non vai cando hai xente aí.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

O impedimento de vehículos tampouco tivo moito éxito baixo a opinión dos profesionais (2,2 de media), xa que para eles depende do tipo de vía pola que se acceda, do terreo forestal ao que se acceda, da época do ano e do perigo que xere cada vehículo. Inciden sobre que os criterios deben estar moi definidos neste aspecto. Non limitarían o acceso de ningunha forma as persoas con propiedades, xa que isto o único que conseguiría é facilitar máis o abandono.

-“Depende de que tipo de vía, que tipo de terreo forestal e... Limitacións xenéricas non habendo lumes eu poñería poucas.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Si delimitaría o paso, pero solo si o risco do incendio é alto, pero o resto no e si tes unha propiedade e tes que ir a ela tes que ir.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

O tema de prohibir fumar tampouco foi ben acollido (1,8), xa que tampouco cren que se vaia conseguir eficiencia con elo nin que se arranxe nada. Neste sentido débense tomar medidas de concienciación cara a xente sobre apagar e gardar as cabichas, evitando que se contamine ou que haxa risco de prender.

-“Tanto da que o prohibas se non podes averiguar.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Si tomar medidas, a ver, non podes fumar un cigarro e plas, tiralo. Terás que apagalo e gardar a colilla.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

En canto á medida de endurecer as leis, existen dúas visións contrapostas entre os entrevistados. Os que están a favor de endurecer, que defenden que se trata dun delito moi grave e para que a xente sexa máis responsable á hora de tomar a decisión de prender lume. Por outra banda, a visión en contra, opina que a necesidade é aplicar a lei, non endurecela, ademais de que indican que isto comportaría unha serie de complicacións xurídicas. O feito de que houbera dúas opinións tan contrarias fixo que a media estivese por onde o 3,3, bastante elevada, pero tampouco a un nivel tan alto como para consideralo moi a favor.

-“As leis non hai que endurecelas, hai que aplicarlas.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Válomo deixar nun 4 porque hai dúbidas xurídicas de que iso poida ser aínda que eu sexa da opinión de que si, e porque na maioría dos casos non lle vai importar un carallo.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Hai que partir de que primeiro hai que condenar e na maioría de casos non se condena. Os pirómanos, que para min son terroristas, na maioría de casos non se collen [...]Endurecer as penas, pois si, na maioría dos casos sempre e bo meter medo.” E1. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Sobre todo as de incendios forestais, porque a ver, é moi fácil, moi fácil, e moi barato facer moito mal [...]Para min é terrorismo.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

Por último, no tema de limitar as especies a plantar, os entrevistados mostraron o seu maior grado de aceptación (4,3). Co que si mostraron a súa contrariedade foi co termo “limitar”, xa que baixo as súas opinións é máis corrector empregar a palabra “ordenar”. Isto é clave, xa que ordenación permitiría establecer onde iría cada especie e deixar definido o que se pode e o que non se pode plantar en cada zona. Ademais, facer un control sobre as especies que se plantan, e incidir naquelas como o piñeiro e o eucalipto, favorecendo as plantacións autóctonas.

-“Limitar sería ordenar, deixar as cousas claras, definir o que se pode.” E4. Técnico de Distrito. Xinzo, 2018.

-“Que se plante no sitio que ten que ir, canto máis mellor, benvido sexa.” E3. Xefe de Brigada. Xinzo, 2018.

-“Hai que facer un control, [...] hai que controlar especies como o eucalipto para que non estea como agora, que iso si é un caos.” E2. Axente Medioambiental. Xinzo, 2018.

-“Ordenar o número de especies que se plantan.” E6. Técnico de Distrito. Xinzo 2018.

6. CONCLUSIÓNS

Este estudio fixouse como obxectivo principal axudar a reducir os danos sociais, ambientais e económicos que producen os incendios forestais en Galicia. Para chegar a dito obxectivo, tivéronse que conseguir unha serie de obxectivos específicos, nos que se atopaban coñecer as características, causas, problemas e políticas que rodean os incendios, de cara a facilitar unha serie de melloras.

En canto as características dos incendios forestais en Galicia, atopamos que estes se poden dar durante todo o ano, pero o factor determinante para que ocorran é a sequidade, a cal durante os meses de verán é máis acusada. Por mor do cambio climático, a climatoloxía típica dos meses de verán aumentou o seu abanico temporal considerablemente nos últimos anos, motivo polo cal agora os incendios tamén ocorren en gran medida durante o mes de outubro. A variable que máis nos sinala a gravidade que pode producir un incendio forestal é a súa severidade, é dicir, a intensidade ca que arde e os danos que provoca. Tamén a superficie que arde pode sinalar o problema, mais pode darse o caso de que un incendio controlado arda unha gran superficie, pero o faga de forma controlada e non supoña un gran perigo.

Tamén puidemos constatar mediante a realización desta investigación que os incendios forestais son moi diferentes ao longo do territorio galego, xa que as súas causas dependen das características de cada zona: a orografía, o clima, tipo de vexetación, tipo de zona (urbana, rural, periurbana) e as actividades que nela se leven cabo. Ao tratarse de incendios de distinta índole, tamén terán que afrontarse con solucións específicas que teñan en conta estas peculiaridades, aínda que existan unha serie de directrices a grandes rasgos.

Por outra banda, ao falar das causas dos incendios, temos que falar dunha cultura e tradición do emprego do lume. Este feito leva a agravar unha serie de factores como son o minifundismo, o cambio climático, o abandono, o tipo de vexetación, etc. Os propietarios que ven abandonadas as súas fincas teñen no lume unha arma doada de empregar e que creen coñecer, o que unido a situación de exceso de matogueira e arbolado enmarañado, se propaguen os lumes con gran facilidade. Por este motivo os lumes nos últimos anos aumentaron a súa severidade pese a reducir o número destes que se producen. Estas non son as únicas condicións que provocan que se produzan lumes con facilidade, xa que existen outras como o cambio climático que produce maior sequía e unha vexetación máis adaptada á mesma. Tamén a estrutura da vexetación, xa que o pino e eucalipto moi presentes en Galicia xeran unha cantidade considerable de matogueira, e ademais, unha industria da madeira que potencia que estas dúas especies se planten sen control e sen estar ben manexadas e ordenadas.

Na provincia de Ourense, pese a non haber moitas plantacións de eucaliptos, hai unha gran cantidade de piñeiros, o que leva a que se produzan lumes convectivos, doutra índole, motivados principalmente polas actividades da zona e a acumulación de biomasa e a sequidade. Nas zonas de Galicia onde si hai eucalipto, este produce problemas graves cando se incendian. O eucalipto propaga focos secundarios durante un incendio, unha forma de dificultar enormemente as labores de extinción. Esta especie non está ordenada, e as fincas onde se planta carecen en moitos casos

de limpeza e xestión, un problema grave xa que os combustibles que xera o eucalipto é altamente inflamable. Este mal manexo xera un gran risco para os ecosistemas nos que se planta.

En canto aos problemas que producen os incendios, a clasificación non varía respecto do plantexado inicialmente nesta investigación: sociais, ambientais e económicos. Chegouse á conclusión de que os problemas económicos están fortemente ligados aos problemas ambientais. Entendido doutra forma, todo problema ambiental xerado por un incendio, terá unha consecuencia económica negativa: a contaminación dos ríos provoca perdas na pesca, a desertización provoca perdas para o gando, a perda de masa arbolada provoca perdas para a industria madeireira, etc. A forma na que actualmente se afrontan estes problemas por parte da administración é deficitaria, xa que se implican seriamente soamente cando teñen lugar as desgrazas ambientais. Tamén existe unha falta de inversión e medios, ademais de dificultades na prevención ao existir unha porcentaxe moi elevada de titularidade privada na que a administración pública non ten ningunha competencia.

No que respecta a política forestal, as competencias pertencen ao Estado, que mediante unha lei marco cede a maior parte de competencias á autonomía. No tema concreto de incendios xa se entra nun terreo máis pantanoso e subxectivo, xa que o incendio está considerado unha emerxencia, as cales son competencia municipal. En canto á efectividade e eficiencia que teñen na actualidade, concluíuse que esta é baixa, xa que a normativa en Galicia incúmrese de forma sistemática, o cal dificulta enormemente o traballo de distintos profesionais. Isto é un dos problemas principais e retos aos que se enfronta a política forestal e incendiaria galega.

Ao legislar acerca do monte, preténdese conseguir certo tipo de monte, legislando as actividades que os particulares poden levar a cabo e as accións que a propia administración debe executar para controlar e salvagardar a integridade do mesmo, e na actualidade, pese a reducir o número de incendios que se produce, a severidade dos mesmos é maior polo que tamén hai unhas peores consecuencias. En vista da situación existente, as políticas actuais como lei de montes, lei de incendios e os seus decretos, lei de emerxencias, lei do solo e a ordenación do territorio non están tendo o efecto esperado. A efectividade convértese nun feito eventual, marcado por sucesos graves que ocorren e crean certo tipo de concienciación temporal sobre o poder político e mesmo sobre a cidadanía, pero que co paso do tempo se acaban esquecendo e deixando de cumprir. En canto as sancións, a dificultade para atopar culpables tamén produce que a efectividade neste sentido sexa reducida.

Visto todos estes puntos que rodean o tema dos incendios forestais en Galicia, chegouse a conclusión de que as melloras deben ir dentro dos seguintes criterios:

- En canto as características dos lumes:
 - (1) Ter en conta aqueles lumes que tamén afectan ao monte aínda que non sexa arbolado, á hora de consideralos incendios forestais.
 - (2) Crear estatísticas oficiais en canto á severidade dos lumes.
 - (3) Ter en consideración o aumento do abanico temporal das épocas nas que se producen os incendios á hora de planificar e xestionar.

➤ En canto ao eucalipto:

- (1) Ordenar as plantacións de eucalipto definindo claramente onde se pode e onde non se pode plantar, obrigar aos propietarios a xestionalas e limpalas e facer un seguimento exhaustivo da normativa que se lles aplique.
- (2) Necesidade dunha lei de usos do monte.
- (3) Empregar o eucalipto para a obtención de máis produtos que a pasta de papel.
- (4) Subvencionar e promocionar outro tipo de especies para a compra-venta de madeira, primordialmente as de carácter autóctono.

➤ En canto ao resto de causas e factores:

- (1) Reducir a interinidade dos traballadores, aumentando o seu grao de profesionalización.
- (2) Reducir as trabas administrativas para a activación de negocios no rural e facilitar á poboación o asentamento, de cara a reducir o abandono.
- (3) Concienciar máis aos propietarios sobre as súas obrigas no manexo e limpeza das fincas.
- (4) Promover a educación ambiental dende a administración con programas e cursos enfocados a distintas idades, principalmente na poboación xoven.
- (5) Fomentar boas prácticas cidadás no eido ambiental.
- (6) Facer cumprir a normativa en materia forestal, obrigar aos propietarios a cumprila e sancionar nos casos de que non se faga, xa que o incumprimento da mesma realízase de forma sistemática. A limpeza das fincas, respectar as faixas, etc., debe ser a norma e non a excepción.
- (7) Revalorizar o territorio, facelo sentir propio para que a xente teña máis consideración. Isto pode facerse dándolle maior valor no sentido económico, no identitario, cultural ou sanitario.

➤ En canto aos problemas que xera

- (1) A prevención debe ser uniforme e profesional, realizada pola administración autonómica, evitando a privatización e a formación de negocios. Subvencionar de forma directa ou indirecta a limpeza dos montes particulares. Se fose necesario, que os propietarios cedan os seus terreos a administración a cambio de certo beneficio, sen chegar a perder a titularidade. Debe haber un maior grao de planificación nas labores que se leven a cabo, tendo en conta as peculiaridades de cada zona.
- (2) Cambiar a distribución de competencias en emerxencias para a autonomía, creando un servizo de emerxencias público e autonómico con distintas divisións. Dentro destas divisións, unha delas debe ser a dos bombeiros forestais, un servizo profesionalizado de incendios forestais, formado dende a administración.
- (3) Considerar o delito de incendio doloso provocado como “terrorismo medioambiental” endurecendo as penas desta forma.

7. TOMA DE DECISIONS, FORTALEZAS E DEBILIDADES

O feito de elixir os incendios como tema para a realización do traballo debeuse nun primeiro momento a unha motivación persoal, moi ligada a catástrofe que tivo lugar en Galicia durante o mes de outubro de 2017 naquela fatídica ola de incendios que queimou miles e miles de hectáreas.

Tomar as características, a causalidade, os problemas que xeran e a lexislación como obxectivos específicos, surxiu pola necesidade que existía de coñecer estes aspectos dos lumes á hora de poder establecer unha serie de melloras ou arranxos, xa que o obxectivo dende un primeiro momento foi conseguir mellorar a situación actual e pensabamos que non poderíamos chegar a iso sen coñecer os citados aspectos. Polo tanto, estes criterios e decisións foron os que nos permitiron levar a cabo a parte teórica, na cal procuramos a maior información posible tanto en investigacións, libros, como na asistencia a conferencias.

No apartado metodolóxico, tivemos que decidir que camiño queriamos que seguira o traballo. Nun primeiro momento a intención era levar a cabo un análise de políticas públicas, pero durante a participación nas prácticas en proxectos relacionados co medioambiente e con Galicia, observei como a normativa actual se incumpría de forma sistemática, polo que de pouco servía analizar unha normativa que non se respecta. Ademais, tamén chegamos á conclusión de que as políticas públicas que afectan aos incendios forestais son de moito tipo e gran variedade, máis que a que se imaxinaba nun primeiro momento, e se trata dun terreo moi subxectivo. Polo tanto, decidín optar por unha investigación cualitativa, que mediante o contacto con profesionais forestais conseguise dar a coñecer os problemas que existen actualmente no mundo forestal galego. Todos estes coñecementos que foron adquiridos sobre causas, factores, problemas, lexislación e demais características, foron os que nos lexitimaron de cara a aportar algunha novidade ou mellora, unha serie de directrices que se puideran ter en conta para mellorar a situación do mundo forestal en Galicia.

Nun primeiro momento tratei de contactar co Centro de Investigación Forestal de Lourizán para que contestaran a unha serie de preguntas e facilitaran persoal para entrevistas, o cal non tivo o efecto esperado. Por este motivo, e gracias a facilidade de acceso a informantes nesa zona, centrei o traballo de campo en Xinzo de Limia. Tiven que desprazarme pola miña conta ata o Concello dous días distintos, pero esta foi a única complicación atopada, xa que o resto foron todo facilidades por parte dos entrevistados. Esta investigación non houbera sido posible sen eles, polo que o agradecemento é maiúsculo.

Táboa X1: Fortalezas e debilidades de cada apartado

	Fortalezas	Debilidades
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Trátanse distintos aspectos polo que se coñece máis información sobre o tema 	<ul style="list-style-type: none"> × Obxectivos moi xenéricos que dificultan o seu estudo × Cuestións moi subxectivas nalgúns casos
Marco Teórico	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Revisión ampla dende puntos de vista sociolóxicos e ambiental ✓ Téñense en conta puntos de vista de profesionais de distintas ramas do coñecemento ✓ Temas ben acoutados e correlativos aos obxectivos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> × Carencias de teoría puramente sociolóxica × Dificultade para crear un fío argumental que sirva de unión entre todos os temas do marco × Exceso de tempo empregado en resumir a información necesaria para incluír no apartado
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✓ A mostra conta con persoas con postos diferentes dentro do mesmo distrito ✓ Cuestionario ben organizado de cara ao cumprimento dos obxectivos ✓ Participación en proxectos de corte ambiental como complemento do traballo de campo 	<ul style="list-style-type: none"> × Mostra reducida debido as limitacións de recursos e tempo para o traballo × Determinados temas non foron tratados coa profundidade desexada × Falta de recursos e tempo para a realización dun exhaustivo análise de políticas públicas × Carencia de aportes académicos doutros autores
Análise	<ul style="list-style-type: none"> ✓ As categorías e subcategorías nas que foi dividida a análise facilitan a consecución dos obxectivos propostos ✓ As visións contrapostas en determinados temas aportan perspectivas enriquecedoras 	<ul style="list-style-type: none"> × Densidade moi alta de información que dificultou a realización das conclusións × Complicacións á hora de enlazar cuestións referidas a un mesmo tema

Fonte: Elaboración propia

8. FUTURAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Este traballo, debido as complicacións e limitacións que supón en canto a tempo e recursos, podería ser mellorado en determinadas cuestións. Neste epígrafe recóllense algunha das formas nas que consideramos que o estudo podería ter conseguido de forma máis satisfactoria os seus obxectivos, ademais da forma na que consideramos que podería ter sido ampliado.

En primeiro lugar, formalizar o estudo con casos e variables, definíndoas moito mellor e dándolles valores que posibilitaran unha análise cuantitativa e lle deran un carácter máis empírico ao traballo. Consideramos que desta forma, a cal resultaba imposible de realizar para este traballo de fin de grao polas limitación que supón, o estudo podería ter un carácter máis científico que non basease as súas conclusións nun análise cualitativo con alto grado de subxectividade.

Por outra banda, ampliar o número de zonas a estudar. A zona na que se realizou o traballo de campo é unha forma de representar a visión e a realidade dunha pequena parte de Galicia, os resultados obtidos poden ser extrapolados a unha gran parte da provincia de Ourense, pero nin sequera a toda ela, polas diferenzas que existen entre os lumes en cada área xeográfica e que dependen de cuestións como a orografía, topografía, clima e demais cuestións explicadas durante a investigación. Se o estudo se puidera ampliar a polo menos unha zona representativa de cada provincia galega, os resultados e as conclusións serían moito máis explicativas da realidade galega en canto aos incendios forestais se refire.

Tamén para mellorar os resultados obtidos se podería facer balances económicos e políticos do que suporía para a administración levar a cabo algunhas das medidas propostas, o que xustificara a súa viabilidade e posibilidade de levar a cabo.

En último lugar, a coordinación da realización deste estudo con persoas especializadas en enxeñería forestal, edafoloxía, xeografía ou outras correntes científicas relacionadas co medioambiente, axudaría a darlle unha perspectiva diferente que consideramos que sería enriquecedora.

9. BIBLIOGRAFÍA

- Alonso, S. (24 de Octubre de 2017). Geógrafos de la USC evidencian los efectos del cambio climático en Galicia. *La Voz de Galicia*. Recuperado de <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2017/10/24/geografos-uscevidencian-efectos-cambio-climatico-galicia/00031508845752953882525.htm>
- Álvarez Sousa, A. (1992). *Os Incendios Forestais: Análisis sociolóxica do sector forestal galego*. Vigo, España: Xerais.
- Barreal, J., Loureiro, M. & Picos, J. (2012). Estudio de la causalidad de los incendios forestales en Galicia. *Economía Agraria y Recursos Naturales*. 12 (1). 99-114.
- Barrio, M., Loureiro, M., Chas, ML. (2007) *Economía Agraria y Recursos Naturales*. Aproximación a las pérdidas económicas ocasionadas a corto plazo por los incendios forestales en Galicia en 2006 Vol. 7, 14. [pp. 45-64].
- Carballas, T., Martín, Á., Díaz, M. (2009) Departamento de Bioquímica del Suelo, Instituto de Investigaciones Agrobiológicas de Galicia (CSIC). Efectos de los incendios forestales sobre los suelos de Galicia [pp. 271-301]
- Carballo García, J. & Picos Martín, J. (xullo, 2009). *El Sector Forestal: Problemática y alternativas de futuro*. Trabajo presentado en Xornadas sobre Políticas Públicas en tempos de crise: austeridade, eficacia e fomento da economía de EGAP (Galicia de Escola Galega de Administración Pública), Santiago de Compostela, España.
- Comunidad Autónoma de Galicia. (28 de junio de 2012) *Ley de montes de Galicia*. [Ley 7/2012]. DO: [«DOG» núm. 140]
- Comunidad Autónoma de Galicia. (7 de mayo de 2007) *Ley de emergencias de Galicia*. [Ley 5/2007]. DO: [«DOG» núm. 94]
- Comunidad Autónoma de Galicia. (9 de abril de 2007) *Ley de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia*. [Ley 3/2007]. DO: [«DOG» núm. 74]
- Consellería do Medio Rural. (Abril de 2018) *Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* [PLADIGA 2018]. Recuperado de: http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/pladiga_2018/
- de Vicente y López, F. J. (2012). Diseño de un modelo de riesgo integral de incendios forestales mediante técnicas multicriterio y su automatización en sistemas de información geográfica: Una aplicación en la Comunidad Valenciana. (Tesis doctoral). Universidad Politécnica de Madrid: Escuela Técnica Superior de Ingenieros de Montes, Madrid, España.
- Díaz Fierros, F. & Baamonde, P. (2006). *Os incendios forestais en Galicia*. Santiago de Compostela, España: UNIDIXITAL.
- ENCE: Energía & Celulosa (2017). *Compramos madera*. Recuperado de: <https://www.ence.es/es/>

- Flores Garnica (Coord.)(2009). Impacto ambiental de incendios forestales. México: Mundi Prensa México, S.A. de C.V.
- Fuente: Lineamientos de operación específicos del fondo de desastres naturales. SEGOB. DOF 31 de Enero de 2011. Sección III.
- Fundación Ciudadana Civio. (2015). Mapa de incendios forestales. Recuperado de: <https://civio.es/espana-en-llamas/mapa-de-incendios-forestales/>
- García Docampo, M. (2003). *A construción socialdo territorio galego*. A Coruña, España: tresCtres
- Jefatura del Estado. (20 de julio de 2015) *Ley de Montes*. [Ley 21/2015]. DO: [«BOE» núm. 173]
- Miguel Mancipe (3 de octubre de 2015). *Proceso de producción de la madera*. [Archivo de Vídeo]. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=4uS5pv0SQI8>
- Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, Gobierno de España (2017). Estadísticas Oficiales de Incendios Forestales. Recuperado de: http://www.mapama.gob.es/es/desarrollorural/estadisticas/Incendios_default.aspx#para0
- Ministerio de Justicia. (23 de noviembre de 1995) Artículo 266. [Título XIII] *Ley Orgánica del Código Penal*. [Ley 10/1995]. DO: [«BOE» núm. 281]
- Ministerio de Justicia. (23 de noviembre de 1995) Capítulo II. [Título XVII] *Ley Orgánica del Código Penal*. [Ley 10/1995]. DO: [«BOE» núm. 281]
- Pausas, J. G. (2012). CSIC: ¿Qué sabemos de? Incendios forestales. Madrid, España: Catarata.
- Ponte Pintor, J.M. & Bandín Buján, C. (2008). Los incendios forestales en Galicia y su investigación. *Estudios penales y criminológicos*. 28. 317-341.
- Presidencia del Gobierno. (23 de diciembre de 1972) *Reglamento sobre incendios forestales*. [Decreto 3769/1972]. DO: [«BOE» núm. 38]
- Rábade, J.M. & Aragoneses, C. (2004). Impacto Social de los Grandes Incendios. Memorias del Segundo Simposio Internacional Sobre Políticas, Planificación y Economía de los Programas de Protección Contra Incendios Forestales: Una Visión Global, España.
- Vélez Muñoz, R. (Coord.) (2003). La defensa contra incendios forestales: Fundamentos y experiencias. España: McGraw-Hill Interamericana de España, S.A.U.
- Vidal Pérez, S.M. (2007). Consecuencias ecológicas y económicas de los incendios forestales en Galicia. Trabajo presentado en A Socioloxía e os novos retos en el IV Congreso astur-galaico de socioloxía de Asociación Asturiana de socioloxía y Asociación Gallega de Socioloxía, Galicia, España.

10. ANEXOS

Neste epígrafe recóllense as transcripcions de dúas das entrevistas⁴ realizadas xunto coa súa correspondente ficha técnica de entrevista, e ao final, o cronograma coas distintas etapas do traballo e os prazos nos que aproximadamente foi realizada cada unha.

Anexo 1

Táboa XI: Ficha técnica E1

FICHA TÉCNICA DA ENTREVISTA	
Código de entrevistado	E1
Ano de nacemento	1979
Titulación máis alta que posúe	Grao en Enxeñería Técnica Forestal
Ocupación actual	Axente Medioambiental
Lugar de realización da entrevista	Domicilio do entrevistado
Duración da entrevista	39 minutos

Fonte: Elaboración propia

Bloque 1: Introducción ao tema

1. Como definirías ti os incendios forestais? Cales son as súas características principais? (Época de maior impacto, superficie a que afectan, etc.)

-Lume que non está controlado, en espacio e en tempo.

-Cando máis lumes hai soe ser en épocas estivais. Hai un pico en primavera, correspondéndose cos meses de maio e abril e despois en verán. Cada vez a tendencia e máis a concentrarse no final do verao, setembro e mesmo outubro. Pois segundo o PLADIGA ten que ser máis de 0,5 hectáreas de arbolado e máis dunha hectárea se se trata de matorral.

2. Ten que afectar algún tipo de superficie para ser considerado incendio?

-Arbolado.

3. Crees que dende a administración están ben definidos os criterios para acoutar os lumes que se definen coma un incendio forestal? Por que?

-Non, son moi engañosos. Déronse caso de incendios en parque natural de miles e miles de hectáreas, pero como non era arbolado, consideráronse queimas e non incendios. Pregunta de examen de oposición ademais (risas).

4. Os incendios teñen as mesmas características, principalmente en canto as causas se refire, en toda a xeografía galega? Crees que as solucións se deben enfocar de igual forma para todo o territorio?

-Os motivos seguen sendo os mesmos, ou caza, ou gandaría, son máis ou menos os mesmos. Os motivos son máis ou menos iguais, pero dependendo

⁴ O resto de transcripcions coa súa correspondente ficha técnica, máis as grabacións das entrevistas, poñeranse a disposición do tribunal mediante o correspondente formato se o considerasen oportuno. A intención de facer isto é conseguir que o traballo non teña unha extensión desproporcionada.

de cada rexión as causas son diferentes. Ou predomina máis unha causa que outra dependendo da zona.

-Non. Para evitar lumes, por exemplo, en Pontevedra hai moito eucalipto por tema de clima, e os lumes son totalmente diferentes en Pontevedra que en Ourense. Por exemplo, en Ourense son máis igual debidos a temas de gandería e caza, algo que non ocorre en Pontevedra.

5. Por que crees que o problema dos incendios forestais está tan acentuado no territorio galego?

-É un tema de contexto histórico na maioría dos casos. Galicia é unha zona onde sempre houbo moita emigración, onde nos anos 50 e 60 se traballaba moito as terras e agora a sociedade cambiou e os motivos dos lumes, son por exemplo, morriña de xente que traballou as terras con 15-20 anos e despois emigraron, volven de novo aquí e ven as terras abandonadas e moitos métenlle chisqueiro porque é o máis fácil e o máis barato.

6. Por que crees que en Galicia hai unha cantidade tan elevada de incendios provocados?

-Moitos son por costume. Aquí o máis rápido e máis fácil e meterlle mechero ao monte.

7. Para ti que ten máis importancia á hora de sinalar a magnitude dos problemas que xeran os incendios, o número destes que se producen, a superficie que arde ou outra variable? Por que?

-A superficie. Porque aquí a orografía, as superficies son moi grandes, aínda que Galicia estea desenvolvida entre comiñas, hai moitas zonas de Galicia que seguen estando moi ruralizadas. Entón a extensión é o máis grave de toda a historia.


8. O monte galego posúe algunha característica ou características que fai que se favoreza a existencia de incendios? Cal ou cales?

-Non. Porque se analizas, por exemplo, a climatoloxía de Galicia comparada coa de Andalucía hai moitísimos máis lumes aquí. Son zonas máis húmidas, a orografía podemos dicir que é parecida, e sen embargo, hai moitos máis lumes aquí.

Bloque 2: Causas dos incendios

9. Segundo o barómetro do CIS en febreiro de 2006 a poboación opina o seguinte (mostras gráfico). Estás de acordo con isto?

Ilustración 4: Gráfico das causas principais de incendios segundo o CIS



Fonte: Barómetro CIS ano 2006

-En económico... farase referencia a temas de madeira en tal caso. Pirómano, vinganza, descoído, abandono... Si, bueno, o apartado económico e moi amplo.

10. Dirías que é máis baixo entón?

-Non, non, é o maior, pero o concepto económico pode abarcar moitas variables. Non é soamente, a xente ten en mente que arden as zonas arboradas por tema de baixada de prezos, e iso é mentira. A madeira sigue valendo máis ou menos igual, é certo que é un pouco menor, pero tamén e moito máis dificultoso sacar esa madeira. Eu penso que a parte económica está máis relacionada co tema de contratos públicos e historias destas. Non sei si sabes que hai un rumor da existencia dunha mafia, de empresas aéreas con administración, e iso é verdade, porque eu vivino.

11. Cales dirías que son para ti as causas dos incendios forestais en Galicia? Existe algún factor en común para todas elas?

-Aquí a maioría dos lumes e por tradición, por negligencias, hai a costume de que nunca pasa nada e ao final pasa. Tamén hai moitos pirómanos, de feito sempre coincide o perfil do pirómano co perfil establecido, pero moitos son por negligencia ou imprudencia.

12. Crees que a situación dos traballadores do sector forestal inflúe no número de incendios? Como a mellorarías?

-Danse casos, pero non é o maioritario. Profesionalizando o servizo de incendios e dándolle máis estabilidade a xente.

13. Se tiveras que facer unha distribución de porcentaxes entre os seguintes suxeitos á hora de sinalar a culpabilidade do problema, como o distribuirías: cidadanía, administración, industria?

-40% cidadanía, 40% administración e 20% industria.

Bloque 3: Especies pirófitas

14. Existen especies que favorecen a proliferación dos incendios forestais?

-Claro, o eucalipto.

15. Que opinión che merece o eucaliptus globulus con respecto disto?

-A plantación de eucalipto, para min e contraproducente. Pódeche xerar a curto prazo un beneficio, pero o terreo onde vaias a plantar iso queda inservible. Non é unha especie pirófitas, é por exemplo, moito máis o pino. Que pasa, que é moito máis perigosa á hora de facer as tarefas de extinción.

16. Existe unha demonización do eucalipto? Crees que isto é xusto? Por que?

-Hai certa paranoia social co tema do eucalipto, non é tan malo como aparenta. Outra cousas son as consecuencias do eucalipto.

17. Como se introduce o eucalipto en Galicia? Consideraríala unha especie invasora?

-Ditouse que era unha especie moi rentable a curto prazo e instalouse.

-Si.

18. Cales son as razóns que favorecen que o eucalipto se plante en tanta cantidade e se monocultive? Que efectos crees que provoca isto?

-O crecemento rápido.

-É moito máis difícil levar a cabo tarefas de extinción. En prevención, a administración pública non planta eucalipto, e máis pino ou outro tipo de especies. O eucalipto e máis a título privado. O eucalipto non é como o pino, o pino xera moito máis material por debaixo no sotobosque que o eucalipto, o eucalipto non deixa crecer nada. É tan invasor, que crece eucalipto e nada máis. Se te fixas cando ves un eucalipto, non hai nin xestas, nin toxos.

19. Entón, outro dos problemas que pode xerar é que limita a biodiversidade

-Non, non creo tampouco iso. O eucalipto non fai ningún mal, soamente cando hai lumes polo tema dos focos secundarios. Os focos secundarios, cando empeza un lume, tanto a corteza como a folla do eucalipto é moi lixeira e moi abrasiva, entón cando hai un lume e se desprende esa corteza ou esa folla, voa e segue estando abrasivo e onde cae prende. Ao pino non lle pasa iso, pode ter un lume de copas, cando arde toda a parte de arriba, que é moi perigoso, ou pode arder por debaixo, pero o eucalipto é iso, o problema son os focos secundarios

que provoca. Cando estas nun punto apagando, cando te das conta podes ter outro lume detrás provocado polo eucalipto.

20. Que restricións e condicións existen hoxe en día de cara a plantación de eucaliptos ou outras especies? Cúmpanse? Por que?

-Eucalipto, a través das leis non hai ningunha restrición, soamente hai, por exemplo aquí en Xinzo que hai moita parcelaria, está prohibido. Pero lexislación que o regule non hai ningunha. Na lei de montes, fai unha serie de mencións de que en zona de frondosa non podes cortar a frondosa para plantar eucalipto, é a única restrición.

-Non, aquí en Xinzo polo menos non.

-Porque aquí, cando fixeron a concentración parcelaria, o obxectivo era que os terreos foran agrarios e nun principio dedicouse a iso (todo agricultura, patata, cereales...), pero toda esa xente que antes eran agricultores agora son xubilados e en vez de ver os seus terreos abandonados, plantan eucalipto, porque así teñen as súas fincas limpas, traballadas e xéraslle un beneficio.

21. Que propós como alternativa, mellora ou adaptación á controversia relacionada co eucalipto?

-Polo traballo que levo eu e baixo o meu punto de vista tiña que estar moito máis regulado e lexislado. Xa non solo lexislalo, se non que se levara a cabo o pouco ou a pouca normativa que existe. Ti por exemplo, sales por aí adiante e xa ves eucalipto. E incentivar un pouco máis as especies autóctonas: castiñeiro, carballo... Que para min son moito máis rentables que o eucalipto, pero a moito máis largo prazo.

Bloque 4: Factores estruturais

22. Retomando o tema dos incendios provocados, baixo a túa experiencia, existe algún perfil tipo de persoa que provoca incendios forestais, xa sexa de forma totalmente intencionada ou por imprudencia? Como definirías este perfil?

-Si. O perfil dun pirómano é unha persoa solteira, analfabeta, duns 40-60 anos e xeralmente alcohólica. Cúmpanse case sempre.

23. Existe relación entre o abandono do rural e os incendios forestais? Como definirías esta relación? Cales crees que son as consecuencias que provocan o feito de que se produza este abandono?

-É o que che explicaba antes. Cambiou moito a demografía, abandonáronse moitos terreos, e moita xente por morriña ou como lle queiras chamar emprega o lume para limpar as súas fincas porque é o máis fácil.

-O problema do abandono do rural é que fincas que están ao lado da casa tamén se abandonan, e á hora da extinción atópaste que tes a maleza metida nas casas, entón xa pasa de ser un lume estritamente forestal a ser practicamente un lume urbano. Entón para nós é moito máis difícil, non estamos preparados. Non estamos preparados porque nós apagamos lumes forestais, o lume que pode haber no monte, somos bombeiros forestais, bueno eu non son bombeiro, pero son bombeiros forestais porque o recoñeceron así, pero non son bombeiros urbanos, non estamos preparados. Os bombeiros urbanos teñen os seus oxixenos, os seus epis específicos, e nos temos os epis específicos para lumes

forestais e agora notamos un cambio nos lumes ao que non estamos preparados.

24. E crees que existe relación co réxime de propiedade? (Tanto na distribución e tamaño coma na titularidade da mesma)

-Inflúe moito.

-Hoxe en día a maioría das fincas son moi pequenas, con titulares descoñecidos na maioría dos casos. Nós vémolos porque agora unha das nosas funcións é regular as faixas de xestión. No 2007 cando se publicou a lei de incendios, xa se facía mención das faixas de xestión de biomasa, que son as faixas de distancia ao redor das casas, das estradas e que tiñan que estar limpas para que actuaran como barreiras para que houbera lumes. Existen fai máis de dez anos, pero tivo que ocorrer o do ano pasado para que a administración o aplicara e obrigara a xente a facer iso. O que sucede con isto é que moitas das propiedades que hai hoxe en día, non teñen titulares fixos, teñen donos, pero estes morreron e quedaron os herdeiros, e na maioría dos casos a administración non ten accesibilidade a saber quen son eses titulares, entón iso é moi difícil para a administración. Os Concellos son os que teñen que notificarlle aos propietarios que deben ter limpas as fincas ao redor das casas. Nós, a administración e a Xunta neste caso baixo a Consellería de Medio Rural, somos os encargados de denunciar, pero o que é o procedemento de papeleos teno que facer o Concello. Esa lagoa nas titularidades é un problema moi grande porque non sabemos quen son os donos. Moitas veces isto tamén é culpa da xente, porque saben que están obrigados a actualizar os datos no catastro e moita xente non o fai. Entón, eu vou mirar unha finca que tes ao lado da casa de X persoa, que é túa, mellor dito que era dos teus avós e ti herdáchela, ti non cambiaches o nome e en catastro aparece a dona que xa faleceu, entón os donos agora son os herdeiros, pero ti no sabes quen son os herdeiros.

25. Que se fai dende a administración en labores de prevención? É suficiente? Efectivo? Como mellorarías a situación?

-Realmente pouca cousa.

-Non.

-Máis que efectivo, a administración pola experiencia que teño eu sempre espera a que pase algo, como foi no 2006 ou no 2017, para involucrarse algo máis na problemática. Se te fixas a lei de prevención de incendios é de 2007, e saíu a raíz do que pasou no 2006, e as instrucións que saíron agora, que son coma un desenvolvemento da lei de incendios e que saíron agora en xullo deste ano, son a consecuencia do que pasou o ano pasado. A administración moitas veces en vez de ser precavidos, sempre espera a que pase algo para involucrarse, e non é porque a sociedade ou mesmo nós a través de sindicatos non llo pidamos, de feito sempre estamos intentando, non abrílle os ollos, pero si reflexándolle a problemática que hai, pero sen embargo non recapacita hasta que pasa algo.

-É complicado, eu entendo que é complicado dende o punto de vista da administración, pero polo que vexo e despois do que pasou o ano pasado, moita xente concienciouse. Moitas veces a sociedade é moi abandonada, e hai que estar recordando seguido e seguido cales son as súas obrigacións e parece que a xente se está concienciando. De todas formas é moi complicado, hai moito abandono e a xente que está fora non pode facer sen estar aquí, e a parte esas

cousas valen diñeiro e moitas veces vale máis a inversión que tes que facer para limpar unha finca que o que vale realmente a finca, xa que son fincas moi pequenas que non teñen valor realmente, pero tampouco queren vender.

26. Entón ti como lle darías solución a este problema de que haxa xente que herda fincas, non as traballa, non as utiliza e encima as ten descoidadas?

-A administración no 2009 creou o que sería o banco de terra, o que digamos que é que a administración quixo reunir aquelas parcelas ou fincas abandonadas e arrendalas a un terceiro, co permiso do titular, a cambio dun aluguer e aí houbo moita xente que non estaba de acordo porque pensou que llas ían a vender ou expropiar. A min gustábame a idea, invertíase un diñeiro para limpar fincas abandonadas coa idea de alugalas a un terceiro para que as traballara, porque aquí por exemplo hai moita xente con fincas abandonadas cerca da concentración parcelaria, pero non foi adiante. As solucións son complicadas. Aquí hai que cambiar moito a mentalidade, xa que aquí está a tradición dos lumes de que nunca hai perigo. A xente está concienciada de que hai que pedir un permiso, porque é gratis se non cambiaríache o conto, e van a nosa oficina e en función dos restos que vaias a queimar, ten que ir un axente a ver a queima ou non. Pero a xente sempre di o mesmo, nunca hai perigo, entón chegas alí e comprobas e ves que non podes autorizar iso, porque ti como técnico especialista neses temas analizas, ves que non se cumpre a lexislación e denégala, pero nun principio a xente sempre che di que non hai perigo. A xente aquí ten metido na cabeza de que non é perigoso, pero despois pasa o que pasa. Por iso hai que cambiar moito a mentalidade, tanto da cidadanía coma da administración.

27. Hai algunha relación entre os incendios forestais e o cambio climático? Cal crees que é esta relación?

-Si.

-Os meses complicados sempre foron julio, agosto e setembro, centrado principalmente en agosto. Agora xa os meses de calor e de sequía hai maior abanico, agora dende maio ata finais de outubro fai calor e é época de sequía e ese rango cada vez é máis maior.

Bloque 5: Industria da madeira

28. Por que se fala dunha relación entre a industria da madeira e os incendios forestais en Galicia? Que opinas ti desta relación?

-Porque sempre houbo a idea de que a madeira queimada era máis barata, pero é mentira. De feito está de sobra demostrado que extraer madeira queimada dun monte é máis custoso e dificultoso para unha empresa que a propia madeira en verde. Despois o que é o eucalipto, si, temos unha empresa chamada ENCE que necesita alimentarse e iso inflúe na masa forestal que hai en Galicia.

29. Están os propietarios obrigados a talar?

-Si.

30. Existe algunha relación entre a industria da madeira e a política? Como a definirías?

-Hai relación.

-Na maioría dos montes conveniados, sobre o arbolado, a administración ten un tanto por cen e por iso os xestiona basicamente. Nun contexto histórico e no seu momento a administración puxo pasta en determinados montes para repoboalos e neses montes ten un tanto por cen de beneficio a día de hoxe, por eso se lle chaman montes conveniados. Son dun pobo, dun parroquia ou dun Concello, en función de cada caso, pero un tanto por cen ten dereito a administración, entón cando hai unha corta, x diñeiro vai para a administración e x diñeiro para o pobo.

31. E crees que dende a política se legisla a favor da industria ou do medioambiente?

-Sinceramente, nin para un lado nin para o outro. Para min é bastante neutra nese sentido.

32. Modificarías ou replantexarías a distribución arbórea de Galicia?

-Si claro. Incentivando sempre as especies autóctonas.

Bloque 6: Lexislación

33. Crees que o incendio forestal en Galicia está relacionado coa política forestal? Por que?

-Non, non te creas. A administración todo o que é o mundo forestal, para a administración é un problema. Por exemplo, o que falábamos antes de montes conveniados, o que quere a administración é desfacerse diso. A administración nese sentido pasa da historia, realmente non quere saber nada do que é o forestal, pero é un problema que ten aí e que ten que afrontar. Se puidera pasaría, de feito pasa, tanto no tema forestal como medioambiental.

Non se entendeu a pregunta, existe unha gran diferenza entre a administración e a política.

34. Cales crees que son as principais políticas que loitan contra os lumes en Galicia?

-Realmente non hai política que intente loitar contra os lumes. De feito, ti si analizas a lei de incendios, é unha lei que está aí, pero que non se aplica. Cando foi o de outubro do ano pasado, venderon a moto de que se crearan unhas medidas para loitar contra os lumes, cando en realidade eran medidas que xa existían dende fai 10 anos. A lei de prevención de incendios é do 2007, pero venderon a moto de que era unha novidade. A faixa de xestión xa existía, había certas cousas novidosas pero non eran de agora, tiñan 10 anos, o que pasa que administración pasou diso e agora despois das problemáticas quéreno facer en seis meses coma quen di.

35. Como mellorarías a situación lexislativa actual de cara a redución do número de incendios?

-A lexislación de incendios é moi xenérica. Non é o mesmo prevención e extinción en Pontevedra que en Ourense. E mesmo dentro dunha mesma provincia hai moitos casos. Non é o mesmo ter un lume para a zona de Verín, que é moito máis forestal, que o lume arredor de Ourense por exemplo. Habería que quizás lexislar cuns ámbitos máis pequenos e analizar diferentes casos

36. Actualmente quen ten competencias para lexislar a política forestal?

-Consellería de Medio Rural, a Xunta non especifica zonas. Non é o mesmo o Norte de Lugo que é moito máis húmido, onde se podería ter quizás mao máis aberta, que en Ourense. A lei é a mesma para todos os sitios.

37. A nivel nacional hai algunha competencia en política forestal?

-Non, hai unha lei básica estatal, pero despois as competencias tenas definidas a Xunta. Os Concellos poden lexislar, pero nunca en contra da lei de Montes. Por exemplo, en Sober sacaron un regulamento que prohibe a plantación de eucalipto, porque non contradí a lei de Montes, pero se sacaran algo que o contradixera non podería ser. As competencias tenas a Xunta. Existe unha lei básica a nivel estatal, a nivel España, pero despois tena que regular cada Comunidade.

38. Que institución ou persoas crees que deben encargarse da extinción dos incendios forestais? E da prevención?

-A xente en servicios profesionais de incendios.

-Igal, todo público, teño claro.

39. Poderíasme dicir o teu grado de “a favor” ou “en contra” das seguintes medidas, sendo 1 moi en contra e 5 moi a favor? Podes razoar a túa resposta. Engadirías algunha?

- a) Prohibición de encender lume en todo tipo de espazos abertos **(4), pero ten que estar regulado e de feito está regulado, tanto en espazo como en tempo.**
- b) Limitar o tránsito de persoas nalgúns zonas do monte, **está regulado en épocas salvo excepcións**
- c) Impedir o uso de vehículos de motor en zonas forestais, **está regulado**
- d) Prohibición de fumar no monte/campo, **está regulado. Todo isto está regulado, pero non se pode aplicar de igual forma en todas parte. Habería que lexislalo de forma máis específica.**
- e) Endurecer as leis por delitos medioambientais **(4) hai que partir de que primeiro hai que condenar e na maioría de casos non se condena. Os pirómanos, que para min son terroristas, na maioría de casos non se collen, xa que ou colles a persoa infraganti ou non tes probas para acusalo, é moi difícil. Endurecer as penas, pois si, na maioría dos casos sempre e bon meter medo, no bo sentido da palabra.**

- f) Crear un centro de coordinación de información nacional **(1)**, **canto máis se abra o abanico para min vai ser peor, canto máis se extrapole peor.**
- g) Limitar o número de especies a plantar **(5)**, **eu son partidario de especies autóctonas.**

-Que se recoñeza aos pirómanos como terroristas medioambientais.

-Que se cumpra a lexislación e se deixen de duplicidar as competencias, cada un fai o que pode ou quere por cada lado, e ao final non se fai nada.

Bloque 7: Problemas que xeran

40. Que problemas xeran os incendios forestais?

-Basicamente impacto ambiental: perda de solos, contaminación en ríos... Está o impacto económico, cando hai un incendios contámanse ríos que repercute na pesca, perdese pasta en masa arbórea e perdese en extinción, se non recordo mal o ano pasado foron 184 millóns de euros. Por outro lado fas contratacións, pero se o pos todo nunha balanza non compensa.

41. Crees que estes problemas están afrontados de maneira axeitada?

-Non. A administración non se involucra, é un tema que se puidera delegar a alguén o delegaría. Por outra parte, a cidadanía non está suficientemente concienciada.

42. Mellorarías a lexislación que afronta os problemas xerados polos incendios forestais? De que maneira?

-Si claro.

-Sendo máis específico, non xeneralizando toda a problemática a nivel de Galicia, se non sectoralizando todo problema por provincias ou distritos, sería cuestión de analízalo.

43. E para rematar, gustaríache comentar algo que crees que nesta entrevista non se tratou ou que non se falou en profundidade?

-Non

Anexo 2

Táboa XII: Ficha técnica E4

FICHA TÉCNICA DA ENTREVISTA	
Código de entrevistado	E4
Ano de nacemento	1976
Titulación máis alta que posúe	Grao en Enxeñería Técnica Forestal
Ocupación actual	Técnico de Distrito
Lugar de realización da entrevista	Oficina do entrevistado
Duración da entrevista	61 minutos

Fonte: Elaboración propia

Bloque 1: Introducción ao tema

1. Como definirías ti os incendios forestais?

-O incendio forestal... Si queres a definición así oficial, bueno a que ven na lei de montes: lume que se estende por superficie forestal sen control. Unha definición máis visual, máis clara: un lume que se inicia ou transcorre no monte, na zona forestal, e que a partir de aí evoluciona por onde sexa, pero para resumir, un lume que se inicia en zona forestal.

2. Crees que dende a administración están ben definidos os criterios para acoutar os lumes que se definen coma un incendio forestal?

-Na miña opinión que eles fagan diferencias entre lumes, queimas, conatos a partir dunha hectárea dependendo si arde arbolado ou raso a efectos estatísticos pode valer, pero realmente un incendio é sempre un incendio, da igual que arde media hectárea de arbolado ou 2000 metros, un incendio é un incendio, é un sinistro. Que estatisticamente lle queiran chamar doutra forma vale, pero para min sigue sendo un incendio aínda que ardan 100 metros. Pois nese sentido non creo que sexa o máis acertado.

3. Os incendios teñen as mesmas características, principalmente en canto as causas se refire, en toda a xeografía galega? Crees que as solucións se deben enfocar de igual forma para todo o territorio?

-Non.

-Hai unha serie de solucións a grandes rasgos que si, poden ser comúns. Pero despois... O que son as labores de prevención si, un pouco adaptado a orografía ou a vexetación de cada zona, pero de cada zona en concreto porque incluso na mesma parroquia podes ter dúas ladeiras que sexan completamente diferentes por orografía ou vexetación. Iso o que sería a nivel prevención, obras de prevención, infraestruturas de prevención. Se ti o que queres e ir máis alá e queres erradicar xa tes que meterte non tanto sobre o monte se non sobre as persoas, e aí xa si que hai que adaptarse a idiosincrasia de cada lugar, porque pode ser que o uso do terreo, ou a estrutura de propiedade, ou os costumes... Pois entón si, nese caso hai que adaptarse a zona onde se está en cada momento.

4. Por que crees que o problema dos incendios forestais está tan acentuado no territorio galego?

-Uff... Menuda pregunta. A ver, como sempre son varias causas, non é unha causa sola, e incluso as causas varían de lugar a lugar e... En Galicia sempre se usou moito o lume para limpar as fincas e para sanear ou como queiras chamalo, entón é unha ferramenta que todo o mundo coñece, que está moi a man, que é moi cómoda e que é moi doada de empregar. E así como se utiliza como ferramenta, se utiliza como arma para facer dano, para vingarse, tamén a veces porque esa ferramenta non se sabe usar se escapa e quen a emprega normalmente sabe que fai dano, non sei hasta que punto sabe que o fai, pero sabe que fai dano e busca facelo a x ou y e busca facer ese dano. Busca o perxuízo do outro.

5. Por que crees que en Galicia hai unha cantidade tan elevada de incendios provocados?

-O que estou dicindo, a xente ten esa arma de vinganza, esa ferramenta mal empregada, esa... Bueno a arma de vinganza non é a palabra máis correcta, pero si esa arma que se pode empregar pola razón que sexa, eu que sei. Posible vinganza, polas risas ou incluso xa nun caso un pouco máis esaxerado que non é vinganza, lle mola o rolo e é a ferramenta que ten para “xerar movemento”, causar reaccións na xente e na administración e incluso mirar camións e helicópteros.

6. Para ti que ten máis importancia á hora de sinalar a magnitude dos problemas que xeran os incendios, o número destes que se producen, a superficie que arde ou outra variable? Por que?

-Hai que mirar todo, non podes centrarte nunha sola variable porque tes que mirar o número por suposto; a cantidade, porque aquí cada vez arde menos, hai un menor número de lumes, pero moitas veces son moi grandes. Habería que meterse incluso crear unha variable de severidade ou afectación dos danos causados polo lume. Xuntando eses 3: o número, a superficie queimada (tamén o número de lumes por superficie media) e despois a afectación ou severidade, os danos que causan, habería que polo menos ter esas tres sempre, escapar a unha sola é simplificar demasiado e non se poderían sacar conclusións.


7. O monte galego posúe algunha característica ou características que fai que se favoreza a existencia de incendios? Cal ou cales?

-No, o bosque no. Simplemente son variables que por separado non favorecen incendio, pero cando se xuntan entre elas e se xunta co inicio do lume, da igual que sexa provocado ou non. Por exemplo, temos unha taxa de crecemento da vexetación moi grande, temos tipos de vexetación que canto están a arder pola súa configuración fisiolóxica e os seus compoñentes químicos arden ben, e hai tipos de bosque ou monte que teñen máis facilidade de arder pola estrutura da vexetación do combustible. Claro, iso por si solo, xunto con un clima que favorece moito o crecemento porque hai moita precipitación e moito calor (cousa que necesita a vexetación) o clima que tamén está provocando épocas secas nas cales a vexetación está máis seca e arde con máis facilidade e como che dicía antes, non hai que mirar un factor solo, hai que mirar a suma deles.

Bloque 2: Causas dos incendios

8. Segundo o barómetro do CIS en febreiro de 2006 a poboación opina o seguinte (mostras gráfico). Estás de acordo con isto?

Ilustración 5: Gráfico causas principais de incendios segundo o CIS



Fonte: Barómetro CIS ano 2006

-As causas a ver, a poboación en xeral evidentemente non lle podes meter unha lista moi grande de posibles causas, nin moi específicas, porque non son especialistas do tema e ti tes que poñerlle conceptos doados. Entón nese sentido os conceptos que veñen están ben se vas a facer unha enquisa para toda a poboación. Os números... non estou de acordo porque claro, non son o mesmo dunhas zonas a outras, e por outro lado, eu desde dentro observo que hai outra variación de causas, non é así.

9. Cales dirías que son para ti as causas dos incendios forestais en Galicia? Existe algún factor en común para todas elas?

-Xa máis alá do feito de que Pepe prenda nesta finca para joder a Juan, ou ó alcalde, ou á Xunta, ou a FENOSA, as principais motivacións para min serían algún tipo de... Vámoslle chamar vinganzas, por dicir unha palabra, querer causar un dano a algo ou alguén, é dicir, a unha institución ou a unha persoa, por unha razón que pode ser real ou figurada. Esa sería a causa, e cando digo a causa refírome a causa pola cal prenden lume, que despois ese lume vaia arder 5 metros cadrados, ou 5 ha ou 5000 ha, xa depende de máis factores. Un deles é que a persoa que queira prender lume llo poña con mala intención, nun sitio malo, con un mal día, de tal forma que ese lume vai ser grave. Pero eu diría que a causa de cando o paisano prende é querer facer dano, vinganza ou como queiras chamalo, iso nos intencionados dolosos. Despois hai que ter en conta que hai incendios involuntarios, accidentais, pero bueno, incluso hai descoidos. Non chamar accidentais, en plan, ti andas cunha máquina ou fas unha fogueira, non queres prender lume pero falo tan mal que vas acabar prendendo lume. Iso para min é unha negligencia que non se pode meter no mesmo saco que os

accidentes. Que un accidente pode ser que unha máquina está traballando e unha pedra causa unha chispa, e por mala sorte, por dicilo así, ao lado de onde salta a chispa hai herba seca e empeza a arder, iso sería un accidente. Que ti te poñas a rozar nun pedregal cunha máquina que está mal e vota chispas polo escape, que vota chispas pola pero, que mires arder e pases de todo en plan xa apagara, iso é unha negligencia, non é un accidente. Ou facer unha fogueira de calquera maneira no medio da nada sen fixarte, aínda que non teñas mala intención xa é algo máis que un accidente.

10. Crees que a situación dos traballadores do sector forestal inflúe no número de incendios? Como a mellorarías?

-Se nos referimos aos traballadores do sector forestal como o sector da madeira non, polo xeral non. Vamos a esquecer os casos puntuais raros, pero no sector da madeira non. No sector da extinción de incendios, pois... Habería que distinguir aquí entre os empregados da administración ou empresas onde as cousas están normalizadas, hai unhas regras claras de contratación, hai unha certa calidade, calidade no emprego non, pero si polo menos están as cousas claras. Despois outras administracións que agora mesmo son os Concellos, noutras épocas foron outras, onde está todo moi a salto de mata. Entón hai algunha persoa que pode pensar que metendo lume vai ter máis traballo ou o seu traballo pode ser dunha forma diferente ou si que hai un aceptación, unha porcentaxe pequena de traballadores, que poderían chegar a esa conclusión e meter lume. Pero so neses ámbitos, nos ámbitos máis profesionalizados, onde che piden experiencia, estudos, se miran as regras claras aínda que estes de acordo ou non con elas, eu penso que a aceptación é case inexistente. Xa iríamos nese caso a un tipo de persoa que ten problemas mentais ou un caso moi moi puntual moi raro.

11. Se tiveras que facer unha distribución de porcentaxes entre os seguintes suxeitos á hora de sinalar a culpabilidade do problema, como o distribuirías: cidadanía, administración, industria?

-A sociedade, a administración... Non tanto a administración como a política, é dicir, ao final a administración é unha ferramenta do poder político, aínda que poida ter os seus vicios e as súas mal funcións, a administración aquí... Habería que pensar en políticas cando falamos da administración. Parte da sociedade... podería ter certa culpa, sempre que teñamos en conta que é culpa... Culpa de que lle metan lume? Pois si, pode ser, porque crea un estadio de opinión, crea unha situación na que a xente se volve loca, crea un estado do monte que non debería ser como o que está... A industria, a industria como tal non, a industria ao final non se complica a vida, quero dicir, a industria é un negocio, é dicir, hai un cliente que quere un produto, e ese produto hai que conseguilo, para conseguir ese produto hai que traballar no monte e sacar madeira ou o que sexa. Se ninguén, a sociedade ou administración lle esixe, e aínda que esixa non se pon firme para que o faga dunha forma mellor ou peor, o final a industria mira o mellor para ela, pero non... A industria da madeira, da igual o produto que empreguen (árbore ou especie) e fabriquen ou como o fabriquen no me meto, iso da igual, no me meto. En xeral non. Din: teñen madeira queimada que é moi barata. Eles aproveítanse dunha situación creada, pero non creo que a cren, porque así como as veces lle causa un beneficio de madeira queimada, outras

veces, non che vou a dicir que van a perder porque eles buscan a forma de non perder, pero si que lles complica máis a vida. Vouche poñer un exemplo: se soamente tes madeira queimada, ruín, que todo o mundo corta iso, ao final estás xerando unha falta doutros tipos de produto que tamén demanda a industria, e certas industrias especializadas poden sufrir, e iso ten efectos no prezo, é dicir, se soamente che queren madeira ruín e ti tes madeira boa, cóllocha pero ao prezo da ruín, entón... A industria é responsable no sentido de que depende dos demais, pero non por si mesma. E repito, falando sempre do factor de iniciar o incendio, unha vez se iniciou... É verdade que hai montes que as veces fan malas obras as empresas, o monte queda mal e o lume tira para arriba, pero bueno iso tamén pode pasar... Aí non se pode xeralizar a industria, haberá que dicir a culpa concretamente é de fulanito ou de tal empresa, pero non é a industria en xeral, eu creo que tanto a sociedade, como a política, como a administración teñen que meter máis presión, por así dicilo, para que a cousa estea mellor.

50% cidadanía, 50%administración+política. A industria depende de estas dúas.

Bloque 3: Especies pirófitas

12. Existen especies que favorecen a proliferación dos incendios forestais?

-Non que o favorezan, pero si que o lume... A ver hai formacións, hai plantacións, hai tipos de bosque, hai tipos de vexetación que polas súas características fisiolóxicas e pola estrutura da vexetación e o tipo de bosque que crean, pois si, o lume pode avanzar máis rapidamente porque ten máis carga de combustible fino, máis carga de combustible seco e entón nese sentido si, vai mellor, pero non é unha vexetación que por si mesma favoreza o lume. Incluso o tema do eucalipto, o eucalipto está máis adaptado ao lume, sobrevive máis e mellor, pero é unha adaptación casual. Díganos que é unha especie que se meteu e casualmente pasa iso, pero non é unha especie que chame ao lume, posiblemente estea mellor adaptada. Concretamente este e o piñeiro son especies que deixan pasar moita luz para o chan, iso crea máis matorral, e o matorral moitas veces está máis seco. Se o sumamos co tema da sequía, pois si, o lume pode ir máis rápido por aí e con máis virulencia que noutro tipo de superficies, pero non é causal. Eu nunca diría que esta especie favorece os lumes soamente porque está aí... é unha circunstancia derivada. Case cadrou por dicir unha palabra

13. Existe unha demonización do eucalipto? Crees que isto é xusto? Por que?

-Hai unha demonización porque un dos efectos que causa é ese (lumes moi virulentos), pero iso parte de que hai un estado de opinión en contra del. En contra del e do sistema económico e de bosques do que é exemplo.

14. Como se introduce o eucalipto en Galicia? Consideraríala unha especie invasora?

-Agora xa non, xa non é invasora dende o momento que se está plantando.

-Independientemente de que houbera eucaliptos ornamentais como puido haber plantas carnívoras no século XIX, a partir de mediados do século XX hai unha plantación masiva, en plan, esta especie estase plantando en moitas zonas do mundo para conseguir tales produtos para a pasta, incluso para a táboa, vamos

a poñela. Resulta que se estende moito, tanto porque a plantan coma despois por si mesma. Entón dende o momento, eu cientificamente non podo considerala invasora dende o momento que se está plantando por propietarios. Sería invasora se toda a súa reprodución fose natural, dende o momento que hai intervención humana non podes considerala coma invasora. Que non se fai ben? Vale si, iso por suposto, pero invasora dende o punto de vista científico, mentres se siga plantando, non se pode considerar.

15. Ti crees que é un problema que se monocultive?

-Si, iso si. Tanto o monocultivo como o mal manexo, a mala xestión, é un problema. Aquí empeza a ser na Limia, pero na costa de onde veño eu lévao sendo dende hai moitos anos. É un problema porque non se mete mao, non hai un manexo, non se xestiona, entón... é un problema por abandono, por desidia ou como queiras chamalo.

16. Que restricións e condicións existen hoxe en día de cara a plantación de eucaliptos ou outras especies? Cúmprense? Por que?

-Existen restricións ollo, plantar soamente se pode plantar onde anteriormente había eucaliptos. Só se pode plantar nunha serie de zonas, practicamente na costa, todo o que é a costa de Galicia, no interior está bastante restrinxido. Iso é o que di a lei, na práctica, a xente plántao onde quere e onde haxa eucaliptais cerca vaise ir reproducindo por si mesmo. Entón as limitacións son bastante inútiles de momento, as limitacións legais.

17. Que propós como alternativa, mellora ou adaptación á controversia relacionada co eucalipto?

-Non a ver, aquí hai que ter claro o modelo que se quere. Aquí ten que haber unha multifunción do monte en xeral. O medio natural pode coller moito tipo de actividades agrícolas, forestais, gandeiras, etc. Xa no tema se nos queremos ir a produción de madeira, pois o ideal sería irnos tamén ao multiproducto. Hai zonas onde o eucalipto leva 50 anos, neses 50 anos non houbo outra cousa que eucaliptos e é complicado quitalo. Pois esa zona pode quedar co eucalipto se quere. O eucalipto tamén pode empregarse para outros usos e outros manexos máis alá de cada 15 anos cortalo para triturar. O ideal sería un mosaico, ter diferentes tipos de especies, con diferentes tipos de xestión, con diferentes tipos de destino, incluso combinado con zonas practicamente naturais. Entón, non che podo dicir unha cousa concreta en plan, isto e o outro. Hai que conseguir que haxa de todo e que todo estea ben manexado, non vou dicir ordeado porque iso xa inclúe... por distinguir o que é o plan de ordenación como ferramenta, eu digo que debe estar todo máis manexado en xeral, máis que ordenado, independentemente das figuras legais que se empreguen ou que sexa un paisano que faga pola súa conta ou haxa unha empresa ou tal. Estar todo ben manexado, e que ao final teñamos un monte que sexa un mosaico de zonas máis ou menos naturais, zonas produtivas e diferentes especies e formacións.

Bloque 4: Factores estruturais

18. Retomando o tema dos incendios provocados, baixo a túa experiencia, existe algún perfil tipo de persoa que provoca incendios forestais, xa sexa de forma totalmente intencionada ou por imprudencia? Como definirías este perfil?

-Por imprudencia, en xeral é poboación do rural, e cando digo poboación do rural non me refiro a persoa que vive toda a vida no rural, é dicir, hai moita poboación que vive en zonas urbanas, pero ten propiedades, ten casas no rural e sigue facendo uso delas. Ti podes traballar en Vigo nunha fábrica, pero ti resulta que tes un par de fincas alí en Vigo, fas o que fagas con elas durante a semana, e o fin de semana te ves para aquí para a túa aldea, poñamos de Serreus e alí tamén fas o que teñas que facer nas túas fincas e nos teus montes. Entón, iso tamén é poboación rural, aínda que o seu traballo sexa urbano e a súa vida diaria sexa máis urbana que outra cousa. Pois o que son negligencias, accidentes, si, calquera tipo de poboación rural, pode ser calquera, porque para iso non hai un perfil tipo.

Nos intencionados, nos que van facer dano, si que eu diría que os perfís que sacan nos informes da fiscalía son bastante acertados no sentido de que soen ser varóns a partir de mediana idade con algún problema, non problema porque a veces son circunstancias sociais, entón moitos dos que o fan por facer dano sexan motu propio ou porque están influenciados, se aproximan a ese perfil. Nuns casos que houbo un par de anos era ese perfil case case, unha persoa de 50 e tantos anos do medio rural, tiña problemas cos veciños, quería facer dano, tiña problemas de socialización... A única desviación que tiña co perfil feito pola fiscalía era que en vez dun home era unha muller, todo o demais era tal cual. Mediana idade, problemas no entorno social do que foran e a forma que tiña de facer dano era prender lume, nese caso era unha muller en vez dun home que é o que soen ser, pero iso máis que nada porque penso que é máis frecuente que ese perfil se de en homes que en mulleres en Galicia, non por outra cousa.

19. Existe relación entre o abandono do rural e os incendios forestais? Como definirías esta relación? Cales crees que son as consecuencias que provocan o feito de que se produza este abandono?

-Si porque... Por varias razóns. Unha, a razón física de propagación do lume. Se hai abandono, hai zonas onde non se está traballando, polo que un lume pode atopar máis facilmente por onde avanzar porque hai matorral abandonado ou porque o arbolado está nunha situación enmarañada ou de falta de poda e ten por onde avanzar, ou que no seu día foron plantacións cun destino forestal ou silvícola que se plantaron e se abandonaron no sentido de que non se fixo nada máis e esperando que por si solos van a cortarse, cando todo necesita un tratamento. E nese sentido todo iso inflúe.

Despois, no tema de que no momento de plantar lume inflúe, inflúe e eu creo que por dúas vías: Unha, como o monte está abandonado e non vale para nada, non o valoran e si arde que arda. Iso pola persoa que cree que o prender non pensa que fai un dano. En todo o caso fai un dano a unha persoa, a unha institución, pero non cree que ao monte ou medioambiente nin nada diso. E por outro lado, o abandono do monte, en comparación con zonas onde está explotado, está traballado, pois se nota que a xente valora o monte coma un negocio, xa a parte de que teñan valoracións sentimentais doutro tipo que as veces tamén se dan, iso é unha inversión e se crea un estado de opinión entre a maioría da sociedade, que fai que por un lado sexa máis complicado que o que queira meter lume se lle ocorra empregar o lume como arma e mesmo incluso inconscientemente valora máis o monte, e por outro lado estás rodeado dunha sociedade que valora o monte, aínda que soamente sexa polos cartos que da, e

entón si que hai unha presión máis grande que pode notar no cogote por así dicilo, en plan, non vou meter lume que me van a ir á chepa. Pois nese sentido o abandono pode influír no sentido de non crear unha corrente, un estado de opinión na poboación rural a favor ou en contra.

20. E crees que existe relación co réxime de propiedade? (Tanto na distribución e tamaño coma na titularidade da mesma)

-Buff... Moito, moito porque si hai moitas propiedades pequenas, son inmanexables. Un cacho pequeno non che vale de nada, é dicir, se queres ter unha xestión dos recursos e sacar un mínimo rendemento tes que ter unha superficie. Na costa, onde veño eu, os eucaliptos nacen ou os plantas, pero si nacen mellor porque te aforras o traballo, e dentro duns 15 anos cortas e xa está, e iso, non é xestión nin é nada, iso é coller e cortar unha cousa que naceu aí. Entón si tes unha finca de 500 metros non lle fas nada, simplemente van facendo eucaliptos, e con un cacho pequeno véndelos polo que che dean e xa está, non te preocupas de nada máis. Se tiveras unha superficie máis grande si poderías valorar: vou facer isto e vou facer o outro, me costa un pouco, pero despois xa tes un rendemento, pero ao final non vale a pena, porque ao final traer unha persoa cunha máquina xa che costa máis do que che van dar pola madeira... Entón... Iso cando tes arbolado, se non o tes, xa non te preocupas, se o que miras é que o único que che da son gastos e tes que limpalo porque o lindante che protesta ou pola lei de incendios, unha finca tan pequena que non vale para nada a xente se desentende dela e é normal que si arde non lle importe e hasta lle pareza ben porque se aforra limpala. Entón si, a estrutura da propiedade particular é un problema en Galicia porque fomenta o abandono e o pasotismo respecto aos lumes.

21. E dificulta a labor de prevención?

-Mmm... Depende da zona non te creas, agora si que che vou ser moi localista, no Morrazo todas as fincas son tres cachos cadrados de monte e teñen acceso. Hai que coñecelo. A ver, si que pode influír no feito de que como está abandonado e nunca vai ninguén, pois que os camiños se perdan, porque si non vas, para que queres un camiño... Se non te preocupas de limpar a finca, tampouco te preocupas de que o camiño estea limpo. Pero eu penso que por nada máis que por eso.

22. Que se fai dende a administración en labores de prevención? É suficiente? Efectivo? Como mellorarías a situación?

-Faise... pouco... en distribución, explícome. Na administración o que se está facendo agora mesmo en prevención é protexer os núcleos urbanos, os núcleos rurais e empeza a facerse algo na protección de vías férreas, estradas, *(neste momento córtase a gravación porque o entrevistado ten que atender unha chamada telefónica)*, [...], comunicación, pobo, infraestruturas... A administración se nos vamos ao monte está actuando naqueles nos que ten a xestión, ou sexa, sexa en propiedade que son poucos, como montes de xestión pública, é dicir, conveniados, consorcios, etc. Aí vaise facendo algo dependendo do distrito forestal e do persoal que estea o cargo, tanto técnicos como axentes, e aínda así nestes casos, no propio monte, non se actúa tanto como se debería... E volvemos un pouco ao que che dicía antes, depende tamén de cada

monte, hai montes que case non necesitan nada e hai outros que necesitan algo máis, e... Non hai moito fora de o que é a expropiación, o que son montes particulares ou montes de xestión comunais, ou que estean abandonados e que realmente están en perigo, a administración non ten moito como meterse.

-Eu... non tanto nas labores de prevención se non en cambiar moitas cousas do país, buf sáeme o país mi ma (risas), home a ver, hai que priorizar, é imposible limpar todo e protexer todo, hai que moitas veces... Bueno os núcleos si se os queres protexer, as vías de comunicación ou de escape ou de acceso, pois... é todo. Tanto facer que sexan transitables, non so que estean limpas de arbolado ou de mato aos lados, se non que estean transitables e que estean en condicións boas, e iso significa que as veces hai que limpar e as veces non. Vouche poñer un exemplo moi claro: ti moitas veces seguro que pasas por unha estrada ou por unha pista rodeada dunha fraga da ostia, é un túnel verde maravilloso e, oh que guay es precioso, ti ves vexetación... Pois realmente iso é seguro porque hai frondosas que soen ser sombrías por abaixo e non hai moito mato, ti iso, compres a rasa táboa a lei de montes e limpas 10 metros a cada lado ou 6, depende do caso, e aí empezan a saír silvas, fentos, toxos, urces... Que son especies que necesitan luz directa e que agora téñena porque se cortou todo ese arbolado, entón... Cumpriches a lei si, pero a solución é peor, co cal hai que... Labores de prevención como tal: infraestruturas, pozos, algún cortafuegos, etc.; fora diso, protexer os núcleos e ter vías de comunicación para o Estado, bo firme e ancho suficiente; e en cada caso mirar que é mellor, si limpar ou non limpar, pero que estea en boas condicións, porque as veces dáche igual que pase o lume ou non, porque o que queres é que a vía, bueno o mellor é que non pase, pero que a vía siga sendo útil para acceder os medios de extinción, de emerxencia ou para o que faga falta. Despois no que é no monte en xeral, no resto do territorio, unha boa xestión, un bo manexo do territorio en xeral, é dicir, un monte, un terreo, se queres ter un terreo natural, vale, ten a súa propia dinámica e hai que deixalo; si é un terreo agrícola hai que traballalo e si é un terreo forestal como a xestión xeral produtiva, non ten que ser madeira, de calquera cousa, tamén ten que traballarse e ten que ser rendible no sentido de que un monte que queira ser produtivo do que sexa ten que manterse economicamente a si mesmo. Ao mellor non dá ganancias, pero polo menos mira, as obras de mantemento ou as de prevención incluso saen gratis, ou sexa, o propio monte as paga, polo menos iso. Todo o final se basa no manexo e na xestión.

23. Hai algunha relación entre os incendios forestais e o cambio climático? Cal crees que é esta relación?

-Si, porque o incendio... Vamos ir ao que é o lume a nivel físico-químico. O lume é un combustible que de repente ten calor e ten oxíxeno, e o calor é tan intenso que provoca unha reacción química que provoca unha chama e empeza a arder. Entón, como afecta o cambio climático aquí? Afecta que hai menos choiva, entón o combustible está máis seco, o estar máis seco e máis probable que se produza un incendio porque incluso necesita menos calor para prenderse, para iniciarse a reacción en cadea. Inflúe en que pouco a pouco vai a provocar que a vexetación cambie a unha vexetación máis adaptada á condición secas e unha vexetación que soe ter máis aceites naturais. É a súa forma de adaptación, en vez gardar auga interna, garda aceite para que non se evapore, porque os aceites necesitan máis temperatura ambiental para evaporarse. Entón eses aceites unha vez que chega o lume a temperatura de 200 grados, arde máis facilmente. Tamén os modelos que teño mirado de cambio climático, falan de que se van a alternar épocas de moita choiva, con épocas de máis sequidade

comparativamente co que hai agora, entón claro, dentro dun entorno xeral de maior temperatura media, se cando chove, chove máis durante unha época do ano ou durante uns anos, vas ter moito crecemento da vexetación, e durante outras épocas do ano ou outros anos, esa vexetación vai estar moito máis seca, entón claro, élle moito máis fácil arder.

Bloque 5: Industria da madeira

24. Por que se fala dunha relación entre a industria da madeira e os incendios forestais en Galicia? Que opinas ti desta relación?

-Porque no pasado houboa, porque a industria se favorecía dunha situación na que había madeira barata, que valía para empregar porque era madeira que ardía un pouco, porque antigamente ardía máis raso que arbolado porque arbolado non había tanto de repoboación ou cando ardía era máis pequeno, non había tanto arbolado adulto (tanto piñeiral, carballo, eucalipto adulto) entón, exceptuando días e lugares moi malos, o arbolado cando ardía, ardía casco e pouco máis, entón o día dos lumes que ardía arbolado, ese arbolado era aproveitado pola industria, perdíase un pouco de material, encarecía un pouco o procedemento e o manexo industrial da maquinaria, pero compensábase pagándoa moito máis baixo, entón digamos que se aproveitaban dunha situación creada. Incluso pode haber algún puntual, “loco de la calavera”, que si que quixera facer iso para aproveitarse dalgunha maneira, pero de forma puntual. Había relación porque a industria durante un tempo se aproveitaba desa situación creada, sempre hai unha pequena retroalimentación, pero eu non diría que a industria provocaba os lumes directamente, se non que se aproveitaba desa situación.

25. Existe algunha relación entre a industria da madeira e a política? Como a definirías?

-Si. Haina por dúas vías: unha, a industria quere influír no lexislador, ou sexa, intenta facer os seus lobbys e como fan os do sector da minería, como fai a pesca e como fai o transporte, como todo o mundo. Iso por un lado, e por outro, en Galicia temos unha situación de oligopolio, que temos que a maioría do carto ven do eucalipto ou do piñeiro, e a maioría do piñeiro cómprao, en xeral e aínda que haxa zonas que poida variar un pouco, unha gran industria e a maioría do eucalipto cómprao outra. Non hai unha competencia real que lles anime, entón eles intentan influír para que esa situación que eles teñen de privilexio sobre o mercado se manteña ou que sexa máis grande, o cal estamos falando do que che dicía antes, que todo o mundo intenta influír, pero neste caso eles intentan influír por isto, porque hai unha situación que lles favorece de que son líderes, e como non teñen quen lles faga sombra poden facer o que lles pete.

26. Modificarías ou replantexarías a distribución arbórea de Galicia?

-Si, eu actuaría nese sentido, por un lado, facendo que... De dúas formas: unha reforma da pequena propiedade privada, é dicir, hai que buscar unha forma para que se cumpra a lei. A lei di, na lei de montes e porque así a decidiron, que a parcela mínima sexa de 15 ha. Bueno, pois se decidimos que sexa de 15ha(a parcela mínima), vamos a poñer as ferramentas para que iso sexa e vamos facelo de maneira que os propietarios forestais que hai agora sen ter que inverter e arruinarse poidan chegar a iso, a parcelas non de 15ha en 50 fincas,

unha de 15ha. (2) Despois, os plans de ordenación, que teñan un uso como os plans de ordenación urbana, é dicir, ti queres plantar? Pois aquí vamos plantar isto, isto e isto, si fas unha plantación. Si por outra banda, ti queres facer un bosque natural, déixao, as cousas hai que distinguilas. Non é o mesmo unha explotación, unha plantación ou aínda que non sexa plantación, unha zona que vas a explotar para conseguir algo, e un bosque natural, que o vas deixar tal cual. Pois en cada zona hai que manexalo dunha forma diferente e iso ten que vir reflexado na normativa, que os propietarios, dependendo do que queiran e o que queiran ter, que teñan as mesmas limitacións que unha construción dunha vivenda e a partir de aí se pode ordenar.

Bloque 6: Lexislación

27. Quen ten as competencias a nivel forestal? Paréceche isto adecuado?

-A distribución de competencias está bastante clara. O marco máis amplo pono o Estado e a partir de aí todo autonómico, e a min paréceme ben tal como está, practicamente é todo autonómico. A nivel forestal, falamos de propiamente forestal, bosques. Se queres falar de incendios, aí é máis complexo, porque un incendio aínda que vaia polo bosque é unha emerxencia, as emerxencias están definidas na Constitución como competencia municipal e moitas veces este tipo de emerxencias se escapa do nivel municipal porque ocorre nun lugar onde o Concello non ten competencias, sobre o terreo forestal e a ¿? forestal, e moitas veces o lume os Concellos dálle igual, non mira o límite municipal, entón... no tema das emerxencias a min si que me parecería mellor que fosen autonómicas. Que pasa? Que iso implica un cambio constitucional.

28. Crees que o incendio forestal en Galicia está relacionado coa política forestal? Por que?

-Si, como che dicía é igual que a industria. Hai unha política que ten uns obxectivos e ese obxectivo pasan porque o monte sexa así ou asá, o territorio sexa así ou asá e a xente poida facer isto ou o outro. E ao final iso inflúe, é dicir, se a xente mírase perseguida, mírase que non lle deixan facer o que queren ou miran incluso que a política como se contrata moita xente se hai lume e si hai lume hai carto... todo son políticas que parten de arriba e que claro que inflúen, porque inflúen no ánimo e nas accións daqueles que meten lume cando o meten intencionadamente. E tamén inflúe que as políticas... ti para xestionar o territorio tes que ter unhas políticas e unhas normas, e esas normas poden influír nos tipos de traballo que podes facer ou non, ou como facelos si nos vamos ao tema dos incendios accidentais.

29. Cales crees que son as principais políticas que loitan contra os lumes en Galicia?

-Hai as leis xenéricas de montes, como sería a lei de montes do Estado 43/2003, a lei de montes de Galicia 7/2012 e despois especificamente temos a lei de incendios de Galicia 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. Son as específicas do tema. Que pasa? Que aquí tamén tes que contar, bueno a parte da normativa máis de detalle que desenvolve as leis de montes e de incendios por vía decreto, ordes da consellería, etc., etc. ... E tamén os incendios se combaten tendo en conta a lexislación de emerxencias que tamén hai que cumprir. E bueno, despois tamén a ordenación do territorio en xeral, a lei do solo, PXOMS, a lei de paisaxe, etc. que tamén teñen certa

influencia. Pero bueno, todo ao final parte do reparto de competencias constitucionais, que quere dicir que a lexislación básica é do Estado, o Estado saca unha lei e a partir de aí todo autonómico e se mestura coas emerxencias. E as emerxencias, a non ser que sexa que se declare de grado supramunicipal, en principio é competencia municipal. Que pasa? Que aquí a Xunta empezou fai moitos anos a atallar os incendios forestais e os Concellos (asubía referíndose a que se despreocupan do tema) lávanse as mans. Xa estamos o servicios de montes da Xunta para estas cousas (ironiza), pero bueno, hai lexislación, pero...

30. Como mellorarías a situación lexislativa actual de cara a redución do número de incendios?

-A ver, se me preguntas a min, se eu agora tivera poder e poder de decisión para que aquí voten o que me de la gana nos parlamentos e nos congresos, pois si, eu primeiro de todo modificaba a competencia, de por exemplo, a forestal está ben, é dicir, o Estado marca uns mínimos nun marco moi amplo e despois autonómica e está ben porque se pode lexislar de forma máis pegada o territorio. A lexislación de emerxencias? Non so no incendio forestal, se non para todo, eu pasábaas a ser autonómicas. Despois, si, cambiaría moitas cousas das leis, tanto cousas pequenas como este artigo que onde pon “o” poña “e”, despois hai capítulos enteiros e leis enteiras que si cambiaría, iso podería... Eu cambiaría moitas cousas, pero comezando, a distribución competencial no tema de emerxencias na Constitución.

31. Que efectividade crees que teñen as políticas na conxuntura actual?

-As políticas contra incendios? Home a ver, a verdade é que van tendo eficacia, no sentido de que hai un cambio na sociedade, é dicir, están un pouco adaptadas ao cambio que está habendo na sociedade, na forma que e onde vive a xente, en como vive, pero bueno tamén parte dese éxito é a sorte porque ti podes ter todo moi ben, pero si o clima está cambiándose e crea unhas condicións que o que ía a arder 5, independentemente da causa dese lume que ao mellor, ti imaxínate... Bueno non vou a liarme, eu penso que están tendo un éxito relativo no sentido de que se meten menos lumes intencionados, pero temos que outros factores exóxenos fora da lei e da política, como o cambio climático, pódénche levar todo ao traste aínda que sexa unha vez cada dez anos.

32. Que institución ou persoas crees que deben encargarse da extinción dos incendios forestais? E da prevención?

-Eu diría que debería ser a emerxencia xeral pase de ser competencia municipal a competencia autonómica, e que deberíamos pasar dunha metomización de 17 entes forestais ou non forestais, a haber un servizo público de emerxencias da administración autonómica que pase de todas e que dentro deses propios servizos tivese unha división funcional, unha especialización de dicir, pois dentro do servizo de, vamos chamarlle servizo galego de emerxencias, pois habería salvamento marítimo, bombeiros urbanos, bombeiros rurais, servizo de emerxencias marítimas, servicios de escapes de gases... Para min o ideal sería iso, un servizo de emerxencias autonómico, público por suposto, con empregados públicos e que dentro houbera as divisións funcionais e especialidades, pero a nivel profesional e dentro do servizo. É dicir, por poñerche un exemplo: hai lume forestal, veñen os bombeiros rurais ou a división

rural por así chamalo, o forestal dese servicio de emerxencias o atendería ata que de repente chega a autovía e arde un camión que leva non sei que produtos químicos, eu que sei, polioles, pois habería que chamar aos de incendios químicos porque eles saben o que hai que facer.

-En prevención... Pois a nivel de organismos que se ocupasen... Todo depende do xestor, de quen xestione o monte, quero dicir, a administración autonómica pode actuar nos terreos que ten competencia, xestión ou propiedade. Pode incluso como agora, establecer dentro das súas propias competencias de ordenación do territorio: “tédeme limpo as veiras dos pobos, pero ao final todo fora diso todo depende do xestor do territorio e do propietario.

33. Crees que debería entrar a administración na prevención dos propietarios expropiándolle un pouco a súa responsabilidade?

-Eu penso que máis... Non a ver, unha cousa é que o que faga sexa subvencionar, unha subvención encuberta que pode ser: mira, eu límpocho a este prezo ou fágoche este tal, a cambio ti non plantas nada, é dicir, ti tes a propiedade, a Xunta como estás en tal zona límpocho para non arda, para que non chegue o lume aos pobos e as estradas, e desenténdeste pero nunca perdes a propiedade. E que ao final non atallas o problema, e un parche sobre parche sobre parche, como temos agora. En vez de facer o parche que temos agora así, poñer outro parche asá. E entón eu creo que todo pasa sempre por mellorar a xestión e o manexo do territorio.

34. Poderíasme dicir o teu grado de “a favor” ou “en contra” das seguintes medidas, sendo 1 moi en contra e 5 moi a favor? Podes razoar a túa resposta. Engadirías algunha?

- a) Prohibición de prender lume en todo tipo de espazos abertos **hai que definir o que é un espazo aberto, eu son máis partidario de dependendo o tipo de espazo, definir se se pode non se pode ou como se pode. Ser máis precisos nese tema, unha normativa clara. Se é nun área recreativa que teña estas condicións e estes equipo si, nun campo agrícola que se queiman restos agrícolas con estas condicións, nunha zona forestal con estas condicións de clima e da zona. Que todo sexa ben claro e que estea ben coñecido (3)**
- b) Limitar o tránsito de persoas nalgunhas zonas do monte **(2) eu non son partidario de delimitar moito, dígoche un 2 porque eu soamente limitaría mentres hai emerxencias e lumes. Fora diso, ti estas expulsando á xente do monte e moitas xente lle parece mal, e penso que aí debería ser unha cousa máis inclusiva**
- c) Impedir o uso de vehículos de motor en zonas forestais **(2) o mesmo, daríache un 2, depende de que tipo de vía, que tipo de terreo forestal e... Limitacións xenéricas non habendo lumes eu poñería poucas**
- d) Prohibición de fumar no monte/campo **(3) nin fu nin fa, porque tanto da que o prohibas se non podes averiguar se fumas ou non fumas nin vai valer de nada**
- e) Endurecer as leis por delitos medioambientais **(4) por dúas razóns, porque hai dúbidas xurídicas de que se poida facer porque din: non, non pode ser que estean máis castigados**

certos tipos de lumes que certo tipo de asasinato ou homicidio, niso os xuristas están moi en contra. Por outro lado, hai algúns dos que poderían ser condenados, dos teóricos reos ou da xente que si lle importa un carallo, impórtalles nada se vai ir o cárcere ou non. Válo mo deixar nun 4 porque hai dúbidas xurídicas de que iso poida ser aínda que eu sexa da opinión de que si, e porque na maioría dos casos non lle vai importar un carallo.

- f) Limitar o número de especies a plantar (3) limitar no, diríache un 3 porque máis que limitar sería ordenar, deixar as cousas claras, definir o que se pode, non tanto limitar como dar instrucións, que a xente teña ferramentas máis flexibles.

Pois índonos á prevención, facer que a xente queira o territorio, cultura do territorio e que lle saque rendemento. Se o queres porque che emociona ver un carballo pois de puta madre, se o queres porque che entran cartos no peto pois de puta madre, pero que o queiras dalgunha forma, porque si o queres valo coidar. Buscar as ferramentas para que a xente sinta como propio e non queira facerlle dano, nin queira que os outros lle fagan dano.

Bloque 7: Problemas que xeran

35. Que problemas xeran os incendios forestais? Como os clasificarías?

-Problemas, pois a ver. Problemas humanos, máis alá da afectación de que a xente teña problemas sociais, veciñais e familiares polo tema do lume, pois os danos que causa: feridos, mortos no peor dos casos, ese é o primeiro problema. Despois o que causa cando a causa arde moito e se desmadra o problema xa é forestal. Hai un problema medioambiental, de biodiversidade, de gases da atmosfera, CO₂, o chan que se ve afectado, cando se ve afectado o chan fértil surxen problemas de que o ecosistema non se recupera (*a entrevista tense que deter neste intre porque o suxeito ten que atender unha chamada*) a non ser que se vaia urbanizar... Ti se queres darlle un uso forestal ou agrícola, se perdes o solo perdes a capacidade de todo. Aí poden nacer catro silvas, catro fentos e nada máis. Pérdese calidade. Se despois queres dar un uso natural dese terreo non podes, perdes o substrato.

36. Crees que estes problemas están afrontados de maneira axeitada?

-Non... Aquí hai moito salto de mata ou moito parche puntual para tema puntual ou parche para quedar ben, pero a nivel global... Pf, eu penso que non.

37. Mellorarías a lexislación que afronta os problemas xerados polos incendios forestais? De que maneira?

-E que ao final todo parte do mesmo, o manexo do territorio, por dicir un termo moi xenérico. Chego ao menos razoamento de antes, se a xente valora o que ten pois coida máis, tanto persoalmente como de cara a unha "presión social" de que non se mira con bos ollos ou que non lle da igual. Simplemente xa non lle da igual, lle preocupa ese terreo, esa propiedade, ese monte polo que sexa, porque lle doe nos cartos, porque lle doe no corazón ou porque lle molesta o fume nos pulmóns cando arde... Pero por algunha das razóns ou vías, se a xente está de acordo en manexar o terreo, dunha forma máis propia pois melloraremos. Unha vez que haxa ese sentimento, pois as accións pouco a pouco. Tamén cada zona ten as súas peculiaridades.

38. E para rematar, gustaríache comentar algo que crees que nesta entrevista non se tratou ou que non se falou en profundidade?

-Recalcar o manexo do territorio e algo que para min é unha opinión persoalísima, a mellor forma é facer unha reforma da estrutura da propiedade forestal en Galicia, así como se fixo da estrutura agraria nos anos 20, facer o que nunca se fixo ou quedou a medias naquel tempo, que é poñerse de verdade a acoutar como queremos que sexa a propiedade forestal privada en Galicia.

Anexo 7: Cronograma

Ilustración 6: Cronograma

N. Actividad	Inicio	Final
Revisión Anteproyecto	04/08/2018	15/08/2018
Elaboración Marco Teórico	16/08/2018	19/09/2018
Revisión Marco Teórico	20/09/2018	05/10/2018
Elaboración de la metodología	06/10/2018	25/10/2018
Realización de entrevistas	26/10/2018	05/11/2018
Transcripción de entrevistas	06/11/2018	18/11/2018
Redacción de la metodología	19/11/2018	25/11/2018
Análisis de las entrevistas	26/11/2018	09/12/2018
Análisis de políticas públicas	10/12/2018	20/12/2018
Redacción del análisis	21/12/2018	28/12/2018
Redacción de conclusiones	29/12/2018	06/01/2019
Elaboración del primer borrador completo	07/01/2019	10/01/2019
Corrección del primer borrador	11/01/2019	24/01/2019
Elaboración borrador definitivo	25/01/2019	30/01/2019
Entrega TFG	01/02/2019	01/02/2019

Fonte: Elaboración propia